O Turismo na praia das Catedrais

Monografías do IBADER - Serie Biodiversidade

Juan Mario Crecente Maseda
Mónica Carballo Neira
Rubén Santiago Tojo
Gonzalo Álvarez Seoane



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

O turismo na praia das Catedrais

Autores: Juan Mario Crecente Maseda, Mónica Carballo Neira, Rubén Santiago Tojo, Gonzalo Álvarez Seoane.

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:

Crecente Maseda, J.M., Carballo Neira, M., CSantiago Tojo, R., Álvarez Seoane, G. (2016). O turismo na praia das Catedrais. Monografías do Ibader - Serie Biodiversidade. Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

Esta publicación foi sometida a un proceso de revisión por pares.

Deseño e Maquetación:

Crecente asociados

IBADER

ISSN edición dixital: 1988-8341

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

http://www.ibader.gal


info@ibader.gal

Agradecementos: Ibader, Gau Arquitectura e Urbanismo, Concello de Ribadeo, Axencia de Turismo de Galicia, Office of Public Works, Brú na Bóinne, Rubén Mosquera Carreira



O turismo na praia das Catedrais

Juan Mario Crecente Maseda
Mónica Carballo Neira
Rubén Santiago Tojo
Gonzalo Álvarez Seoane



Monografías do IBADER - Serie Biodiversidade
Lugo 2016

Monografías do IBADER

Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Temática e alcance

O Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) é un instituto mixto universitario, situado na cidade de Lugo e conformado pola Universidade de Santiago de Compostela, as Consellerías da Xunta de Galicia con competencias en Medio Ambiente e Medio Rual e a Deputación de Lugo.

Unha das actividades do IBADER é a publicación e difusión de información científica e técnica sobre o medio rural desde unha perspectiva pluridisciplinar. Con este obxectivo publícanse a revista Recursos Rurais e as Monografías do IBADER, espazos orientados a fortalecer as sinerxías entre colectivos vinculados ao I+D+I no ámbito da conservación e xestión da Biodiversidade e do Medio Ambiente nos espacios rurais e nas áreas protexidas, os Sistemas de Produción Agrícola, Gandeira, Forestal e a Planificación do Territorio, tendentes a propiciar o Desenvolvemento Sostible dos recursos naturais.

A Revista científico-técnica Recursos Rurais publica artigos, revisións, notas de investigación e reseñas bibliográficas. A revista inclúe unha Serie Cursos, que publica os resultados de reunións, seminarios e xornadas técnicas ou de divulgación. As Monografías do IBADER divulgan traballos de investigación de maior entidade, manuais e textos de apoio a docencia ou investigación e obras de divulgación científico-técnica.

A revista Recursos Rurais atópase incluída na publicación dixital Unerevistas da UNE (Unión de Editoriales Universitarias Españolas) e na actualidade inclúese nas seguintes bases de datos especializadas: CIRBIC, Dialnet, ICYT (CSISC), Latindex, Rebiun e REDIB.

Política de revisión

Todos os traballos publicados polo IBADER, deben ser orixinais. Os traballos presentados serán sometidos á avaliación confidencial de dous expertos anónimos designados polo Comité Editorial, que poderá considerar tamén a elección de revisores suxeridos polo propio autor. Nos casos de discrepancia recorrerase á intervención dun terceiro avaliador. Finalmente corresponderá ao Comité Editorial a decisión sobre a aceptación do traballo. Caso dos avaliadores propoñeren modificacións na redacción do orixinal, será de responsabilidade do equipo editorial -unha vez informado o autor- o seguimento do proceso de reelaboración do traballo. Caso de non ser aceptado para a súa edición, o orixinal será devolto ao seu autor, xunto cos ditames emitidos polos avaliadores. En calquera caso, os orixinais que non se suxeiten ás seguintes normas técnicas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección, antes do seu envío aos avaliadores.

IBADER
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Universitario s/n
E 27002 Lugo, Galicia (España)

Tfno 982 824500
Fax 982 824501

http://www.ibader.gal
info@ibader.gal



ÍNDICE

LIMIAR

O equipo formado por Crecente Asociados, Gau Arquitectura e Urbanismo e Ibader resultou adxudicatario do concurso de redacción do Plan Especial de Protección das Catedrais, promovido polo Concello de Ribadeo. Se ben o estudo do fenómeno turístico non é unha das liñas de análise que recolle o devandito Plan, de carácter eminentemente urbanístico e ambiental, a necesidade de dar solución aos problemas derivados da presión que exercen os visitantes, motivou a decisión de emprender un estudo paralelo sobre a actividade turística na Praia das Catedrais.

Preténdese con dito estudo, analizar o actividade turística na Praia das Catedrais, como un caso singular. A súa complexidade reside no crecemento que experimentou a demanda turística nos últimos anos, orixinando unha alta concentración de visitantes nunha superficie reducida, e de salientable valor ambiental.

A tal fin, analízanse a oferta e a demanda turística a diferentes escalas (xeodestino, concello, parroquia) a partir da información dispoñible no Instituto Nacional de Estatística, no Instituto Galego de Estatística, na Axencia de Turismo de Galicia, no portal turístico do Concello de Ribadeo e na Oficina de Atención ao Peregrino. Ademais ofrécese unha aproximación ao número de visitantes que recibiron o Monumento Natural e a Praia das Catedrais en 2015. Para este cálculo manexáronse datos do Instituto Nacional de Estatística, da Axencia de Turismo de Galicia, do Concello de Ribadeo, da ocupación nun aloxamento turístico de referencia no municipio, de visitantes a un museo próximo, e de 5 mostraxes realizadas polo equipo redactor. Como complemento, inclúese unha previsión de visitantes para o período 2016-2020 e unha hipótese sobre a data na que se acadará o millón de visitantes anuais, tanto na Praia como no Monumento Natural.

A continuación estúdanse as estratexias de promoción e comercialización, atendendo á evolución do papel da praia das Catedrais como icona de Ribadeo e da Mariña Lucense, para comprender o proceso polo cal o Monumento se converteu no foco de atracción que é hoxe en día. O informe complétase coa presentación dunha serie de casos de referencia do panorama internacional que, polas súas características e pola súa xestión de fluxos turísticos, permiten extraer propostas indicativas sobre posibles estratexias futuras de ordenación da visita. No Anexo inclúese unha aproximación ao perfil do visitante, elaborada en base a enquisas realizadas polo equipo redactor.

Como resultado do estudo antedito, preséntanse unha serie de conclusións que a día de hoxe, resumen as características do Monumento Natural, como fenómeno turístico.

INTRODUCIÓN

Segundo a Organización Mundial do Turismo[1] (OMT-WTO-UNWTO) definimos o turismo como "*o conxunto de actividades que realizan as persoas durante as súas viaxes e estancias en lugares distintos ao entorno cotiá, por un período de tempo consecutivo inferior a un ano, con fins de ocio, negocio e outros motivos non lucrativos*". Desta definición despréndese que dúas son as condicións que definen o turismo: desprazamento e pernoita. Se non se produce a confluencia de ditos factores, estaremos ante visitantes e non ante turistas.

De acordo aos últimos datos recollidos no barómetro da OMT[2], en 2015 rexistráronse 1.184 millóns de chegadas de turistas internacionais, que xeraron uns ingresos de 1.232 millóns de dólares. Atendendo a datos da Organización Mundial do Comercio[3], o sector representa o 30% das exportacións de servizos e o 7% das exportacións totais, sendo a terceira industria mundial en exportacións, só por detrás do combustible e os produtos químicos.

Unha aproximación ao impacto do turismo en espazos naturais a nivel europeo atópase nun estudo elaborado por *Bio Intelligence Service* (2011)[4], que cifra o número de visitas a lugares da Rede Natura 2000 durante 2006 entre os 1.200 e os 2.200 millóns, cun gasto total de entre 50.000 e 90.000 millóns de euros. Polo esforzo que realiza para conxugar desenvolvemento turístico e Patrimonio Natural, merece unha especial referencia a Carta Europea de Turismo Sostible (CETS), concedida pola Federación Europarc e definida[5] como "unha ferramenta de xestión que axuda ás áreas protexidas á mellora continua no desenvolvemento e xestión sostible do turismo, atendendo ás necesidades do medio ambiente, a poboación local e ás empresas turísticas locais".

---

[1] Organización Mundial do Turismo (1991). "Conferencia Internacional de Estadísticas de Turismo y Viajes", Ottawa, Canadá.

[2] Organización Mundial do Turismo (2016). Exports form international tourism rise in 2015. World Tourism Barometer, Vol. 14. Recuperado de http://cf.cdn.unwto.org/sites/all/files/pdf/unwto_barom16_03_may_excerpt_.pdf [Consultado o 13 de xullo 2016].

[3] Organización Mundial del Turismo (2016). Las exportaciones del turismo internacional crecen un 4% en 2015. [online] Recuperado de: http://media.unwto.org/es/press-release/2016-05-03/las-exportaciones-del-turismo-internacional-crecen-un-4-en-2015 [Consultado o 13 de xullo 2016].

[4] Bio Intelligence Service (2011). Estimating the economic value of the benefits provided by the tourism/recreation and Employment supported by Natura 2000, Final Report prepared for European Comission-DG Environment. [online]. Recuperado de http://ec.europa.eu/environment/nature/natura2000/financing/docs/Estimating_economic_value.pdf pdf [Consultado o 13 de xullo 2016].

[5] Europarc Federation (2012). What does European Charter for sustainable tourism in protected areas mean in numbers?. [online] Recuperado de: http://www.europarc.org/wp-content/uploads/2015/02/Appendix-2-Charter-in-numbers-Infographic-WP1.pdf [Consultado o 13 de xullo 2016].

A nivel nacional, o documento de referencia é o *Plan sectorial de turismo de natureza e biodiversidade 2014-2020*[6], que ten por obxecto o "impulso e promoción dun turismo de natureza en España, como actividade económica xeradora de ingresos e emprego, que poña en valor a biodiversidade, asegurando a correcta conservación dos valores naturais do territorio e contribuíndo á súa utilización sostible". Os estudos sobre a demanda deste tipo de turismo en España son limitados, sendo as principais referencias o Plan Nacional e Integral de Turismo, que estima en 35 millóns as pernoitas anuais asociadas a turismo de natureza (como se cita no antedito Plan sectorial) e o estudo de Turismo de Montaña[7], segundo o cal en 2007 foron 570.500 os turistas de montaña internacionais que recibiu o noso país.

En Galicia, de acordo ao Plan Integral de Turismo[8] mais do 12% do territorio da nosa Comunidade Autónoma atópase protexido. Segundo esta mesma fonte, un 30,8% dos turistas estivais que nos visitaron en 2010, acudiron ás nosas reservas naturais e parques, mentres que un 19,2% realizou actividades de sendeirismo ou montañismo. O aspecto mais valorado polo conxunto dos turistas estivais de 2010 foi a paisaxe, seguida das praias, ambos elementos asociados á natureza.

Pese á súa capacidade xeradora de ingresos e emprego, o turismo ten impactos positivos e negativos nos planos socioeconómico, cultural e ambiental para os territorios sobre os que se asenta. Centrándonos no aspecto ambiental, o efecto negativo mais visible é a gran cantidade de solo consumido polas infraestruturas de transporte, comunicación e acollida que son precisas para soportar a demanda. A dotación de instalacións e servizos leva aparellado un incremento do consumo de auga e enerxía e un aumento da contaminación. Ademais da contaminación atmosférica e visual, a contaminación acústica pode repercutir moi negativamente sobre a flora e a fauna autóctonas, co conseguinte risco de perda da biodiversidade. Estes problemas vense acentuados polo feito de que a miúdo os espazos naturais están afastados dos núcleos urbanos, o que dificulta por parte das administracións locais a xestión dos residuos e a depuración de augas.

Faise imprescindible atopar un equilibrio entre turismo e conservación. Neste punto xorden conceptos como a "capacidade de carga" e a "capacidade de acollida", en constante evolución nas últimas décadas, da man da crecente preocupación polo desenvolvemento sostible. De acordo co Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (citado por Pérez 2003) a capacidade de acollida é "o número máximo de persoas que poden visitar ao tempo un lugar turístico, sen danar o medio físico, económico ou sociocultural, e sen reducir de maneira inaceptable a calidade da experiencia recreativa". Habería que empregar a expresión capacidade de carga,

[6] Real Decreto 416/2014, de 6 de junio, por el que se aprueba el Plan sectorial de turismo de naturaleza y biodiversidad 2014-2020. (BOE núm.147, 18 de xuño de 2014).
[7] Instituto de Turismo de España (2009) Estudio de Productos Turísticos: Turismo de Montaña.[online].
[8] Axencia de Turismo de Galicia (2014). Plan Integral de Turismo de Galicia. online]. Recuperado de https://issuu.com/turismodegalicia/docs/pitg_detallado_2014_03_05 [Consultado o 13 de xullo 2016].

tradución literal do inglés *carrying capacity* para a medida en relación co medio físico ou o soporte, e reservar o termo capacidade de acollida, cada vez máis empregado, para introducir a demanda social (Richez 2006: 76).

Entre as figuras de protección dos espazos naturais, salienta o caso das Reservas de Biosfera, que naceron precisamente para dar resposta á pregunta de como conciliar conservación da biodiversidade e desenvolvemento económico e social. A Praia das Catedrais enmárcase dentro da Reserva de Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón declarada en 2007 e que abrangue 159.379 ha, distribuídas entre as provincias de Lugo e Asturias.

Nos últimos anos, tal e como analiza o presente artigo, o número de visitantes na Praia das Catedrais experimentou un forte aumento, converténdose nunha das iconas turísticas de Galicia e do norte peninsular. Esta situación levou á Xunta de Galicia a fixar a partir de 2015 un límite máximo diario de visitantes para os meses estivais e Semana Santa, establecendo ao mesmo tempo un sistema de reserva previa. O alto grao de demanda, a reducida superficie do areal e a súa singularidade paisaxística e ambiental motivan a elaboración do estudo que a continuación se presenta.

ÁMBITO DE ESTUDO

O presente artigo toma como ámbito de estudo A Praia das Catedrais, localizada no nordeste da provincia de Lugo, no termo municipal de Ribadeo, na parroquia da Devesa.



Fig.1. Localización da praia das Catedrais, a diferentes escalas territoriais: Provincia de Lugo, concello de Ribadeo e parroquia de A Devesa. Fonte: Elaboración propia

Os datos xerais de oferta e demanda turística están presentados a diversas escalas xeográficas, que van desde o xeodestino turístico Mariña Lucense, ata chegar o ámbito do municipio, e da parroquia.

Para o estudo da demanda e a estimación de visitantes efectuado por Crecente Asociados, o ámbito de estudo diferenza entre visitantes ao Monumento Natural e visitantes á praia das Catedrais. Este ámbito de estudo é diferente ao do territorio sobre o que se desenvolve o Plan Especial de Protección das Catedrais, promovido polo Concello de Ribadeo, tal e como amosa a seguinte figura.




Fig.2. Localización da praia das Catedrais e da delimitación do Plan especial de Protección, segundo o PXOM de Ribadeo. Sobre fotografía aérea

1. LOCALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE

Neste apartado farase unha breve introdución aos xeodestinos turísticos para a continuación analizar o caso do concello de Ribadeo e da parroquia da Devesa, na que se atopa a Praia das Catedrais.

1.1. XEODESTINO TURÍSTICO MARIÑA LUCENSE

A estratexia autonómica de promoción turística xira desde o ano 2011 en torno á figura dos xeodestinos turísticos. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia, define este concepto no seu artigo 23 do seguinte modo:

> *1. Para os efectos desta lei, enténdese por xeodestinos turísticos as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.*
>
> *2. A consellaría competente en materia de turismo, no exercicio das súas competencias de planificación, ordenación e fomento da actividade turística, poderá definir e crear denominacións de xeodestinos turísticos, por proposta do órgano directivo competente en materia de turismo, que terá en conta as especiais características do territorio afectado pola denominación, as infraestruturas turísticas existentes e os seus recursos turísticos, así como o seu potencial desenvolvemento en produtos ou segmentos turísticos altamente competitivos e calquera outra circunstancia que se determine regulamentariamente.*
>
> *3. Con carácter previo á definición e creación da denominación de xeodestino, a consellaría competente en materia de turismo consultará esta proposta cos concellos e coas entidades supramunicipais interesadas.*
>
> *4. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, logo da súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.*

O 30 de novembro do 2011 fíxose público o mapa de xeodestinos de Galicia, quedando dividido o territorio en 14 áreas, algunhas das cales se subdividen á súa vez en diversas subáreas. Desde a perspectiva da estratexia de promoción da Axencia de Turismo de Galicia, Ribadeo forma parte do xeodestino Mariña Lucense.

Mapa de xeodestinos turísticos de Galicia




Fig. 3. Mapa coa distribución dos xeodestinos turísticos de Galicia, segundo a Axencia de Turismo de Galicia. Destacado, en azul, a Mariña Lucense. Fonte: Axencia de Turismo de Galicia

Ademais de Ribadeo, pertencen ao xeodestino turístico Mariña Lucense os concellos de O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz e Barreiros (na costa) e os municipios de Ourol, O Valadouro, Alfoz, Mondoñedo, Trabada, Lourenzá e A Pontenova (no interior).

Mapa do xeodestino turístico Mariña Lucense



Fig.4. Mapa coa distribución dos concellos presentes no xeodestino turístico da Mariña Lucense. Fonte: Elaboración propia a partir da Axencia de Turismo de Galicia

Da análise dos datos municipais dispoñibles na páxina web do Instituto Galego de Estatística, despréndese que o xeodestino abrangue unha superficie total de 1.399,5km², sendo Ribadeo o sexto concello en extensión (por detrás de Mondoñedo, Ourol, A Pontenova, O Valadouro e Viveiro).

Superficie do xeodestino Mariña Lucense por municipios (2015)




Fig.5. Mapa coa indicación da extensión dos concellos do Xeodestino Mariña Lucense. *Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística*

Atendendo a esta mesma fonte, a poboación total do xeodestino é de 72.510 habitantes, salientando os municipios de Viveiro (15.735 habitantes), Ribadeo (9.929), Foz (9.891) e Burela (9.580) como principais centros de poboación.

Habitantes do xeodestino Mariña Lucense por municipios (2015)




Fig.6. Mapa coa indicación da extensión dos municipios do Xeodestino Mariña Lucense. *Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística*

Atendendo á distribución das afiliacións en alta laboral á Seguridade Social por sectores, a Mariña Lucense é un xeodestino no que predomina o sector servizos (64% das afiliacións), seguido pola industria (15%) e a agricultura e a pesca (12%) e a construción (9%).

Afiliacións en alta laboral por sectores no xeodestino Mariña Lucense (2015)




Fig.7. Gráfico comparativo das distintas altas laborais por sectores, na área de A Mariña Lucense. *Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística*

Os concellos máis poboados son precisamente os que presentan unha maior terciarización da súa economía, salientando o caso de Ribadeo, onde un 74% das afiliacións correspóndese co sector servizos, tal e como recolle a seguinte táboa.

Afiliacións en alta laboral por sectores e municipios no xeodestino (2015)

	Afiliacións alta laboral	Agricultura e pesca	%	Industria	%	Construción	%	Servizos	%
Alfoz	645	109	17%	116	18%	63	10%	354	55%
Barreiros	1.045	165	16%	99	9%	108	10%	672	64%
Burela	3.624	427	12%	462	13%	280	08%	2451	68%
Cervo	1.563	132	8%	376	24%	118	08%	936	60%
Foz	3.421	231	7%	482	14%	391	11%	2310	68%
Lourenzá	840	164	20%	130	15%	80	10%	464	55%
Mondoñedo	1.357	239	18%	194	14%	144	11%	779	57%
Ourol	272	68	25%	37	14%	26	10%	139	51%
A Pontenova	870	123	14%	120	14%	109	13%	512	59%
Trabada	426	162	38%	60	14%	23	5%	180	42%
O Valadouro	688	98	14%	97	14%	78	11%	415	60%
O Vicedo,	501	101	20%	68	14%	55	11%	274	55%
Ribadeo	3.058	311	10%	232	08%	253	8%	2.254	74%
Viveiro	5.188	552	11%	830	16%	393	8%	3.406	66%
Xove	1.215	190	16%	247	20%	97	8%	680	56%
TOTAL	**24713**	**3072**	12%	**3660**	15%	**2218**	9%	**15826**	64%

Fig.8. Táboa cos valores de comparación por concello das altas laborais nos distintos sectores. Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística

1.2. MUNICIPIO DE RIBADEO

O municipio de Ribadeo sitúase no extremo nororiental de Galicia, no xeodestino turístico Mariña Lucense. Limita ao norte co Mar Cantábrico, ao leste coa Ría de Ribadeo e Asturias, ao oeste co municipio de Barreiros e ao sur co de Trabada.

A poboación de Ribadeo é de 9.929 habitantes (INE, 2015). Tal e como amosa o seguinte gráfico, no último ano esta cifra caeu lixeiramente tras ter superado en 2014 a barreira dos 10.000 habitantes.

Poboación en Ribadeo (2000-2015)




Fig.9. Gráfico representativo da evolución da poboación no concello de Ribadeo entre 2000-2015. Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística

O concello de Ribadeo divídese en 12 parroquias, das cales a máis poboada é o centro urbano de Santa María de Ribadeo, con 6.781 habitantes, o 68% do total municipal. A segunda máis poboada é a da Devesa, parroquia onde se atopa a Praia das Catedrais.

Mapa parroquial de Ribadeo




Fig.10. Plano topográfico das parroquias do concello de Ribadeo. Fonte: Ribadeo.gal

1.3. PARROQUIA DA DEVESA

A parroquia da Devesa sitúase no extremo noroeste do concello, limitando ao norte co Mar Cantábrico, ao oeste co concello de Barreiros, ao nordeste coa parroquia de Rinlo, ao leste coas de Vilaframil e Covelas e ao sur coa parroquia de Arante.

A súa extensión é de 20,74 km², sendo a parroquia de maior superficie do concello. Cun total de 505 habitantes, é a segunda parroquia en termos de poboación, só superada por Santa María de Ribadeo. A súa densidade de poboación é de 24,3habitantes/km².

A poboación repártese nas entidades de Cinxe (67 habitantes), Liñeiro (abandonado), Meirengos (35), Noceda (35), A Pedreira (25), O Rato (94), A Rochela (82), Vilagoíz (61), Vilandriz (78), Barrio Novo (9) e O Barral (19).

Non obstante, ao igual que sucede co resto de parroquias salvo o centro urbano, a poboación da parroquia da Devesa segue en descenso constante desde hai anos, tendo perdido na última década mais de 100 habitantes. Trátase dun descenso poboacional do 18% en tan só unha década.

Poboación da parroquia da Devesa (2005-2015)




Fig.11. Gráfico coa evolución da poboación na parroquia da Devesa (2005-2015). Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística

1.4. ACCESIBILIDADE

No entorno de Ribadeo existen varios **aeroportos** que ofrecen conexións aéreas con destinos nacionais e internacionais. A continuación amósanse os aeroportos máis próximos, indicando a súa distancia por estrada coa Praia das Catedrais e os destinos cos que ditos aeroportos teñen conexións.

AEROPORTO	DISTANCIA	DESTINOS
Asturias	103 km	Alacante - Barcelona - Madrid - Málaga - Lanzarote - Palma de Mallorca - Sevilla - Tenerife Norte - Valencia París - Lisboa - Londres
A Coruña	141 km	Madrid - Sevilla - Bilbao - Barcelona - Londres - Lisboa
Santiago	154 km	Madrid - Barcelona - Bilbao - Málaga - Sevilla - Valencia - Alacante - Almería - Fuerteventura - Gran Canaria - Tenerife Norte - Tenerife Sur- Lanzarote - Ibiza - Menorca - Palma de Mallorca -Londres - Estambul - Roma - Xenebra - Francfórt - Basel-Mulhouse - Zúrich

Fig.12. Táboa cos aeroportos sitos ó redor de Ribadeo, indicando os seus principais destinos. Fonte: Elaboración propia a partir de www.aena.es (consultado 25 de febreiro de 2016)

Nos últimos tempos o Concello de Ribadeo tenta fomentar o transporte aéreo ao municipio, como amosa o convenio firmado coa aeroliña Iberia polo que se ofrecían descontos do 15% aos pasaxeiros que voasen aos aeroportos de Santiago, A Coruña e Asturias entre o 5 e o 17 de xullo de 2015 para asistir á festa de Ribadeo Indiano.

Especial mención merece o **aeródromo privado de Vilaframil**, localizado a 500 m da costa cantábrica, a 3 km do núcleo urbano de Ribadeo e a 6 km da praia das Catedrais. Atópase a unha altitude de 23 m e as dimensións das súas pistas son de 1000m x 20m (pista de asfalto) e de 1000m x 30m (pista de herba)[9]. As instalacións son propiedade da familia Del Pino que cedeu a súa xestión ao Club Aéreo de Ribadeo durante 25 anos por un prezo simbólico dunha peseta ao ano. Actualmente o aeródromo ten arredor de 20 socios, que pagan unha cota de 35 €/mes. O devandito contrato de aluguer rematará en 2017, descoñecéndose polo momento o futuro das instalacións.



Fig.13. Localización do aeródromo de Vilaframil, en relación coa Praia das Catedrais e o concello de Ribadeo. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.


[9] http://www.clubaereoribadeo.com/

Ribadeo é tamén accesible por tren. A liña de **ferrocarril** de vía estreita opera principalmente no ámbito xeográfico do Cantábrico, conectando Ferrol e o País Vasco. No municipio de Ribadeo hai paradas en Esteiro (o máis próximo á praia das Catedrais), Os Castros, Rinlo e Ribadeo. Na seguinte táboa recóllense os horarios indicativos de parada no municipio.

PROCEDENCIA	FRECUENCIA	HORARIOS DE PASO (RIBADEO)
Ferrol	Diario	| 12:25 | 13:53 | 18:37 | 22:15 |
Asturias	Diario	| 11:29 | 18:36 |

Fig.14. Horarios da liña de ferrocarril ó seu paso por Ribadeo. Fonte: Elaboración propia a partir de http://www.renfe.com/viajeros/feve/

Reprodúcense a continuación dous fragmentos do mapa do IGN: 1:50.000 de 1944 no que se pode apreciar a construción da liña ferroviaria e unha imaxe actual do apeadeiro de Esteiro.








Fig.15. Imaxes de dous detalles do mapa 1:50.000 do IGN, coa representación da rede de ferrocarril ó seu paso polo concello. Abaixo, fotografía do apeadeiro de Esteiro. Fonte: Imaxe Crecente Asociados.

Ademais do FEVE, Ribadeo chegou a contar cunha liña de vía métrica de máis de 33km que conectaba as minas de Vilaoudriz (A Pontenova) co embarcadoiro de Porto Estreito (Ribadeo) e que tiña apeadeiros intermedios en San Tirso, Abres, Porto-Vega e Porto.

A concesión do ferrocarril foi outorgada en 1901 e as súas obras desenvolvéronse baixo a dirección do enxeñeiro José Ponte. Tras a súa inauguración en 1903 o tren dedicábase exclusivamente ao transporte de minerais, pero en 1905 foi posto en marcha o servizo de transporte de viaxeiros. Nesa data o cargadeiro xa funcionaba a pleno rendemento e mantiña tráfico de minerais cos portos de Rotterdam, Ardrossan, Swansea, Bayona, Newport e Middlesborough. De acordo á fonte manexada[10], entre agosto e decembro de 1905 viaxaron un total de 14.576 pasaxeiros.

As consecuencias da Primeira Guerra Mundial e da Guerra Civil así como a construción da liña Ferrol-Gijón nos anos 30 e a competencia que supoñían as liñas de autobús e camións repercutiron negativamente no futuro deste ferrocarril que, tras diversos altibaixos, quedaría oficialmente clausurado en 1965.

No seguinte plano antigo de Ribadeo, pódese observar o trazado desta vía.







Fig.16. Plano de Ribadeo coa liña de ferrocarril creada ata o porto e imaxes históricas. Fonte: Imaxes tomadas da Revista Vía Libre (Fundación dos Ferrocarrís Españois)

[10] http://www.vialibre-ffe.com/noticias.asp?not=1139&cs=hist

En relación ao transporte por **autobús**, cómpre sinalar que Ribadeo conta cunha estación de autobuses na Avenida Rosalía de Castro, na que operan dúas compañías e que conecta o municipio cos seguintes destinos.

COMPAÑÍA	DESTINOS
Alsa	Madrid - Barcelona - Granada
Arriva	Viveiro - Lugo

Fig.17. Destinos por compañías de autobús dende Ribadeo. Fonte: Elaboración propia a partir de http://turismo.ribadeo.gal/ www.alsa.es e www.arriva.gal

Nos meses de verán ofértase un servizo de transporte en autobús á Praia das Catedrais. O tícket inclúe o acceso directo á Praia, sen necesidade de efectuar a reserva previa, e ten un custe de 2€ (1€ para menores de 12 anos). Os horarios adáptanse ás mareas e o itinerario é o seguinte: Oficina de Turismo de Ribadeo – Rúa Virxe do Camiño – Estación de autobuses – Praia dos Castros/Illas – Praia de Esteiro – Praia das Catedrais.





Fig.18. Localización da estación de autobuses en relación coa Praia das Catedrais, sobre fotografía aérea, e imaxe da táboas de horarios do Bus Praia das Catedrais. Fonte: Imaxes Crecente Asociados.

En relación á conectividade por mar, especial mención merece o **porto deportivo** de Porcillán, con 900 socios e 641 amarres, 28 dos cales están reservados para tránsitos, segundo consta na páxina web de Turismo de Ribadeo. Desde aquí pódense alugar embarcacións, así como gozar de paseos en lancha e da práctica de actividades, tanto náuticas como subacuáticas. Ademais dos servizos ofrecidos, salienta a organización de eventos, como a "Semana Náutica" durante o mes de agosto. No epígrafe 2.7, correspóndente á análise da oferta complementaria, afondarase na oferta de paseos en barco dispoñible.



Fig. 19. Mostra da distancia entre a Praia das Catedrais e o Porto deportivo de Porcillán, sobre fotografía aérea. Fonte: elaboración propia.

Por outra banda, nos últimos anos ten aumentado o número de **escalas de cruceiros** nos portos do norte peninsular. Se ben o porto de Ribadeo non atrae este tipo de turismo, a publicación provisional das chegadas previstas de cruceiros para o ano 2016, indica que o fluxo de transatlánticos continuará a medrar nos portos da Coruña, Ferrol, Xixón e Avilés. Na seguinte táboa recóllense as previsións destes portos para os próximos meses.

PORTO	ESCALAS PREVISTAS
A Coruña	19 cruceiros (desde o 07/01 ata o 29/04)
Ferrol	14 cruceiros (desde o 07/04 ata o 17/08)
Xixón	19 cruceiros (desde o 06/04 ata o 05/11)
Avilés	4 cruceiros (desde o 09/06 ata o 09/08)

Fig.20. Previsións anuais (2016) de chegadas de cruceiros ós portos máis próximos a Ribadeo. Fonte: Elaboración propia a partir de www.puertocoruna.com, www.apfsc.com, www.gijon.info e www.elcomercio.es (consultados o día 23 de febreiro de 2016)

Desde os portos de chegada de cruceiristas é frecuente a organización de excursións en autobús para visitar algúns dos principais referentes turísticos das proximidades. Tras o estudo deste tipo de oferta, tense identificado a existencia dun circuíto que parte do porto da Coruña e inclúe a visita á praia das Catedrais.[11]

[11] https://acorunacrossover.wordpress.com/2015/06/06/acct-infantil/

A accesibilidade da Praia das Catedrais mellorou notablemente nos últimos anos grazas á construción da Autovía do Cantábrico (A-8), que ten a súa orixe en Baamonde (Lugo) e finaliza en Bilbao, conectado a chamada “España Verde”. En Bilbao esta vía enlaza coa AP-8 e en Baamonde coa A-6 (comunicada á súa vez coa AP-9), favorecendo a conectividade con Francia e Portugal. Precisamente a primeira pedra púxose en Ribadeo, completándose o percorrido Ribadeo-Reinante (10 km) en 2007. O tramo galego culminouse o 4 de Febreiro de 2014, quedando a totalidade da autovía operativa o 30 de decembro de 2014, tras a apertura do tramo entre La Franca e Unquera. A seguinte táboa recolle as distancias e tempos por estrada entre as principais urbes do norte peninsular e a Praia das Catedrais.

CIDADE	ESTRADA	DISTANCIA	TEMPO
Lugo	LU- 113 + A8	88 km	1 h 7 min
A Coruña	A6 + A-8	146 km	1h 26 min
Santiago	N-634 + A-8	154km	1h 40 min
Avilés	A8	112 km	1 h 5 min
Oviedo	A8	145 km	1 h 25 min
Gijón	A8	140 km	1h 21 min
Santander	A8	308 km	2h 53 min
Bilbao	A8	403 km	3 h 50 min

Fig.21. Táboa coa estimación de distancias e tempos por carreteira entre as principais cidades do norte da Península e a Praia das Catedrais. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

O desvío para a praia das Catedrais desde a A-8, é a saída 516, tal e como amosa a imaxe inferior. A execución dun nó de acceso directo á praia, e a súa sinalización específica, colabora no fomento da accesibilidade, xerando en determinadas datas un tráfico de vehículos que a rede local de estradas e os aparcadoiros existentes son incapaces de absorber, tal e como constatan as seguintes imaxes.







Fig.22. Sinalética na autoestrada, coa indicación da Praia das Catedrais. Fonte: Crecente Asociados. Imaxes inferiores tomadas de https://www.youtube.com/watch?v=xaiG_bYuZFo

CADRO-RESUMO LOCALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE

RIBADEO NO XEODESTINO TURÍSTICO MARIÑA LUCENSE

6º municipio en extensión (108,9 km²)

2º municipio en poboación (9.929 habitantes)

4º municipio que máis emprego xera (**12,38% das afiliacións á Seguridade Social**)

MUNICIPIO DE RIBADEO

9.929 habitantes (INE, 2015)

12 parroquias

Parroquia máis poboada: **Santa María de Ribadeo (68%)**

PARROQUIA DA DEVESA

1ª Parroquia en extensión (20,74 km²)

2ª Parroquia en poboación (505 habitantes)

24,3 habitantes/km²

Descenso de habitantes do 18% na última década.

ACCESIBILIDADE

3 aeroportos a menos de 2 h. que conectan 16 destinos nacionais e 9 internacionais

1 aeródromo

1 estación de tren

3 apeadeiros (1 nas proximidades da Praia, pero en condicións impracticables)

1 estación de autobuses

1 porto deportivo con 900 socios e 641 amarres (28 reservados para tránsitos)

Proximidade de 4 portos con escalas de cruceiros a menos de 2h.

Autovía do Cantábrico A-8 (Bilbao-Baamonde) conectada con Francia (AP-8) e Portugal (A-6+AP-9)

2. ANÁLISE DA OFERTA TURÍSTICA

Analízanse nas seguintes páxinas os recursos turísticos do municipio de Ribadeo, así como as magnitudes turísticas do concello en termos de oferta de aloxamento, restauración e servizos complementarios.





Fig.23. Fotografía superior do Faro e illa Pancha, e abaixo detalle da praia das Catedrais. Fonte: Imaxes Crecente Asociados

2.1. A PRAIA DAS CATEDRAIS

A Praia de Augas Santas, coñecida turisticamente como "A Praia das Catedrais", pasou a ser nos últimos tempos o principal atractivo turístico de Ribadeo. Está recoñecida como **Monumento Natural** en virtude do DECRETO 11/2005, do 20 de xaneiro, polo que se declara a Praia das Catedrais como monumento natural[12]. A superficie do Monumento é de 28,94 ha, das cales 20 ha son augas mariñas.

A súa singularidade recae nos arcos, columnas e bóvedas que o mar creou nos seus cantís. Con marea alta a praia queda cuberta de auga, polo que para contemplar as formacións rochosas e acceder ás furnas, o visitante debe acudir ao areal durante a baixamar. A visión da Praia varía non só ao longo do día (en función das mareas), senón tamén ao longo do mes, pois as mareas vivas acentúan o efecto da baixamar e incrementan a superficie dispoñible de area.

O acceso á praia faise mediante unha escaleira. No ámbito do Monumento hai espazo para estacionamento, un punto de información turística, un restaurante, un merendeiro, aseos e un camiño de terra acondicionado, así como pasarelas que conectan a zona con outras praias do entorno. Durante os meses de verán e en Semana Santa é preciso solicitar unha autorización para poder baixar á praia. Esta é gratuíta e pódese conseguir online na web http://ascatedrais.xunta.es

Ademais de estar declarada como Monumento Natural, a praia das Catedrais é parte dun espazo máis amplo protexido dentro da **Rede Natura 2000 (LIC)** denominado As Catedrais e que se estende entre os concellos de Barreiros e Ribadeo. Este espazo abrangue unha franxa costeira de 15 km de lonxitude e ten unha superficie total de 304,36 ha.






Fig.24. Diversas imaxes dos cantís da Praia das Catedrais. Fonte: Imaxes Crecente Asociados

[12] Dispoñible en: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2005/20050204/Anuncio3D0E_gl.html

2.2. OUTROS RECURSOS TURÍSTICOS NO MUNICIPIO DE RIBADEO

Sobre o termo municipal de Ribadeo esténdense outros espazos naturais protexidos. Entre todos eles, cómpre salientar a **Reserva da Biosfera** Río Eo, Oscos e Terras de Burón, declarada en 2007. A súa superficie total é de 159.379 ha, distribuídas entre as provincias de Lugo e Asturias. En concreto, a parte galega abrangue áreas pertencentes aos concellos de Ribadeo, Trabada, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Baleira, A Fonsagrada e Negueira de Muñiz.

Outro espazo natural é O Río Eo **(Rede Natura 2000** - **Zona Especial de Conservación-ZEC).** O tramo protexido ten unha superficie de 781,13ha e correspóndese co curso medio e final do Eo (aproximadamente desde a confluencia co río Rodil) nos concellos de Ribadeo, Trabada, A Pontenova, Riotorto, Meira, Ribeira de Piquín e A Fonsagrada. Entre outros aspectos de interese, o río Eo salienta por concentrar a maior poboación de salmón en Galicia.

Pola súa banda, a Ría de Ribadeo está declarada como **Humidal Protexido**, que á súa vez forma parte desde 1994 do lugar **Ramsar** Ría de Ribadeo. Este último posúe unha superficie de 1.192,2 ha e abrangue tamén parte dos municipios asturianos de Vegadeo e Castropol.

En relación ás **praias**, existen no municipio outros 9 areais, ademáns das Catedrais. Trátase das praias de Areosa, As Illas, Cargadoiro, Esteiro, Olga, Os Bloques, Os Castros, Rochas Brancas e Xuncos. Como se verá máis adiante (epígrafe 2.8), tanto a praia das Catedrais como a dos Castros posúen bandeira azul.



Fig.25. Mapa da reserva da Biosfera do río Eo, Oscos e Terras de Burón, onde se inclúe a Praia das Catedrais. Fonte: http://www.cmati.xunta.es/ e Crecente Asociados.

No municipio de Ribadeo existen catro Bens de Interese Cultural. Entre todos eles, salienta a **Vila de Ribadeo**, declarada conxunto histórico en virtude do Decreto 266/2004 de 11 de Novembro. Ademais, segundo o disposto no decreto de 22 de abril de 1949, están declarados Monumentos o **Castelo de San Damián** e as **Murallas de Ribadeo**. A estes hai que engadir a **Torre dos Moreno**, declarada Elemento de Interese a través do Decreto 266/2004 de 11 de novembro de 2004.

En especial, cómpre facer referencia ao **legado indiano** presente na vila, froito do auxe económico que viviu Ribadeo a finais do século XIX e comezos do XX. Este crecemento estivo propiciado pola chegadas dos indianos (os emigrantes retornados de América) que inverteron en actividades comerciais, industriais e culturais. Actualmente máis de 50 construcións, entre as que se atopan casas, escolas, un cemiterio, unha praza, unha traída de augas e unha granxa-escola, dan idea da importancia deste momento histórico na configuración da vila.

Outro núcleo de interese é **Rinlo**, un dos dous portos históricos de Ribadeo. É de orixe medieval e está formado por rúas estreitas, construídas coa intención de protexer as vivendas dos fortes ventos. Salienta a existencia de 3 cetarias neste núcleo, a primeira das cales comezou a operar en 1904 para a cría de lagosta e centolo.



Fig.26. Diversas imaxes do Patrimonio de Ribadeo e o seu entorno. Concretamente a vila de Rinlo, próxima á Praia das Catedrais. Fonte: Imaxes Crecente Asociados.

2.3. ALOXAMENTOS NO MUNICIPIO DE RIBADEO

En relación á oferta, recóllense na seguinte táboa os establecementos e prazas de aloxamento turístico do concello de Ribadeo. Para cada modalidade de aloxamento, ofrécese un resumo de prazas, establecementos e dimensión media, tanto global como por categoría.

Oferta de aloxamento turístico en Ribadeo

TIPO	CATEGORÍA	ESTABLECEMENTOS	PRAZAS	DIMENSIÓN MEDIA (prazas/establec.)
Hotel	4*	1	91	91,0
	3*	5	277	55,4
	2*	6	161	26,8
	1*	5	170	34,0
		17	**699**	**41,2**
Pensión	2*	7	120	17,1
	1*	6	116	19,3
		13	**236**	**18,2**
Apartamento turístico	2 chaves	4	85	21,3
	1 chave	5	81	16,2
		9	**166**	**18,4**
Campamento de turismo	2ª	1	278	278,0
		1	**278**	**278,0**
Turismo Rural	B	6	79	13,2
		6	**79**	**13,2**
Albergue		1	12	12,0
		1	**12**	**12,0**
		47	**1.470**	**31,3**

Fig.27. Esquema da principal oferta de aloxamento turístico en Ribadeo. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos.

A partir dos datos da táboa anterior, o seguinte gráfico amosa a distribución dos 47 establecementos de aloxamento turístico do municipio segundo a súa modalidade.

Aloxamentos turísticos en Ribadeo por modalidade

Hoteis 17
Pensións 13
Albergues 1
Turismo Rural 6
Campamentos de turismo 1
Apartamentos turísticos 9

Fig.28. Relación de aloxamentos turísticos en Ribadeo, segundo a súa modalidade. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos.

De acordo á táboa anterior, Ribadeo conta cun total de 1.470 prazas distribuídas entre 47 aloxamentos, o que supón unha dimensión media de 31,3 prazas/establecemento. Os hoteis (con 699 prazas), seguidos dos campamentos de turismo (278 prazas) e as pensións (236 prazas), son as modalidades de aloxamento que proporcionan unha maior capacidade de acollida, aglutinando máis dun 80% das prazas totais, tal e como amosa o seguinte gráfico.

Prazas de aloxamento turísticos en Ribadeo por modalidade




Fig.29. Relación de prazas en aloxamentos turísticos en Ribadeo, segundo a súa modalidade. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos.

Atendendo á distribución dos establecementos por modalidade e categoría, o seguinte gráfico reflicte que son as pensións de dúas estrelas a categoría máis estendida.

Aloxamentos turísticos en Ribadeo por modalidade e categoría

Hoteis 4*	1
Hoteis 3*	5
Hoteis 2*	6
Hoteis 1*	5
Pensións 2*	7
Pensións 1*	6
Turismo Rural - B	6
Albergues	1
Campamentos - 2ª	1
Apartamentos 2 ch	4
Apartamentos 1 ch	5

Fig.30. Relación de aloxamentos turísticos en Ribadeo, segundo a súa modalidade e categoría. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos

Pola contra, debido á menor dimensión media das pensións, o maior número de prazas corresponde aos campamentos de segunda categoría e aos hoteis de tres estrelas.

Prazas de aloxamento turísticos en Ribadeo por modalidade e categoría




Fig.31. Relación de prazas en aloxamentos turísticos en Ribadeo, segundo a súa modalidade e categoría. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos

Outro dos aspectos a ter en conta é a estacionalidade da oferta. Dos 47 aloxamentos de Ribadeo, 4 presentan un período de funcionamento restrinxido, o que supón un 8% da oferta. O funcionamento estacional destes aloxamentos, entre os que se inclúe o campamento de turismo (instalación de maior capacidade do municipio[13]) fai que o número de prazas en tempada baixa redúzase en mais dun 25%, pasando de 1.470 a 1.095.

No seguinte gráfico compárase a situación da oferta de aloxamento en tempada alta e en tempada baixa.

Prazas de aloxamento turísticos en Ribadeo por modalidade en Tempada Baixa




Fig.32. Relación de prazas aloxamentos turísticos en Ribadeo, segundo a súa modalidade en Tempada Baixa. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos

Finalmente, constátase a través dos seguintes mapas de distribución dos establecementos que é a capital municipal a parroquia que concentra a maior parte da oferta turística do municipio.

[13] Ademais do campamento de turismo, presentan este funcionamento estacional un hotel de 3 estrelas con 50 prazas (aberto entre o 1 de abril e o 30 de setembro) e dúas pensións de dúas estrelas, con 10 e 37 prazas respectivamente (operativas no primeiro caso do 1 de xullo ao 30 de setembro e no segundo caso do 1 de xullo ao 31 de agosto).




Fig.33. Mapas coa distribución dos aloxamentos turísticos no municipio de Ribadeo e na capital municipal.Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos



2.4. ALOXAMENTOS NA PARROQUIA DA DEVESA

A parroquia da Devesa, na que se localiza a Praia das Catedrais, conta con 3 establecementos de aloxamento (dúas pensións e un apartamento turístico), que suman en total 57 prazas, o que representa un 3,9 % da oferta de aloxamento turístico do concello de Ribadeo.

Oferta de aloxamento turístico na parroquia da Devesa

TIPO	CATEGORÍA	ESTABLECEMENTOS	PRAZAS	DIMENSIÓN MEDIA (prazas/establec.)
Pensión	2*	Os Muíños	10	10,0
	1*	O Lar de Carmiña	14	14,0
		2	**24**	**12,0**
Apartamento turístico	1 chave	Casa Fandín	33	33,0
		1	**33**	**33,0**
		3	**57**	**19,0**

Fig.34. Oferta de aloxamento turístico na parroquia da Devesa. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos

Unha das pensións de dúas estrelas localizada na parroquia funciona só de modo estacional (do 1 de xullo ao 30 de setembro), polo que en tempada baixa a oferta de aloxamento na Devesa redúcese, pasando de 3 a 2 establecementos, e de 57 a 47 prazas.

2.5. ESTABLECEMENTOS DE RESTAURACIÓN NO MUNICIPIO DE RIBADEO

Recóllense na seguinte táboa os restaurantes e prazas nos mesmos cos que conta Ribadeo, diferenciando ambos parámetros en función da categoría dos restaurantes e analizando a dimensión media.

Oferta de restaurantes en Ribadeo

CATEGORÍA	ESTABLECEMENTOS	PRAZAS	DIMENSIÓN MEDIA (prazas/establec.)
2 garfos	15	961	64,1
1 garfo	29	1.452	50,1
	44	**2.413**	**54,8**

Fig.35. Resumo da oferta de restaurantes en Ribadeo. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos.

Á vista dos datos anteriores, en Ribadeo ofrecen os seus servizos un total de 44 establecementos de restauración que suman no seu conxunto 2.413 prazas. Por categorías, tal e como recolle o seguinte gráfico, son os restaurantes de 1 garfo os que aportan a maior parte de prazas.

Prazas en restaurantes no municipio de Ribadeo por categoría



Fig.36. Cuantificación das prazas en restaurantes no municipio de Ribadeo, segundo a súa categoría. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos.

A seguinte imaxe amosa a distribución dos establecementos no concello de Ribadeo e no centro urbano.



Fig.37. Mapas coa distribución dos establecemento de hostalería (restaurantes e cafeterías) no municipio de Ribadeo e na capital municipal. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos[14]*.*



[14] Tras empregar diferentes ferramentas de procura na web, non se puido confirmar a localización exacta dos seguintes restaurantes, polo que non aparecen incluídos no mapa anterior: Chiringuito Santa Cruz (1 garfo, 24 prazas), Domingo (1 garfo, 70 prazas), Ideal (1 garfo, 20 prazas), Mesón Parrillada Casa do Pepe (1 garfo, 50 prazas) e O Rei das Tartas (1 garfo, 50 prazas).

2.6. ESTABLECEMENTOS DE RESTAURACIÓN NA PARROQUIA DA DEVESA

Pola súa parte, a parroquia da Devesa conta con 2 restaurantes, ambos dun garfo, que suman en conxunto 125 prazas, o 5,2% da oferta de restauración do concello ribadense.

CATEGORÍA	ESTABLECEMENTOS	PRAZAS	DIMENSIÓN MEDIA (prazas/establec.)
1 garfo	O Lar de Carmiña	25	25,0
	As Catedrais	100	100,0
	2	125	62,5

Fig.38. Establecementos de restauración na parroquia da Devesa. Fonte: Elaboración propia a partir de Axencia de Turismo de Galicia. Directorio de empresas e establecementos turísticos.





Fig.39. Imaxes do Bar restaurante sito nas inmediacións da Praia das Catedrais, na parroquia da Devesa. Fonte: Imaxes Crecente Asociados.

2.7. OFERTA TURÍSTICA COMPLEMENTARIA

Entre as instalacións de aloxamento, cómpre facer referencia ao caso do **campamento xuvenil da Devesa,** situado a 100 m das praias de Reinante e As Catedrais.[15] Conta con 250 prazas (75 no albergue e 175 en tenda de campaña), aparcadoiro, cociña, salas de usos múltiples, enfermaría e instalacións deportivas (polideportivo, campo de fútbol sala/herba natural, pista de baloncesto e voleibol).

As principais actividades que se ofertan son escalada en rocódromo, tiro con arco, bicicleta, sendeirismo, actividades náuticas e actividades de praia e deportivas. Ademais, amosa aos participantes os costumes e tradicións galegas a través da música e os oficios artesanais.

Nos últimos anos acometéronse obras de mellora, se ben en 2015 diversas notas de prensa apuntaban as deficiencias existentes en certos puntos das instalacións.[16]

Recóllese a continuación a oferta de campamentos xuvenís ofertados no 2015:

- Devesa Creativa: Danza e Música do 1 ao 12 de xullo
- Implíca-T na Devesa do 1 ao 12 de xullo
- Devesa Creativa: Arte Urbana do 17 ao 28 de xullo
- Devesa Creativa: Imaxe e Son do 17 ao 28 de xullo
- Implíca-T na Devesa do 2 ao 13 de agosto
- Devesa Creativa: Artes Escénicas do 2 ao 13 de agosto





Fig.40. Imaxes diversas de publicidade das actividades de ocio e entretemento na parroquia da Devesa. Fonte: https://www.facebook.com/campamentoadevesa2015, esquerda; http://media.lavozdegalicia.es/default/2011/06/22/0012_201106X22C16F4/Foto/X22C16F4.jpg (dereita)

[15] http://campamentoadevesa.blogspot.com.es/

[16] http://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/2015/07/21/quejas-padres-instalaciones-campamento-juvenil-devesa/0003_201507X21C7997.htm

O marco natural do entorno de Ribadeo, é propicio para a práctica de **sendeirismo**. Ademais do **Camiño de Santiago**, ao que se fai referencia no punto 3.5, especial mención merece o caso das **Xeorutas** organizadas polo Concello de Ribadeo. Nestes percorridos gratuítos as explicacións dos guías céntranse fundamentalmente en aspectos xeolóxicos. Na actualidade existen dúas Xeorutas para grupos dun máximo de 15 persoas e dispoñibles nos meses de xullo, agosto e setembro. Cada unha delas ten un percorrido aproximado de 3 km (1 h). A xeoruta dos arcos, percorre varias praias, entre elas a das Catedrais (Augas Santas), mentres que a xeoruta dos ollos, comeza na Praza de Santa Catalina de Rinlo e percorre o entorno deste núcleo mariñeiro.

Turismo de Galicia editou en 2015 un folleto titulado "Alén das Catedrais, rutas para descubrir este recanto de Galicia", no que se propoñen diferentes percorridos para coñecer a praia das Catedrais e o seu entorno. Recóllense a continuación as principais características dos itinerarios que discorren polo termo municipal de Ribadeo.

	Percorrido	Dificultade	Accesibilidade	Tempo total*
Das Catedrais a Punta Anguieira	5 km	Baixa	Media-alta	2h 20min
Das Catedrais a Rinlo	7,5 km	Media	Media-baixa	3 h
De Rinlo a Illa Pancha	7 km	Media	Media-baixa	3h
A senda azul (Illa Pancha-Ribadeo)	2,5 km	Baixa	Media-alta	2h30
O Recordo Indiano	Pola vila	Baixa	Media	1h 20 min
Rinlo, berce do percebe	Pola vila	Baixa	Media	1h

Fig. 41. Indicacións sobre as rutas de sendeirismo propostas para coñecer o entorno da parroquia da Devesa. Fonte: Alén das Catedrais, rutas para descubrir este recanto de Galicia, Turismo de Galicia.

Ademais, o Concello de Ribadeo dispón na súa páxina web de múltiples propostas de itinerarios para coñecer Ribadeo, como son "Ruta dos Indianos - Urbana", "Ruta dos Indianos - Parroquias", "Ruta das Praias", "Ruta dos Miradoiros", "Ruta da Costa", "Ruta dos Montes", "Ruta Ría de Ribadeo", " Ruta da Pegada Relixiosa", "Ruta Ribadeo Antigo" e "Ruta Ribadeo Intramuros".






Fig.42. Imaxes de folletos e publicidade do entorno da Praia das Catedrais. Fonte: Material promocional (Concello de Ribadeo e Deputación de Lugo).

En materia de rutas, cómpre facer por último referencia ao caso do **Camiño Natural da Ruta do Cantábrico no seu trazado polo norte de Galicia, que une o Cabo de Ortegal con Ribadeo a través dunha senda pola costa.** Trátase dun itinerario de 133 km que discorre a través de enclaves naturais e camiños históricos. Ao longo do percorrido pódense encontrar tres das catro Zonas de Especial Protección de Aves (ZEPAs) existentes na provincia de Lugo e outros tantos lugares de interese comunitario (LIC).





Fig.43. Sinalética do Camiño Natural. Fonte: Imaxes Crecente Asociados

Esta ruta atravesa os municipios de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro e o Vicedo e foi deseñada para poder ser percorrida a pé, en bicicleta ou, nalgúns tramos, incluso a cabalo. A súa posta en marcha supuxo unha inversión inicial de case 800.000 € por parte do Ministerio de Agricultura.




Fig.44. Detalle da ruta do Camiño Natural. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

Os principais **miradoiros** do municipio e o seu entorno son o da Atalaia, o miradoiro da capela de San Miguel, o Cargadoiro, a Illa Pancha, Santa Cruz, A Coroa e Comado. Este último, posúe unha gran potencialidade como punto de observación da praia e do seu entorno, pero o estado de conservación actual presenta importantes deficiencias, tal e como se constatou nas visitas realizadas.

Unha das singularidades da oferta de Ribadeo é o seu **ascensor panorámico**, que conecta o peirao e o casco histórico, ofrecendo unha interesante perspectiva da ría e da vila. Está construído en aceiro e cristal e posúe capacidade para 16 persoas.







Fig.45. Miradoiro do Comado. Fonte: Imaxes Crecente Asociados

No panorama festivo, cabe sinalar o **Día da Gaita e Romaría á Santa Cruz e o Ribadeo Indiano**.

O Día da Gaita e Romaría á Santa Cruz está declarado Festa de Interese Turístico de Galicia. Celébrase o primeiro domingo de agosto desde 1965 e consiste nun festival folclórico popular e festa gastronómica coñecido como “A XIRA”.

O Ribadeo Indiano é unha festa histórica e cultural que adquiriu gran relevancia no panorama turístico da comarca nos últimos anos. A celebración xira en torno ás vestimentas e á arquitectura típicas dos indianos, acompañada de actividades como representacións teatrais, concertos, pasacalles e exposicións. A última edición tivo lugar entre os días 10 e 12 de xullo de 2015 e durante a mesma, tal e como se analizou no apartado correspondente aos transportes, o Concello de Ribadeo asinou un convenio coa aeroliña Iberia para ofrecer descontos aos pasaxeiros que voasen aos aeroportos próximos co fin de asistir á festa.



Fig.46. Imaxes de diversos paneis publicitarios.Fonte: Imaxes Crecente Asociados / ribadeo.gal

A **gastronomía** de Ribadeo nútrese dos produtos do Mar Cantábrico, da ría e dos recursos da Mariña Lucense e o occidente asturiano. Algúns dos pratos máis recoñecidos son os percebes, o polbo, as navallas, as luras da ría, o mero ou o sargo. Ademais dos produtos procedentes do mar, salientan as sobremesas e entre elas, os doces das Clarisas Ribadenses, a Tarta de As Catedrais e os tradicionais Chocolates Moreno, con gran recoñecemento na vila.

Entre as iniciativas para valorizar a gastronomía salientan tres **festas e certames gastronómicos**: A festa do percebe (en Rinlo), a festa da Carne ao caldeiro (en Remourelle, Arante) e o concurso Ribadeo de Tapeo, que anima a degustar a cociña local en forma de tapas e no que participan diferentes locais.

Entre os restaurantes, especial mención merece o caso de A Cofradía de Rinlo, debido á súa especialidade en arroz caldoso con bogavante.



Fig.47. Imaxes das publicidade e as actividades gastronómicas celebradas en Ribadeo. Fonte: Material promocional do concello de Ribadeo e Deputación de Lugo (carteis) e http://2.bp.blogspot.com/82ybJuLwroU/UgVPho1wIXI/AAAAAAAAHo4/8tOeFNziJco/s640/1000257_231025993712055_37574086_n.jp (fotografía)

En relación á oferta de **actividades** cómpre facer referencia a que, se ben todas as actividades se levan a cabo en Ribadeo, non todas as empresas que as xestionan teñen o seu domicilio social no municipio. Recóllense a continuación as principais actividades e servizos dispoñibles:

- **Equitación:** Rutas a cabalo, cursos de equitación e hospedaxe de cabalos (coa empresa Madanela)
- **Sendeirismo:** Rutas turísticas de sendeirismo con guía especializado (salientando o caso das rutas ornitolóxicas con Erebia).
- **Taxi turístico:** Servizo dispoñible todo o ano. Ofrece 3 itinerarios:
    - Ribadeo e costa (Ruta patrimonial e paisaxística - 4 horas)
    - Ruta do ferro (Ribadeo a Oscos - 4 horas)
    - A mariña monumental (De oriente ao centro da comarca - 5 horas)
- **Rutas en barco:** Rutas pola ría de Ribadeo e a costa cantábrica no barco turístico“Nuevo Agamar”. A sede e o punto de inicio das travesías están en Castropol, se ben hai outras paradas nas que poden subir usuarios. Ten capacidade para 36 pasaxeiros, incluíndo 4 prazas para persoas con mobilidade reducida. Ofrece 3 rutas:
    - Circuíto pola ría de Ribadeo recorrendo as poboacións de Ribadeo, Figueiras e Castropol. Duración: 30 minutos.
    - Saída ata a Praia de Arnao, a Ribadeo e Castropol. Duración: 45 minutos.
    - Saída ata o faro de Illa Pancha e regreso a Figueiras pasando polas poboacións veciñas. Duración: 45 minutos.
- **Turismo Activo**: kitesurf e padle surf (coas empresas Hola Ola e Actiboot) e surf, windsurf, wakeboard, esquí acuático, banana acuática, sea scooter e bolas acuáticas (con Hola Ola)
- **Mergullo e actividades náuticas:** Vela, mergullo, piraguas ou pesca deportiva, da man de entidades como o club náutico de Ribadeo, o Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo ou o club de piragüismo Altruan, entre outros.
- **Voos en parapente:** O Club de parapente de Ferrol realiza voos en parapente no entorno de Ribadeo.





Fig.48. Publicidade de deporte activo. Fonte: Material promocional (Concello de Ribadeo e Deputación de Lugo)

Entre as actividades, especial referencia merece o **Bird Watching**, promovido desde o Concello de Ribadeo e que aproveita a oportunidade que supoñen os espazos naturais protexidos no municipio, aos que se fixo referencia no apartado 2.2.

Desde a páxina web[17] do concello facilítase unha listaxe dos mellores puntos observatorios de aves e incluso un directorio de especies:

1. Faro de Illa Pancha
2. Escollera da lonxa de Ribadeo
3. Porto de Mirasol / Praia dos Bloques
4. Observatorio de Reme
5. Desvío estrada Lourido/Noceda
6. Porto de Vegadeo
7. Observatorio do Fondón
8. Punta de Castropol
9. Observatorio de Salías
10. Observatorio de La Linera
11. Penedo do Corvo
12. Charca de Rinlo
13. Punta Corveira

A empresa Hola Ola, en colaboración con Erebia ofrece o itinerario guiado "As Catedrais: Descubre a súa fauna e a súa flora", incluíndo guía-ornitólogo, telescopio terrestre, prismáticos, guías de campo e reportaxe fotográfica en formato dixital das observacións de campo.



Fig.49. Guías ornitolóxicas. Fonte: Material promocional (Concello de Ribadeo e Deputación de Lugo)

[17] http://birding.ribadeo.org/

Por último, ofrecese unha táboa doutros servizos que motivan, completan e/ou complementan a experiencia do visitante e que se recollen na seguinte táboa.

TIPO DE RECURSO	CATEGORÍA	NOME
Información turística	Oficina Municipal	Oficina de Turismo de Ribadeo
	Punto de información	Praia das Catedrais
Aluguer de bicicletas		Oficina de Turismo de Ribadeo
Aluguer de embarcacións		A Flote
Aluguer de vehículos		Multirent Xove, S.L.
Área de autocaravanas		Área de servizo Eroski-Ribadeo
		Parking Ribadeo
Axencias de viaxes		Alandrina Tours Almeida Viajes Viajes Halcón Viajes Terra Mar, S.L.
Bibliotecas	Municipal	Biblioteca Pública Municipal El Viejo Pancho Centro de Servicios Sociais
Comercio	Municipal	Mercado Municipal de Ribadeo Lonxa de Ribadeo
Empresas de transporte en autobús		Autos Rodríguez Eocar, S.L. Luis Rodríguez López
Aluguer pistas pádel / tenis		Club de tenis Ribadeo Padel Club Ribadeo

Fig.50. Resumo de outras actividades de ocio a desenvolver no concello. Fonte: Elaboración propia a partir de www.turgalicia.es.

En relación ao punto de información turística da Praia das Catedrais, cómpre sinalar que o seu horario de luns a domingo de 11 a 14 e de 16 a 19 horas en época estival, e o resto do ano, sábados e domingos de 12 a 14 e de 16 a 18 horas.[18]

[18] DECRETO 80/2015, do 11 de xuño, polo que se aproba o Plan de conservación do monumento natural da Praia das Catedrais.

2.8. CALIDADE

A análise da oferta turística de Ribadeo non pode finalizar sen facer unha referencia á calidade, identificando establecementos e recursos do municipio con Q de calidade ou bandeira azul. Recóllense na seguinte táboa o número de distincións contabilizadas para cada unha destas certificacións.

Q CALIDADE
Nº adheridos: 6 Hoteis e apartamentos turísticos: 3 *(Hotel Casona de Lazurtegui, O Cabozo do Zacurro, Parador)* Instalacións náutico-deportivas: 1 *(Real Club Náutico de Ribadeo)* Praias: 1 *(As Catedrais)* Turismo Activo: 1 *(Hola Ola Ribadeo Slu)*
BANDEIRAS AZUIS EN PRAIAS
Número de praias distinguidas: 2 - As Catedrais - Os Castros
BANDEIRAS AZUIS EN PORTOS DEPORTIVOS
Porto Deportivo Ribadeo

Fig.51. Distincións de calidade. Fonte: Elaboración propia a partir de SICTED, ICTE e ADEAC

CADRO-RESUMO ANÁLISE DA OFERTA TURÍSTICA

OFERTA TURÍSTICA BÁSICA EN RIBADEO

ALOXAMENTOS NO MUNICIPIO:

47 establecementos

1.470 prazas

31,3 prazas (dimensión media)

80% das prazas en hoteis (699), campamentos de turismo (278) e pensións (236)

-25% de prazas en tempada baixa (1.095 prazas dispoñibles)

ALOXAMENTOS NA PARROQUIA DA DEVESA:

3 establecementos (2pensións e 1 apartamento turístico),

57 prazas

3,9% da oferta aloxativa do municipio

-17% de prazas en tempada baixa (47 prazas dispoñibles)

RESTAURANTES NO MUNICIPIO:

44 establecementos

2.413 prazas

60% das prazas en restaurantes de 1 garfo

RESTAURANTES NA PARROQUIA DA DEVESA:

2 restaurantes dun garfo

125 prazas

5,2% da oferta de restauración do municipio

OFERTA COMPLEMENTARIA

1 campamento xuvenil

1 aluguer de embarcacións

1 aluguer de vehículos

2 áreas de autocaravanas

4 axencias de viaxes

2 puntos de información turística

1 instalación náutico-deportiva

1 empresa de turismo activo

CALIDADE

6 adheridos á Q de calidade (3 aloxamentos, 1 praia - As Catedrais- e 1 turismo activo)

2 bandeiras azuis en praias (As Catedrais e Os Castros)

1 bandeira azul en portos deportivos

3. ANÁLISE DA DEMANDA TURÍSTICA

Unha vez analizada a oferta, recóllense a continuación os resultados rexistrados no concello de Ribadeo en termos de demanda turística, así como a súa comparación co resto da comarca, coa provincia e con Galicia. Completa este epígrafe unha referencia ao xeodestino turístico en termos de demanda.




Fig.52. Imaxe da praia das Catedrais. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

3.1. VIAXEIROS

Ao respecto do número de viaxeiros, a seguinte táboa recolle a evolución anual destes, diferenciando así mesmo os totais segundo a súa procedencia, para o período 2005-2015.

Viaxeiros en Ribadeo segundo a súa procedencia (2005-2015)

	VIAXEIROS TOTAIS	RESIDENTES EN ESPAÑA	%	RESIDENTES NO ESTRANXEIRO	%
2005	61.339	54.605	89%	6.734	11%
2006	62.621	54.131	86%	8.490	14%
2007	60.786	53.254	88%	7.532	12%
2008	54.420	48.406	89%	6.014	11%
2009	58.783	50.080	85%	8.703	15%
2010	60.992	53.848	88%	7.144	12%
2011*	..	..		..	
2012	48.866	42.047	86%	6.819	14%
2013	65.473	56.621	86%	8.852	14%
2014	63.018	53.112	84%	9.906	16%
2015	69.618	59.068	85%	10.550	15%

Fig.53. Esquema dos viaxeiros en Ribadeo segundo a súa procedencia. Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística.
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

Á vista dos datos anteriores, pódese observar que, salvo importantes descensos no ano 2008 e, especialmente, no 2012, a cifra de viaxeiros chegados ao concello de Ribadeo mantívose arredor dos 60.000, acadando no ano 2015 os seus mellores resultados, con 69.618 viaxeiros.

O turista que recibe Ribadeo é fundamentalmente nacional, se ben nos últimos anos ten medrado a presenza de turistas internacionais, superando actualmente o 15%.




Fig.54. Gráfico coa estatísticas de turistas, comparando os turistas nacionais e internacionais.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística.
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

Na táboa inferior pódese observar a evolución do número de viaxeiros en Ribadeo, Mariña Lucense, a provincia de Lugo e o total de Galicia.

Comparativa da cifra de viaxeiros a diferentes escalas territoriais (2005-2015)

	VIAXEIROS						
	RIBADEO	MARIÑA LUCENSE		LUGO (PROV.)		GALICIA	
	Nº	Nº	% Ribadeo	Nº	% Ribadeo	Nº	% Ribadeo
2005	61.339	126.629	48,4	462.348	13,3	3.529.903	1,7
2006	62.621	126.773	49,4	484.994	12,9	3.599.222	1,7
2007	60.786	122.734	49,5	516.228	11,8	3.739.522	1,6
2008	54.420	116.523	46,7	537.055	10,1	3.532.737	1,5
2009	58.783	114.689	51,3	512.742	11,5	3.399.456	1,7
2010	60.992	114.163	53,4	595.157	10,2	3.798.994	1,6
2011*	..	99.053		529.833		3.354.068	
2012	48.866	101.511	48,1	502.756	9,7	3.216.346	1,5
2013	65.473	126.917	51,6	557.464	11,7	3.374.160	1,9
2014	63.018	135.039	46,7	635.684	9,9	3.647.571	1,7
2015	69.618	131.537	52,9	709.133	9,8	4.079.538	1,7

Fig.55. Táboa coa comparativa de visitantes viaxeiros a diversas escalas territoriais.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística.
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

Á vista dos datos anteriores, conclúese que o concello de Ribadeo representa máis da metade dos viaxeiros que chegan á Mariña Lucense, convertendo a Ribadeo no principal foco de atracción da comarca. Cómpre aclarar que os datos da Mariña Lucense que ofrece o INE son relativos aos municipios de O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo; polo que non se deben confundir cos do xeodestino turístico, ao que se fará alusión no epígrafe 3.6.

En relación á provincia de Lugo, o destino Ribadeo está a perder peso en termos xerais, pasando de atraer o 13,3% dos seus viaxeiros en 2005 a concentrar o 9,8% no ano 2015. Tal e como se desprende do gráfico da seguinte páxina, no que se analiza a taxa de crecemento de cada destino, se ben Ribadeo está a medrar non o fai ao mesmo ritmo que a provincia, o que nos indica a presenza de destinos competidores nas proximidades que están a captar a atención do turista.

Por último, analizando a contribución dos viaxeiros que recibe Ribadeo ao total de viaxeiros de Galicia, a cifra mantense estable, cunha porcentaxe do 1,7%.

Tal e como se apuntaba anteriormente, na seguinte páxina analízase o ritmo ao que está a crecer o número de viaxeiros en cada un destes destinos desde o ano 2006 (a excepción do caso de Ribadeo nos anos 2011 e 2012, por carecer de datos).

Taxa de crecemento da cifra de viaxeiros a diferentes escalas territoriais (2006-2015)




Fig.56. Gráfico representativo da taxa de crecemento de viaxeiros a distintas escalas territoriais.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística.
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

No gráfico anterior salienta o forte crecemento de viaxeiros en Ribadeo no ano 2013, aumento que sen dúbida repercutiu nos bos resultados da Mariña Lucense. Desde entón, a taxa de crecemento mantívose en valores positivos ata o final do período de estudo nos catro destinos estudados, agás na Mariña Lucense en 2015. Este dato indícanos que se ben Ribadeo continúa a medrar, outros municipios da súa comarca están a experimentar un retroceso.

3.2. PERNOITAS

A seguinte táboa recolle o número de pernoitas rexistradas en Ribadeo no período 2005-2015, diferenciando a evolución das mesmas segundo o lugar de residencia dos viaxeiros.

Pernoitas en Ribadeo segundo a procedencia dos viaxeiros (2005-2015)

	PERNOITAS TOTAIS	RESIDENTES EN ESPAÑA	%	RESIDENTES NO ESTRANXEIRO	%
2005	83.053	75.338	91%	7.715	9%
2006	92.604	81.603	88%	11.001	12%
2007	104.259	82.290	79%	21.969	21%
2008	90.986	78.674	86%	12.312	14%
2009	102.477	83.624	82%	18.853	18%
2010	104.706	91.140	87%	13.566	13%
2011*	..	..		..	
2012	86.435	77.286	89%	9.149	11%
2013	99.533	87.270	88%	12.263	12%
2014	102.022	87.762	86%	14.260	14%
2015	110.797	95.243	86%	15.554	14%

Fig.57. Táboa representativa da evolución das pernoitas en Ribadeo segundo procedencia.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

Os resultados totais seguen unha evolución paralela á do número de viaxeiros, rexistrándose caídas en 2008 e 2012 e manténdose ao redor das 100.000 noites o resto dos anos.

Non obstante, obsérvase como nos últimos anos, a porcentaxe de pernoitas efectuadas polos viaxeiros internacionais é inferior a do total de viaxeiros internacionais, ao contrario do que acontecía no período 2007-2010. Isto avanza unha menor estadía media do cliente internacional, á que se fará referencia no seguinte epígrafe.




Fig.58. Gráfico da evolución das pernoitas feitas por residentes nacionais e internacionais en Ribadeo.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

Na táboa inferior móstranse as pernoitas do conxunto, para o período 2005-2015, en Ribadeo, Mariña Lucense, a provincia de Lugo e o total de Galicia.

Comparativa da cifra de pernoitas a diferentes escalas territoriais (2005-2015)

	PERNOITAS						
	RIBADEO	MARIÑA LUCENSE		LUGO (PROV.)		GALICIA	
	N%	Nº	% Ribadeo	Nº	% Ribadeo	Nº	% Ribadeo
2005	83.053	226.233	37%	781.722	11%	7.594.782	1,1%
2006	92.604	250.119	37%	844.390	11%	7.758.045	1,2%
2007	104.259	239.940	43%	873.482	12%	8.024.978	1,3%
2008	90.986	221.694	41%	888.635	10%	7.790.366	1,2%
2009	102.477	215.823	47%	839.562	12%	7.444.455	1,4%
2010	104.706	218.100	48%	954.020	11%	8.174.139	1,3%
2011*	..	186.932		869.005		7.158.335	
2012	86.437	197.278	44%	785.309	11%	6.643.326	1,3%
2013	99.533	218.930	45%	861.908	12%	6.761.685	1,5%
2014	102.022	233.574	44%	946.434	11%	7.096.619	1,4%
2015	110.797	259.685	43%	1.021.244	11%	7.686.140	1,4%

Fig.59. Gráfico no que se mostra a evolución das pernoitas a diferentes escalas territoriais.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

As pernoitas no municipio de Ribadeo supuxeron en 2015 o 43% das pernoitas totais na Mariña Lucense. Se ben esta porcentaxe supera á dos anos 2005-2006, mantense no mesmo valor que en 2007. A principal conclusión ao respecto é que se ben Ribadeo concentra máis da metade dos visitantes da comarca, a súa contribución ao total de pernoitas non é proporcional, pois non acada en ningún dos anos o 50%. Isto nos avanza que outros concellos da Mariña Lucense xeran unha maior estadía media.

A contribución das pernoitas en Ribadeo ao total de noites na provincia, mantense en xeral estable, en torno ao 10-12% en todo o período de estudo.

Da análise do papel de Ribadeo no conxunto de Galicia, despréndese que a súa contribución medrou lixeiramente, se temos en conta que nas tres últimas anualidades acadou os mellores resultados (só igualados en 2009 cando tamén acadou un 1,4%).

Na seguinte páxina analízase o ritmo ao que están a crecer as pernoitas en cada un destes destinos desde o ano 2006 (a excepción do caso de Ribadeo nos anos 2011 e 2012, por carecer de datos).

Taxa de crecemento das pernoitas a diferentes escalas territoriais (2006-2015)




Fig.60. Gráfico co crecemento das pernoitas a diferentes escalas territoriais.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

Á vista do gráfico anterior, as pernoitas en Ribadeo manteñen un crecemento positivo durante todo o período de análise para o que se dispón de datos, a excepción do ano 2008, cando experimentaron un importante retroceso.

Analizando só o tipo de crecemento (positivo/negativo) e deixando a un lado a súa intensidade, obsérvase que a Mariña Lucense comparte con Ribadeo a mesma tendencia ao longo do período de análise. Esta harmonía rómpese nos anos 2007 e 2009, nos que a comarca experimentou un decrecemento do número de pernoitas, mentres que Ribadeo continuaba cun crecemento positivo.

3.3. ESTADÍA MEDIA

Á vista dos datos recollidos na seguinte táboa, a pesar de que a evolución da estadía media en Ribadeo flutúa, os resultados parecen indicar que tras un período de crecemento, vívese un momento de retroceso, diminuíndo a estadía media tras o pico acadado en 2012.

Estadía media en Ribadeo segundo a procedencia dos viaxeiros (2005-2015)

	ESTADÍA MEDIA TOTAL	ESTADÍA MEDIA RESIDENTES EN ESPAÑA	ESTADÍA MEDIA RESIDENTES NO ESTRANXEIRO
2005	1,35	1,38	1,15
2006	1,48	1,51	1,30
2007	1,72	1,55	2,92
2008	1,67	1,63	2,05
2009	1,74	1,67	2,17
2010	1,72	1,69	1,90
2011*	…	….	…
2012	1,77	1,84	1,34
2013	1,52	1,54	1,39
2014	1,62	1,65	1,44
2015	1,59	1,61	1,47

Fig.61. Táboa coa evolución da estadía media dos viaxeiros segundo procedencia.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

Especialmente relevante é a diminución da estadía media dos viaxeiros internacionais, que no período 2007-2009 superaban a cifra das dúas noites (incluso aproximándose ás 3 no ano 2007) e desde o ano 2012 mantéñense por baixo das 1,5 noites.




Fig.62. Gráfico coa evolución dos visitantes nacionais e internacionais en Ribadeo.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

A seguinte táboa analiza a evolución da estadía media nas catro escalas territoriais estudadas desde o ano 2006 (a excepción do caso de Ribadeo nos anos 2011 e 2012, por carecer de datos).

Comparativa da estadía media a diferentes escalas territoriais (2005-2015)

	ESTADÍA MEDIA			
	RIBADEO	MARIÑA LUCENSE	LUGO (PROV.)	GALICIA
2005	1,35	1,79	1,69	2,15
2006	1,48	1,97	1,74	2,16
2007	1,72	1,95	1,69	2,15
2008	1,67	1,90	1,65	2,21
2009	1,74	1,88	1,64	2,19
2010	1,72	1,91	1,60	2,15
2011*	..	1,89	1,64	2,13
2012	1,77	1,94	1,56	2,07
2013	1,52	1,72	1,55	2,00
2014	1,62	1,73	1,49	1,95
2015	1,59	1,73	1,44	1,88

Fig.63. Táboa de estadías medias segundo diferentes escalas territoriais.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

De acordo aos datos manexados, a estadía media no concello de Ribadeo é inferior á da comarca da Mariña e está moi por debaixo da media galega, aínda que en xeral atópase lixeiramente por riba da estadía media da provincia de Lugo. Por tanto, podemos afirmar que, se ben os municipios do entorno de Ribadeo, atraen menos visitantes, logran que permanezan máis noites.




Fig.64. Gráfico da evolución da estadía media a distintas escalas territoriais.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

3.4. ESTACIONALIDADE

O carácter de Ribadeo como concello costeiro fai que resulte de interese analizar como inflúe nas súas estatísticas a estacionalidade da demanda.

A seguinte táboa reflicte a distribución da demanda, en termos absolutos e porcentuais, segundo se rexistre nos meses estivais (xullo e agosto) ou no resto do ano.

	VIAXEIROS EN XULLO E AGOSTO	VIAXEIROS NO RESTO DO ANO	% VIAXEIROS EN XULLO E AGOSTO	% VIAXEIROS NO RESTO DO ANO
2005	21.130	40.209	34,4%	65,6%
2006	20.958	41.663	33,5%	66,5%
2007	19.150	41.636	31,5%	68,5%
2008	18.596	35.824	34,2%	65,8%
2009	19.251	39.532	32,7%	67,3%
2010	22.823	38.169	37,4%	62,6%
2011*	..	..	..	..
2012	17.776	31.090	36,4%	63,6%
2013	28.409	37.064	43,4%	56,6%
2014	23.023	39.904	36,6%	63,4%
2015	25.478	44.140	36,6%	63,4%

Fig.65. Táboa coa evolución da distribución da demanda en Ribadeo durante o ano.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística
** Nota: A fonte manexada non recolle os datos correspondentes ao ano 2011*

Á vista dos datos anteriores, nos últimos anos medrou lixeiramente a porcentaxe de viaxeiros que escollen xullo e agosto para visitar o municipio.

Na seguinte táboa ofrécese unha comparativa do grao de estacionalidade en 2015 entre os 8 puntos turísticos que recolle o Instituto Galego de Estatística.

	VIAXEIROS EN XULLO E AGOSTO 2015	VIAXEIROS NO RESTO DO ANO 2015	% VIAXEIROS XULLO E AGOSTO 2015
A Coruña	102938	305544	25,20%
Santiago de Compostela	204701	538439	27,55%
Lugo	30096	99989	23,14%
Ribadeo	25478	44140	36,60%
Ourense	24192	86253	21,90%
O Grove	40405	62285	39,35%
Sanxenxo	106684	124351	46,18%
Vigo	84729	224476	27,40%

Fig.66. Táboa que analiza o grado de estacionalidade no ano 2015 en 8 puntos turísticos de Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística.
Nota: A fonte manexada non recollía os datos correspondentes aos seguintes meses e concellos: O Grove (xaneiro, febreiro, decembro), Sanxenxo (xaneiro, febreiro).

En base á análise dos datos anteriores, pódese ver que o concello de Ribadeo ten un grao de estacionalidade menor co dos epicentros turísticos do verán da comunidade galega (O Grove e Sanxenxo), pero é bastante superior ao dos destinos turísticos urbanos.


Porcentaxe de viaxeiros en xullo e agosto nos principais puntos turísticos de Galicia.




Fig.67. Gráfico coa porcentaxe de viaxeiros nos meses estivais en diferentes puntos turísticos galegos en 2015. Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística.

Para profundar na análise da estacionalidade da demanda, amósase a continuación o grao de ocupación por habitacións por meses no último ano para Ribadeo, A Mariña, a provincia de Lugo e Galicia.

	GRAO DE OCUPACIÓN POR CUARTOS (%) 2015			
	RIBADEO	MARIÑA LUCENSE	LUGO (PROV.)	GALICIA
Xaneiro	15,67	13,01	15,26	20,83
Febreiro	20,54	16,09	18,64	25,29
Marzo	23,96	18,98	23,64	28,97
Abril	35,87	22,03	28,94	33,22
Maio	40,81	23,83	35,87	36,62
Xuño	39,23	27,47	36,65	40,66
Xullo	71,43	48,83	44,54	48,99
Agosto	80,71	63,90	57,08	62,10
Setembro	56,03	34,86	41,81	45,52
Outubro	36,71	25,37	34,12	40,24
Novembro	21,89	18,68	24,11	28,23
Decembro	25,8	15,58	19,46	25,10
MEDIA MES	39,05	27,39	31,68	36,31

Fig.68. Táboa coa comparación das habitacións ocupadas en 2015 por meses a diversas escalas territoriais. Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística

Pódese observar que a maior ocupación sitúase nos meses estivais, salientando o mes de agosto cunha ocupación de habitacións superior ao 80%, o que contrasta cos resultados dos meses de inverno. Cabe salientar así mesmo que Ribadeo rexistra un grao de ocupación media por habitación superior ao da comarca, provincia e Galicia.

	GRAO DE OCUPACIÓN POR PRAZAS (%) 2015			
	RIBADEO	MARIÑA LUCENSE	LUGO (PROV.)	GALICIA
Xaneiro	13,76	10,17	12,60	16,42
Febreiro	16,59	12,13	14,90	19,70
Marzo	21,65	15,94	21,34	23,74
Abril	32,09	18,38	24,74	28,71
Maio	36,41	20,30	30,13	31,72
Xuño	36,61	24,60	31,67	36,48
Xullo	70,77	46,92	42,59	47,08
Agosto	80,38	62,58	53,19	60,58
Setembro	53,66	30,90	35,62	40,90
Outubro	34,17	21,83	28,00	34,62
Novembro	19,58	15,03	19,28	22,85
Decembro	23,64	13,24	17,08	21,48
MEDIA MES	36,61	24,34	27,60	32,02

Fig.69. Táboa representativa do grao de ocupación por meses durante o 2015 a diferentes escalas territoriais.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística

Ao igual que acontecía coas habitacións, o grao de ocupación por prazas amosa unha maior ocupación nos meses estivais e unha media superior en Ribadeo que na súa comarca, provincia e Galicia.
Por último, a táboa inferior amosa o grao de ocupación por prazas na fin de semana por cada mes do ano.

	GRAO DE OCUPACIÓN POR PRAZAS NA FIN DE SEMANA (%) 2015			
	RIBADEO	MARIÑA LUCENSE	LUGO (PROV.)	GALICIA
Xaneiro	15,60	11,02	15,03	19,03
Febreiro	26,78	13,57	19,59	24,67
Marzo	27,12	18,97	27,82	29,22
Abril	46,23	21,62	29,93	35,08
Maio	48,05	25,50	33,04	37,64
Xuño	50,52	33,26	37,33	43,36
Xullo	83,81	54,23	45,56	52,93
Agosto	82,75	63,84	55,15	63,55
Setembro	70,89	39,42	42,94	48,07
Outubro	48,66	28,86	35,71	39,46
Novembro	30,82	18,11	23,40	27,71
Decembro	33,74	15,93	20,25	25,23
MEDIA MES	47,08	28,69	32,15	37,16

Fig.70. Táboa representativa do grado de ocupación na fin de semana durante o 2015, a diferentes escalas territoriais. Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística

Obsérvase que nos meses estivais a ocupación é superior ao 80% en Ribadeo as fins de semana, e mantense por riba do 25% en tódolos meses do ano agás en xaneiro. A media anual de Ribadeo, con case un 50% de ocupación na fin de semana, é moi superior á de Galicia, a provincia de Lugo e, especialmente, a comarca da Mariña.

3.5. CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño do Norte, ruta a Santiago que pasa polo municipio de Ribadeo, é o terceiro Camiño máis transitado a Santiago en número de peregrinos, con 15.873 en 2015, tras os camiños francés e portugués. O seu trazado dista aproximadamente 10 km da Praia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do número de peregrinos chegados a Santiago de Compostela en función da ruta seguida desde a finalización do Ano Santo 2010.

Peregrinos chegados a Santiago de Compostela segundo a ruta escollida (2011-2015)




Fig.71. Gráfico coa evolución no número de peregrinos,segundo a ruta escollida (2011-2015)
Fonte: Elaboración propia a partir de Oficina do Peregrino

Este crecemento do número de peregrinos do Camiño do Norte experimentou un importante pulo na última década. O seguinte gráfico amosa como no período 2005-2015 cuadriplicouse, pasando de 3.843 a 15.873.

Peregrinos no Camiño do Norte (2004-2015)




Fig.72. Gráfico da evolución do número de peregrinos que fixeron o Camiño do Norte (2004-2015).
Fonte: Elaboración propia a partir de Oficina do Peregrino.

Cómpre salientar que se prevé que o Camiño do Norte mellore as súas cifras nos próximos anos, non só pola súa tendencia ao crecemento, senón tamén como consecuencia da súa recente declaración como Patrimonio da Humanidade.

Ao mesmo tempo que medra o número de peregrinos que optan polo Camiño do Norte, aumenta o número de persoas que deciden comezar o Camiño en Ribadeo, localizado a 194 km de Santiago de Compostela.

Peregrinos que comezan o Camiño de Santiago en Ribadeo (2004-2015)




Fig.73. Gráfico coa evolución do número de peregrinos que comezaron O Camiño en Ribadeo (2004-2015). Fonte: Elaboración propia a partir de Oficina do Peregrino

O gráfico anterior amosa como, deixando a un lado os Anos Santos 2004 e 2010, no 2015 Ribadeo acadou os mellores rexistros dos últimos anos como lugar de inicio do Camiño. En concreto, Ribadeo ocupa o posto número 29 en cando a puntos máis frecuentes de inicio da peregrinación, tal e como recolle a seguinte figura.

Principais puntos de inicio da peregrinación a Santiago de Compostela en 2015

1. Sarria con 67421 (25,68%)
2. S. Jean P. Port con 31.057 (11,83%)
3. Tui con 13.799 (5,26%)
4. Oporto con 13.201 (5,03%)
5. León con 11.496 (4,38%)
6. Cebreiro con 10.354 (3,94%)
7. Ferrol con 8.685 (3,31%)
8. Ponferrada con 8.402 (3,20%)
9. Roncesvalles con 7.419 (2,83%)
10. Oviedo - C.P. con 6.402 (2,44%)
11. Astorga con 6.034 (2,30%)
12. Valença do Minho con 5.706 (2,17%)
13. Pamplona con 4.640 (1,77%)
14. Irún con 4.175 (1,59%)
15. Burgos con 3.616 (1,38%)
16. Le Puy con 3.578 (1,36%)
17. Lugo - C.P. con 3.071 (1,17%)
18. Ourense con 2.853 (1,09%)
19. Vilafranca 2553 (0,97%)
20. Sevilla 2290 (0,87%)
21. Triacastela 2215 (0,84%)
22. Francia - C.F. 2144 (0,82%)
23. Resto Portugal 2140 (0,82%)
24. Lisboa 2059 (0,78%)
25. Resto Asturias - C.N 1746 (0,67%)
26. Ponte de Lima 1564 (0,60%)
27. Samos 1508 (0,57%)
28. Resto C. León C.F. 1430 (0,54%)
29. Ribadeo 1415 (0,54%)
30. Bilbao 1230 (0,47%)

Fig.74. Resumo da porcentaxe de peregrinos segundo os puntos de inicio máis frecuentes para facer o Camiño de Santiago en 2015. Fonte: Elaboración propia a partir de Oficina do Peregrino

3.6. REFERENCIA AO XEODESTINO TURÍSTICO

Neste contexto cómpre tamén analizar a evolución do xeodestino turístico Mariña Lucense, ó que pertence Ribadeo, en termos de demanda. Na seguinte táboa inclúese a evolución das pernoitas entre os anos 2011 e 2015 para cada un dos xeodestinos, así como a evolución global de Galicia.

	PERNOITAS					
	2011	2012	2013	2014	2015	2015/2011
A Coruña e As Mariñas	1.148.095	1.084.510	1.140.541	1.124.959	1.175.083	1,02
Ancares - Courel	86.819	67.981	59.525	82.668	98.221	1,13
Celanova - Limia	61.699	45.709	58.190	55.398	58.145	0,94
Costa da Morte	190.844	247.193	204.780	315.746	325.160	1,70
Deza - Tabeirós	131.266	106.075	94.434	69.494	84.250	0,64
Ferrolterra	381.377	349.593	360.569	358.860	394.394	1,03
Lugo e a Terra Chá	493.454	447.883	485.130	482.825	515.296	1,04
Manzaneda - Trevinca	57.218	52.655	49.426	65.098	66.975	1,17
MARIÑA LUCENSE	**290.278**	**277.153**	**298.590**	**310.305**	**357.320**	1,23
O Ribeiro	111.063	77.304	72.348	83.274	102.346	0,92
Ría de Arousa	1.697.138	1.540.807	1.529.381	1.635.697	1.811.125	1,07
Ría de Muros e Noia	96.409	86.568	94.269	96.176	99.692	1,03
Ría de Vigo e Baixo Miño	1.143.118	1.033.361	1.009.989	1.045.233	1.167.409	1,02
Ría e Terras de Pontevedra	604.362	575.655	556.740	498.968	518.854	0,86
Ribeira Sacra	222.830	196.836	217.547	266.734	289.216	1,30
Terras de Ourense e Allariz	277.141	272.518	261.769	271.527	293.999	1,06
Terras de Santiago	1.501.797	1.431.453	1.485.335	1.658.823	1.786.654	1,19
Verín - Viana	43.763	53.447	70.567	64.772	57.730	1,32
	8.538.671	7.946.701	8.049.130	8.486.557	9.201.869	1,08

Fig.75. Táboa coa evolución das pernoitas segundo xeodestinos en Galicia (2011-2015). Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística

Nela, pódese observar que dos 18 xeodestinos, A Mariña Lucense é un dos 3 que tiveron un maior crecemento no período 2011-2015, por detrás de Costa da Morte, Verín-Viana e Ribeira Sacra, superando en todo caso a media galega.

A continuación analízase o grado no que as pernoitas nos diversos xeodestinos están efectuadas por residentes de fóra de Galicia.

	PERNOITAS 2015			
	TOTAIS	RESIDENTES EN GALICIA	RESIDENTES FÓRA DE GALICIA	% FÓRA DE GALICIA
A Coruña e As Mariñas	1.175.083	329.473	845.610	71,96
Ancares - Courel	98.221	24.693	73.528	74,86
Celanova - Limia	58.145	32.181	25.964	44,65
Costa da Morte	325.160	99.715	225.445	69,33
Deza - Tabeirós	84.250	33.954	50.296	59,70
Ferrolterra	394.394	115.474	278.920	70,72
Lugo e a Terra Chá	515.296	138.343	376.953	73,15
Manzaneda - Trevinca	66.975	50.849	16.126	24,08
MARIÑA LUCENSE	357.320	96.161	261.159	73,09
O Ribeiro	102.346	55.013	47.333	46,25
Ría de Arousa	1.811.125	637.111	1.174.014	64,82
Ría de Muros e Noia	99.692	46.983	52.709	52,87
Ría de Vigo e Baixo Miño	1.167.409	364.431	802.978	68,78
Ría e Terras de Pontevedra	518.854	181.845	337.009	64,95
Ribeira Sacra	289.216	115.477	173.739	60,07
Terras de Ourense e Allariz	293.999	134.661	159.338	54,20
Terras de Santiago	1.786.654	229.634	1.557.020	87,15
Verín - Viana	57.730	18.859	38.871	67,33
GALICIA	9.201.869	2.704.857	6.497.012	70,61

Fig.76. Táboa coas pernoitas efectuadas porr xeodestinos segundo o lugar de residencia dos viaxeiros.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística

Á vista dos datos anteriores obsérvase que, despois de Terras de Santiago, A Mariña Lucense é, xunto a Ancares-Courel e Lugo e a Terra Chá, o xeodestino cun maior porcentaxe de pernoitas de residentes de fóra de Galicia (73,09%).

Outra información que se desprende da consulta da web do Instituto Galego de Estatística son os indicadores turísticos dos xeodestinos: área (Número de noites/Área do destino en km²), costa (número de noites/liña de costa do destino en km) e poboación 1 [(*Número de noites / número de días no ano / poboación do destino)*100*] e poboación 2 (*Número de noites / poboación do destino).*

	INDICADORES 2015			
	ÁREA	COSTA	POBOACIÓN 1	POBOACIÓN 2
A Coruña e As Mariñas	1249	6095	0,75	2,75
Ancares - Courel	45	-	1,4	5,11
Celanova - Limia	33	-	0,35	1,26
Costa da Morte	189	714	0,74	2,72
Deza - Tabeirós	54	-	0,33	1,19
Ferrolterra	248	824	0,55	2,01
Lugo e a Terra Chá	121	-	0,73	2,66
Manzaneda - Trevinca	48	-	0,6	2,17
MARIÑA LUCENSE	256	1362	1,35	4,93
O Ribeiro	102	-	0,59	2,16
Ría de Arousa	2876	3657	2,58	9,41
Ría de Muros e Noia	248	696	0,63	2,31
Ría de Vigo e Baixo Miño	724	3987	0,61	2,21
Ría e Terras de Pontevedra	532	2493	0,62	2,28
Ribeira Sacra	113	-	1,26	4,59
Terras de Ourense e Allariz	368	-	0,54	1,96
Terras de Santiago	590	-	1,79	6,53
Verín - Viana	33	-	0,46	1,67
GALICIA	311	3637	0,92	3,36

Fig.77. Táboa cos indicadores turísticos dos xeodestinos en 2015.
Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística.

Da análise dos indicadores anteriores, compróbase que o xeodestino turístico Mariña Lucense supera amplamente a media galega nos indicadores de poboación, só por detrás de Terras de Santiago, Ría de Arousa e Ancares-Courel.

3.7. VISITANTES NA PRAIA DAS CATEDRAIS E NO MONUMENTO NATURAL

O DECRETO 80/2015, do 11 de xuño, polo que se aproba o Plan de conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais[19], analiza diversos parámetros que afectan á conservación do Monumento e fixa a cota máxima diaria de persoas que poden acceder á zona de praia nos meses de xullo, agosto e setembro e en Semana Santa, en 4.812 persoas. Dita limitación comezou a ser efectiva o 1 de xullo de 2015.

Para a articulación do devandito decreto levouse a cabo un estudo da demanda de uso público do Monumento Natural. Sintetízanse as conclusións do antedito estudo, referentes aos visitantes da praia das Catedrais no seguinte esquema.

VISITANTES NO VERÁN DE 2014

Datos de demanda:
- Xullo:
  - Primeira quincena: 150.000 visitantes na praia das Catedrais
  - 80% de ocupación hostaleira
  - 32.000 persoas atendidas na oficina de turismo
- Agosto:
  - 270.000 visitantes na praia das Catedrais
  - 90% de ocupación hostaleira
  - 28.000 persoas atendidas na oficina de turismo
- Picos de demanda:
  - 13 de xullo: 14.000 visitantes
  - Venres Santo: 20.000 visitantes

Características e comportamento da demanda:
- Motivación principal:"turismo ou vacacións" (90%)
- Procedencia: Auxe do turismo nacional, posiblemente pola apertura da A8
- Medio de transporte: vehículo propio (90%)
- Duración da visita: inferior a 2 horas (80%)
- Planificación da visita: evítase a fin de semana para fuxir da masificación
- Satisfacción coa visita: puntuación de 4,4 sobre 5
- Observacións formuladas:
  - Necesidade dun regulamento ou control do número de persoas
  - Insuficiencia da capacidade e mal acondicionamento do aparcadoiro
  - Desacordo no pagamento do servizo de aseo e dos planos

Fig.78. Síntese das principais valoracións. Fonte: Elaboración propia a partir de DECRETO 80/2015, do 11 de xuño, polo que se aproba o Plan de conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais

---

[19] O Plan fixa un límite de visitantes diario en 4.812 persoas. Sen embargo, esta cifra só se refire aos visitantes que acceden á praia, sen ter en conta a presión sobre as restantes zonas do Monumento Natural. Ademais este límite só contempla o acceso á Praia a través das escaleiras, sen ter en conta a posibilidade de acceso desde outros areais nos días de marea moi baixa.
Segundo o plan, a motivación principal dos visitantes á praia foi o feito de facer turismo “ou por motivos vacacionais”, sen embargo esta motivación é moi ampla, polo que se bota en falta un maior detalle (turismo cultural, turismo de sol e praia, turismo de natureza, etc.). Asemade, é salientable o feito de que a maioría van por motivos vacacionais cando o mesmo estudo sinala que non pernoitan, polo que se deberían considerar excursionistas en lugar de turistas.
Por último, o incremento dos visitantes nos últimos anos explícase neste Plan como resultado do remate da autovía A8. Se ben é un motivo de gran relevancia, non se pode esquecer a presenza doutros factores, como as campañas de promoción turística, o alto número de premios que recibiu a Praia nas redes sociais e os reportaxes publicados nos medios de comunicación.

A pesar de que a marea baixa é o momento recomendado para visitar a praia das Catedrais, a gran atracción que xera, fai que os visitantes se acheguen ao areal en calquera momento do día.

Nas horas menos idóneas para visitar a praia (as próximas á marea alta) prodúcense a maioría dos comportamentos inadecuados, como a subida ós illotes e cantís por parte de aqueles que pretenden contemplar a imaxe máis popular da praia.







Fig.79. Diversas imaxes do uso inadecuado do espazo natural de As Catedrais. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

ANTECEDENTES E OBXECTIVOS

Aínda que cada vez en menor medida, debido á fragmentación das vacacións e á proliferación dos *shortbreaks*, o sector turístico segue a manifestar un comportamento estacional, caracterizado pola existencia de picos de demanda nos meses estivais e na Semana Santa.

No caso concreto da Praia das Catedrais, a mellora das comunicacións, especialmente grazas á apertura da autovía A-8, favorece o papel da Praia como destino de viaxes de curta duración. A isto hai que engadir a singularidade da Praia, derivada de dous factores: a incidencia das mareas na visita, que propicia a concentración da demanda en torno ás horas da baixamar; e o seu carácter de espazo natural, que a fai mais dependente das condicións atmosféricas.

Se ben existen estimacións sobre o número de visitantes que recibe a Praia das Catedrais anualmente, publicadas en diferentes medios de comunicación e facilitadas ao equipo redactor por diversos axentes; non se ten localizado ata a data un estudo científico ao respecto.

A entrada en funcionamento do sistema de reserva de acceso á Praia das Catedrais no mes de xullo de 2015, permite dispoñer de información sobre o número de visitantes nas datas nas que se esixe reserva previa (isto é, en tempada alta, no verán e en Semana Santa). Esta información constitúe a fonte máis fiable para a articulación das estimacións, se ben presenta unha tripla limitación: en primeiro lugar, correspóndese co número de reservas efectuadas e non co número real de visitantes; en segundo lugar, non permite contabilizar os visitantes que, sen entrada, acoden á Praia fóra do horario de control e; por último, só se refiren aos visitantes da Praia e non aos da totalidade do Monumento Natural.

En base ás consideracións anteriores, este estudo proponse dous obxectivos:

- Estimar o número mensual de visitantes na Praia das Catedrais e no ámbito do Monumento Natural en 2015
- Formular unha hipótese sobre a evolución que seguirá o número de visitantes no período 2016-2020.

Cómpre sinalar que a presente estimación constitúe unha primeira aproximación, pendente dos traballos de reconto manual de visitantes en tempada baixa, que continúan realizándose, e que, se é oportuno darán lugar a unha revisión dos resultados que aquí se presentan.

METODOLOXÍA

Para a estimación de visitantes que recibiu o areal mensualmente en 2015, emprégase información procedente das seguintes fontes de consulta:

- Visitantes en Ribadeo (Instituto Nacional de Estadística)
- Pernoitas en Ribadeo (Instituto Nacional de Estadística)
- Visitantes á Praia das Catedrais con reserva previa en xullo e agosto de 2015 (ATG)
- Usuarios do punto de información turística en 2015 (Concello de Ribadeo)
- Ocupación hoteleira en aloxamento turístico de referencia do municipio (2015)
- Visitantes ó museo próximo (2015)
- Mostraxes en tempada baixa: 5 medicións (Crecente Asociados)

MEDICIÓNS EFECTUADAS

Para salvar a ausencia de información sobre visitantes en tempada baixa, recolléronse datos en cinco xornadas que, *a priori*, presentaban características diferentes, na procura de que puidesen ser representativos:

	XORNADA 1	XORNADA 2	XORNADA 3	XORNADA 4	XORNADA 5
MES	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
DÍA DA SEMANA	Luns	Domingo	Sábado	Sábado	Mércores
BAIXAMAR	14:21 h	13:30 h	12:38 h	13:21 h	18:42 h
COEFICIENTE MAREAS	49	79	106	70	66
ºC	0°C-10°C	2°C-16°C	0ºC- 13ºC	16ºC- 23ºC	9ºC- 22ºC
VENTO	5 km/h	10 km/h	18 km/h	10 km/h	8 km/h
VISITANTES	**246**	**1768**	**1.105**	**734**	**849**

Fig.80. Táboa coas características de contexto no que se fixeron as medicións estatísticas.
Fonte: Crecente Asociados

As xornadas 1 e 2 son xornadas de medición para a articulación da estimación que se presenta. Pola súa banda, as xornadas 3, 4 e 5 son xornadas de control para constatar sobre o terreo a representatividade dos datos recollidos nas xornadas anteriores.

A xornada 1 é un luns de febreiro, con situación atmosférica inestable, temperaturas baixas e ameaza constante de precipitacións. O coeficiente de mareas (49) era baixo, polo que o espazo de area durante a baixamar era menor que en días con alto coeficiente de mareas. A partir destas condicións, asúmese que a medición efectuada é representativa dos días de menor nivel de demanda do mes. Durante o horario de reconto (09:00 -20:00 h) contabilizáronse **246 visitantes.** Tanto ao comezo como ao remate da xornada o areal estaba practicamente baleiro, polo que se considera que o número de potenciais visitantes fóra deste horario é puramente testemuñal.

A xornada 2 correspóndese cun domingo da primeira metade do mes marzo, con situación atmosférica favorable. Os ceos mantivéronse despexados e o coeficiente de mareas ostentaba un valor alto (79). Asúmese que esta xornada é representativa dos días de maior número de visitantes do mes. Durante o horario de reconto (09:00 - 20:00 h) contabilizáronse un total de 1.607 persoas. Do alto nivel de afluencia nesta xornada, infírese que a chegada de visitantes tamén se produzo antes e despois do horario de reconto, o que leva a incrementar estes datos nun 10%. Así obtense un total de **1.768 visitantes.**

A **xornada 3** de seguimento é un sábado con tempo anubrado e coeficiente de mareas 106. O reconto deu como resultado un total de 1.005 visitantes Estímase que fóra do horario de reconto, a cifra puido incrementarse nun 10%, polo que neste día rexistraríanse un total de **1.105 visitantes.**

A **xornada 4** de seguimento correspondeu a un sábado, no que o estado dos ceos eras nubrado con precipitacións intermitentes e coeficiente de mareas de 70. Nesta xornada contabilizáronse un total de 667 persoas, se ben estímase que un 10% mais de visitantes podería acudir fóra do horario de reconto, cifrándose o total de visitantes en 734.

A **xornada 5** de seguimento é un mércores con ceos soleados e coeficiente de mareas 66. O reconto efectuado sumou 772 visitantes, aos que se engade un 10% en concepto de visitantes chegados fóra do horario de contabilización, dando como resultado un total de 849 visitantes.

APLICACIÓN DAS MEDICIÓNS Á ESTIMACIÓN DE VISITANTES EN FEBREIRO DE 2015

A partir dos datos das xornadas 1 e 2, estímase o número de visitantes no mes de febreiro de 2015. Nesta liña, cómpre aclarar que se ben a xornada 2 corresponde á primeira quincena do mes de marzo, a estimación efectuase sobre o mes de febreiro, co obxecto de evitar interferencias cos resultados de Semana Santa (en 2015 os días 28,29,30 e 31 de marzo marcaban o inicio desta celebración).

A fin de calcular o total de visitantes que recibiu o areal en febreiro, aplícanse os resultados da xornada 1 aos días laborables e os resultados da xornada 2 aos sábados e domingos do mes. En base ao calendario de febreiro de 2015, un total de 19.064 visitantes acudirían á Praia durante este mes.

1	domingo	1768	11	mércores	246	21	sábado	1768
2	luns	246	12	xoves	246	22	domingo	1768
3	martes	246	13	venres	246	23	luns	246
4	mércores	246	14	sábado	1768	24	martes	246
5	xoves	246	15	domingo	1768	25	mércores	246
6	venres	246	16	luns	246	26	xoves	246
7	sábado	1768	17	martes	246	27	venres	246
8	domingo	1768	18	mércores	246	28	sábado	1768
9	luns	246	19	xoves	246			
10	martes	246	20	venres	246		TOTAL	19.064

Fig.81. Aproximación ao número de visitantes no mes de febreiro de 2015. Fonte: Crecente Asociados

Os baixos resultados da xornada 1, superados noutros días laborables, tal e como testou o equipo nas frecuentes visitas ao areal, neutralízanse cos altos resultados da xornada 2, posiblemente superiores aos doutros días da fin de semana, como constatan os datos recollidos nas xornadas de seguimento (xornadas 3,4 e 5).

En base ao anterior, validase como representativa a estimación elaborada para o mes de febreiro de 2015.

ESTIMACIÓN DO NÚMERO DE VISITANTES EN XULLO E AGOSTO DE 2015

Nestes meses recupéranse os datos publicados pola Axencia de Turismo de Galicia (ATG) que apuntan á afluencia de 75.253 visitantes no mes de xullo de 2015 e 120.718 visitantes no mes de agosto dese mesmo ano.

Como se indicou no apartado de Antecedentes e Obxectivos, estes datos presentan diversas limitacións; sendo a fundamental o feito de que a Praia das Catedrais é un espazo aberto no que o control de acceso só se efectúa nun horario delimitado.

A existencia dun maior número de horas de luz nos meses estivais e dun maior nivel de demanda, fai que se faga preciso considerar aos visitantes que accederon ao areal fóra do horario de control de acceso. Asemade, tense constatado o acceso á Praia de visitantes sen reserva de entrada durante o horario de control, ben desde outros areais (sen acceder por tanto polo punto de control), ou ben sen reserva previa por tratarse de visitantes que acudían por motivos profesionais.

Tal e como mostra a seguinte táboa, asúmese que a porcentaxe de persoas que poden ter accedido fóra do horario de control ou sen entrada podería aproximarse ao 10%. Polo tanto, increméntanse os datos da Axencia de Turismo de Galicia nesta porcentaxe.

	XULLO	AGOSTO
DATOS ATG	75.253	120.718
FÓRA DO HORARIO/SEN RESERVA (10%)	7.525	12.072
TOTAL	**82.778**	**132.790**

Fig.82. Táboa de visitantes nos meses de xullo e agosto de 2015, tras incluir a porcentaxe estimada de persoas que entraron ao areal sen necesidade de reserva previa.
Fonte: Crecente Asociados a partir de Axencia de Turismo de Galicia (ATG)

ESTIMACIÓN DO NÚMERO DE VISITANTES NOS RESTANTES MESES DE 2015

Para poder inferir a situación dos restantes meses de 2015, recompiláronse datos mensuais das principais series turísticas dispoñibles na Praia e no seu entorno:

- Datos mensuais de visitantes ao Museo de Viladonga (2015)
- Datos mensuais de visitantes ao Castro de Viladonga (2015)
- Datos mensuais de ocupación de aloxamento de referencia (2015)
- Datos mensuais de viaxeiros en Ribadeo (2015)
- Datos de usuarios do punto de información turística en 2015 (parciais)

	MUSEO VILADONGA	CASTRO VILADONGA	ALOXAM.	VIAXEIROS	NOITES	PUNTO INFO	AS CATEDRAIS
XANEIRO	418	502	458	1619	2404		
FEBREIRO	662	719	509	1857	2890		19064
MARZO	1517	**2456**	790	3269	4953		
ABRIL	**2105**	**2351**	944	4233	6925	3353	
MAIO	**2494**	**2655**	1226	5621	8706	1689	
XUÑO	1878	1993	1064	6820	9896	1748	
XULLO	1324	1548	1260	**12732**	20840	17362	82778
AGOSTO	**2269**	**2700**	1310	**12746**	23933	27433	132790
SETEMBRO	1061	1301	1424	8983	13468	12322	
OUTUBRO	1197	1415	1241	5760	8217		
NOVEMBRO	949	1049	697	3035	4181		
DECEMBRO	1007	1107	751	2877	4315		

Fig.83. Táboa cos principais datos mensuais de visitantes segundo diversas variables.
Fonte: Elaboración propia, a partires de Museo e Castro de Viladonga, aloxamento de referencia, Instituto Nacional de Estadística, Concello de Ribadeo e medicións de Crecente Asociados.

O feito de que o punto de información da Praia opere de forma estacional, unido a que durante os meses de abril, maio e xuño só abre nas fins de semana e festivos, imposibilita aplicar as súas cifras no cálculo da estimación de visitantes ao areal. Por este motivo, non se teñen en conta os datos de punto de información turística para elaborar a presente estimación.

A continuación, calcúlase a variación intermensual do número de visitantes de cada unha das series turísticas estudadas, tomando como base para cada unha delas os meses de febreiro, xullo e agosto.

	BASE FEBREIRO					
	Museo Viladonga	Castro Viladonga	Aloxamento	Viaxeiros	Noites	As Catedrais
Xaneiro	0,63141994	0,69819193	0,89980354	0,871836295	0,83183391	
Febreiro	1	1	1	1	1	1
Marzo	2,29154079	3,41585535	1,55206287	1,760366182	1,71384083	
Abril	3,17975831	3,26981919	1,8546169	2,279483037	2,39619377	
Maio	3,7673716	3,69262865	2,4086444	3,026925148	3,01245675	
Xuño	2,83685801	2,77190542	2,09037328	3,672590199	3,42422145	
Xullo	2	2,15299026	2,47544204	6,856219709	7,21107266	4,3421108
Agosto	3,42749245	3,75521558	2,57367387	6,863758751	8,28131488	6,9654847
Setembro	1,60271903	1,80945758	2,79764244	4,837372106	4,66020761	
Outubro	1,8081571	1,96801113	2,43811395	3,10177706	2,8432526	
Novembro	1,43353474	1,45897079	1,36935167	1,634356489	1,4467128	
Decembro	1,52114804	1,53963839	1,47544204	1,549273021	1,49307958	
	BASE XULLO					
	Museo Viladonga	Castro Viladonga	Aloxamento	Viaxeiros	Noites	As Catedrais
Xaneiro	0,31570997	0,32428941	0,36349206	0,12715991	0,11535509	
Febreiro	0,5	0,46447028	0,40396825	0,14585297	0,13867562	0,2202886
Marzo	1,14577039	1,58656331	0,62698413	0,25675463	0,23766795	
Abril	1,58987915	1,51873385	0,74920635	0,33246937	0,33229367	
Maio	1,8836858	1,71511628	0,97301587	0,44148602	0,41775432	
Xuño	1,418429	1,2874677	0,84444444	0,53565818	0,47485605	
Xullo	1	1	1	1	1	1
Agosto	1,71374622	1,74418605	1,03968254	1,00109959	1,14841651	1,6041702
Setembro	0,80135952	0,84043928	1,13015873	0,70554508	0,6462572	
Outubro	0,90407855	0,91408269	0,98492063	0,45240339	0,39428983	
Novembro	0,71676737	0,67764858	0,5531746	0,23837575	0,2006238	
Decembro	0,76057402	0,71511628	0,59603175	0,22596607	0,20705374	
	BASE AGOSTO					
	Museo Viladonga	Castro Viladonga	Aloxamento	Viaxeiros	Noites	As Catedrais
Xaneiro	0,18422212	0,18592593	0,34961832	0,12702024	0,10044708	
Febreiro	0,29175848	0,2662963	0,38854962	0,14569277	0,12075377	0,143565
Marzo	0,66857647	0,90962963	0,60305344	0,25647262	0,20695274	
Abril	0,92772146	0,87074074	0,72061069	0,33210419	0,28934943	
Maio	1,09916263	0,98333333	0,93587786	0,4410011	0,36376551	
Xuño	0,82767739	0,73814815	0,81221374	0,53506983	0,41348765	
Xullo	0,58351697	0,57333333	0,96183206	0,99890162	0,87076422	0,6233753
Agosto	1	1	1	1	1	1
Setembro	0,46760688	0,48185185	1,0870229	0,70477012	0,56273764	
Outubro	0,52754517	0,52407407	0,94732824	0,45190648	0,34333347	
Novembro	0,41824592	0,38851852	0,53206107	0,23811392	0,17469603	
Decembro	0,44380784	0,41	0,57328244	0,22571787	0,18029499	

Fig.84. Táboa coa variación intermensual do número de visitantes de cada unha das series turísticas estudadas. Fonte: Elaboración propia, a partires de Museo e Castro de Viladonga, aloxamento de referencia, Instituto Nacional de Estadística, Concello de Ribadeo e medicións de Crecente Asociados.




Fig.85. Gráficos coa variación intermensual do número de visitantes de cada unha das series turísticas estudadas. Fonte: Elaboración propia, a partires de Museo e Castro de Viladonga, aloxamento de referencia, Instituto Nacional de Estadística, Concello de Ribadeo e medicións de Crecente Asociados.

Á vista dos gráficos obtidos, obsérvase que a variable Noites é a que segue unha evolución mensual mais acorde aos datos mensuais da Praia dos que se dispón e a curva de demanda que previsiblemente seguiría. Isto é, valores mais baixos nos meses de inverno, aumento a partir da primavera, e maiores cifras de visitantes nos meses estivais, superando os valores de agosto amplamente aos de xullo e setembro.

Estímanse os visitantes da Praia durante 2015 a partir dos coeficientes calculados para a evolución da variable Noites en Ribadeo. Dita estimación realízase en base aos meses de febreiro, xullo e agosto, por ser os tres meses para os que se posúe información sobre visitantes na Praia, obténdose así tres hipóteses:

	BASE FEBREIRO		BASE XULLO		BASE AGOSTO	
	Noites	Estimación	Noites	Estimación	Noites	Estimación
XANEIRO	0,83183391	15858	0,115355086	9549	0,100447081	13338
FEBREIRO	1	19064	0,138675624	11479	0,120753771	16035
MARZO	1,71384083	32673	0,237667946	19674	0,206952743	27481
ABRIL	2,39619377	45681	0,332293666	27507	0,289349434	38423
MAIO	3,01245675	57429	0,417754319	34581	0,363765512	48304
XUÑO	3,42422145	65279	0,474856046	39308	0,413487653	54907
XULLO	7,21107266	137472	1	82778	0,870764217	115629
AGOSTO	8,28131488	157875	1,148416507	95064	1	132790
SETEMBRO	4,66020761	88842	0,646257198	53496	0,562737643	74726
OUTUBRO	2,8432526	54204	0,394289827	32639	0,343333473	45591
NOVEMBRO	1,4467128	27580	0,2006238	16607	0,174696026	23198
DECEMBRO	1,49307958	28464	0,207053743	17139	0,18029499	23941

Dato base
Dato para o que se dispón de valores

Fig.86. Táboa coa estimacións de visitantes durante 2015. Fonte: Crecente Asociados

Finalmente calcúlase a media dos tres resultados obtidos para cada mes e substitúense os valores dos meses para os que dispoñemos de datos reais, xurdindo así a estimación final de visitantes na Praia en 2015.

ESTIMACIÓN MENSUAL DOS VISITANTES NA PRAIA DAS CATEDRAIS EN 2015

A partir da información recollida nos apartados precedentes, obtense a seguinte estimación:



VISITANTES PRAIA DAS CATEDRAIS 2015

XANEIRO	12.915
FEBREIRO	19.064
MARZO	26.609
ABRIL	37.204
MAIO	46.771
XUÑO	53.165
XULLO	82.778
AGOSTO	132.790
SETEMBRO	72.355
OUTUBRO	44.145
NOVEMBRO	22.462
DECEMBRO	23.181
TOTAL	573.439

Á vista dos datos anteriores, estamos ante unha curva de demanda que comeza o ano no seu punto mínimo e medra de modo progresivo ata acadar o seu máximo en agosto, para despois decrecer. Salienta o alto grao de concentración dos visitantes en torno aos meses de xullo, agosto e setembro, que absorben o 50% da demanda anual total.




Fig.87. Gráficos coa estimación anual de visitantes por meses á Praia das Catedrais.
Fonte: Crecente Asociados

ESTIMACIÓN DOS VISITANTES AO MONUMENTO NATURAL EN 2015

Asúmese que nos meses nos que non é necesaria reserva previa, un 15% dos visitantes poden achegarse ao enclave e non acceder á Praia, ben porque a marea non o permite ou ben por outros motivos. Esta cifra a constata o traballo de medición efectuado nas xornadas 1-5. Pola súa banda, nos meses nos que é necesaria reserva previa, estímase que esta porcentaxe increméntase ata o 20%, pois existirán tamén visitantes que acoden sen ter completado o proceso de reserva. Obtense así a seguinte estimación de visitantes no Monumento Natural para 2015:



VISITANTES MONUMENTO NATURAL 2015

XANEIRO	14.852
FEBREIRO	21.924
MARZO	30.600
ABRIL	42.785
MAIO	53.787
XUÑO	61.140
XULLO	99.334
AGOSTO	159.348
SETEMBRO	86.826
OUTUBRO	50.767
NOVEMBRO	25.831
DECEMBRO	26.658
TOTAL	673.851

Á vista dos datos anteriores, constátase que os meses estivais (xullo, agosto e setembro) son os que rexistran as maiores cifras de visitantes, atraendo no seu conxunto á metade dos visitantes anuais que recibe o Monumento Natural.




Fig.88. Gráficos coa estimación da evolución de visitantes no Monumento Natural ó longo do ano 2015. Fonte: Crecente Asociados

HIPÓTESE SOBRE O NÚMERO DE VISITANTES NA PRAIA DAS CATEDRAIS (2016-2020)

Formúlanse a continuación tres escenarios sobre a posible evolución do número de visitantes na Praia das Catedrais para o período 2016-2020 (de mínimos, intermedios e de máximos). Como punto de partida, tómanse os datos de pernoitas que o Instituto Nacional de Estatística recolle para Ribadeo para o período 2005-2015. En base a estes, o número de pernoitas no período de estudo incrementouse nun 33,41 %, o que supón unha taxa anual media de crecemento do 3,34%.

Esta porcentaxe é a que se emprega para o cálculo da situación de acordo a un escenario intermedio. Para a definición da situación nun escenario de mínimos e nun escenario de máximos, a taxa media anual é, respectivamente, da metade (1,67%) e do dobre (6,68%).

	PREVISIÓN DE VISITANTES NA PRAIA DAS CATEDRAIS		
	ESCENARIO DE MÍNIMOS	ESCENARIO INTERMEDIO	ESCENARIO DE MÁXIMOS
2016	583.015	592.936	611.745
2017	592.752	613.096	652.609
2018	602.651	633.941	696.204
2019	612.715	655.495	742.710
2020	622.947	677.782	792.323

Fig.89. Táboa coa previsión de visitantes na praia das Catedrais. Fonte: Crecente Asociados

En base a esta estimación (desde a óptica intermedia), en 2017 superaríase a barreira dos 600.000 visitantes e en 2020 as cifras aproximaríanse xa aos 700.000.




Fig.90. Gráfico coa previsión de visitantes na Praia das Catedrais. Fonte: Crecente Asociados

A continuación, seguindo coa mesma metodoloxía, estímase a anualidade na que se acadaría a cifra do millón de visitantes anual en cada un destes escenarios.

	ESCENARIO DE MÍNIMOS	ESCENARIO INTERMEDIO	ESCENARIO DE MÁXIMOS
1 MILLÓN	ANO 2049	ANO 2032	ANO 2024

Fig. 91. Táboa coa estimación da anualidade na que se acadaría a cifra de 1 millón de visitantes na Praia das Catedrais. Fonte: Crecente Asociados

HIPÓTESE SOBRE O NÚMERO DE VISITANTES NO ÁMBITO DO MONUMENTO NATURAL (2016-2020)

Unha vez elaborado o prognóstico do número de visitantes que recibirá á Praia das Catedrais no período 2016-2020, realízase unha estimación do número de visitantes ao Monumento Natural para este mesmo período.

Como punto de partida, tómase a estimación de visitantes anuais para 2015 presentada anteriormente, e increméntase anualmente o seu volume aplicando unha taxa anual media do 3,34% (escenario intermedio), do 1,67% (escenario de mínimos) e do 6,68% (escenario de máximos). Ditas porcentaxes son as mesmas que se empregaron na formulación da hipótese de futuro do número de visitantes á Praia que se recolle no epígrafe precedente.

	PREVISIÓN DE VISITANTES NO MONUMENTO NATURAL		
	ESCENARIO DE MÍNIMOS	ESCENARIO INTERMEDIO	ESCENARIO DE MÁXIMOS
2016	685.104	696.762	718.864
2017	696.546	720.452	766.884
2018	708.178	744.947	818.112
2019	720.004	770.275	872.762
2020	732.029	796.465	931.063

Fig.92. Táboa coa previsión de visitantes ó Monumento Natural. Fonte: Crecente Asociados

De acordo a estes datos, nun escenario intermedio, ao final do período o número de visitantes aproximaríase aos 800.000.




Fig.93. Gráfico coa previsión de visitantes nos próximos anos ao Monumento Natural. Fonte: Crecente Asociados

A continuación, seguindo coa mesma metodoloxía, estímase a anualidade na que se acadaría a cifra do millón de visitantes anual en cada un destes escenarios.

	ESCENARIO DE MÍNIMOS	ESCENARIO INTERMEDIO	ESCENARIO DE MÁXIMOS
1 MILLÓN	ANO 2039	ANO 2027	ANO 2022

Fig.94. Táboa coa estimación da chegada á cifra de visitantes 1 millón no Monumento Natural. Fonte: Crecente Asociados

CADRO-RESUMO ANÁLISE DA DEMANDA TURÍSTICA (2015)

VIAXEIROS EN RIBADEO

69.618 viaxeiros

85% de procedencia nacional

52,9% do viaxeiros totais da comarca da Mariña Lucense

9,8% dos viaxeiros totais da provincia de Lugo

1,7% dos viaxeiros totais de Galicia

Crecemento do **34%** en **2013**

PERNOITAS EN RIBADEO

110.797 noites

86% de procedencia nacional

43% das pernoitas totais na comarca da Mariña Lucense

11% das pernoitas totais da provincia de Lugo

1,4% das pernoitas totais de Galicia

ESTADÍA MEDIA EN RIBADEO

1,59 noites (1,61 o viaxeiro nacional e 1,47 o internacional)

Inferior á estadía media da **comarca** (1,73) e de **Galicia** (1,88)

Superior á estadía media na **provincia** de Lugo (1,44)

ESTACIONALIDADE EN RIBADEO

36,6 % dos viaxeiros anuais en xullo e agosto

Inferior á doutros **destinos de litoral** de Galicia

Superior á dos **destinos urbanos** de Galicia

CAMIÑO DO NORTE

10 km da Praia das Catedrais

3º camiño máis transitado (15.873 peregrinos en 2015)

x4 o número de peregrinos no período 2005-2015

29º punto máis frecuente de inicio do Camiño de Santiago: Ribadeo

VISITANTES NA PRAIA DAS CATEDRAIS

4.812 persoas/día: límite en tempada alta

573.439 visitantes á **Praia** (2015, estudo Crecente Asociados - C.A.)

673.851 visitantes ao **Monumento Natural** (2015, estudo C.A)

4. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN

4.1. PROMOCIÓN

A praia de Augas Santas é un fenómeno turístico de primeira orde. A orixe do termo As Catedrais parece remontarse aos anos 60. De acordo á información publicada en prensa, serían os directores do campamento "A Devesa" os primeiros en introducir o termo "La Catedral" como referencia ao areal.

Mais adiante, a promoción da Xunta de Galicia é a que, pouco despois da súa creación, comeza a presentar carteis que presentan a imaxe icónica da Praia. Mais adiante, a labor de L. Calvo Sotelo a comezos dos anos 80 marcaría un novo fito no espertar turístico do areal. En 2008, con motivo do falecemento do político, o xornal La Voz de Galicia, sinala *"También se le atribuye ser el «descubridor» de la playa de As Catedrais. Fue durante su etapa de presidente cuando se bañó en bermudas en la entonces conocida como playa de As Augas Santas y la foto se divulgó por toda España"*[20].




Fig.95. Fotografías diversas de L. Calvo Sotelo no entorno da praia das Catedrais. Fonte: Imaxes tomadas do xornais ABC[21] e El Correo Gallego[22]

[20] http://www.lavozdegalicia.es/espana/2008/05/04/0003_6788296.htm(Consultado o 26 de xullo de 2016)

[21] http://www.abc.es/fotos-historia/20130711/famosos-vacaciones-123789.html

[22] http://www.elcorreogallego.es/portada/ecg/presidente-marinero-ribadeo/idEdicion-2009-05-02/idNoticia-422374/ (Consultado o 26 de xullo de 2016)

A popularidade da Praia foi en aumento ata que a Praia das Catedrais pasou a ser unha imaxe habitual nas campañas de promoción emprendidas desde as diversas Administracións.

En 2005 a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia lanzou a campaña de promoción internacional "Smile! you are in Galicia" en colaboración co Instituto de Turismo de España, na que a Praia das Catedrais era un dos emprazamentos seleccionados.



Fig.96. Cartel da campaña publicitaria "Smile! You are in Galicia". Fonte: Axencia de Turismo de Galicia

Un ano mais tarde, en 2006, a Consellería de Innovación e Industria e Turgalicia lanzan a campaña "Galicia segue sendo única", na que de novo se emprega a imaxe das Catedrais.



Fig.97. Imaxes diversas da Praia das Catedrais na campaña publicitaria da Xunta de Galicia "Galicia segue sendo única". *Fonte: Axencia de Turismo de Galicia*

Neste mesmo ano, ademais da campaña gráfica, lanzáronse os spots publicitarios "Galicia é única", e "Galicia segue sendo única" ambos con versión en galego e versión en castelán e emitidos nas principais canles nacionais e na televisión autonómica.

O spot "Galicia é única", estivo activo desde finais de maio de 2006 ata finais de xuño desde mesmo ano, e contou coa banda sonora de Luar na Lubre e a voz do actor Luis Tosar e nel, entre outros enclaves, saía a Praia das Catedrais.




Fig.98. Imaxe do vídeo "Galicia é única". Fonte: Axencia de Turismo de Galicia

No spot "Galicia segue sendo única", emitido en setembro de 2006, aparece de novo a banda sonora de Luar da Lubre e, tras amosar diversos emprazamentos da nosa Comunidade, o anuncio finaliza coa imaxe da Praia das Catedrais.



Fig.99. Imaxe do vídeo "Galicia segue sendo única". Fonte: Axencia de Turismo de Galicia

En 2009 lánzase dúas campañas, unha de ámbito estatal, que leva por lema "Galicia. Ven. Siéntela", e outra de ámbito autonómico e denominada "Galicia. Coñécela?", nas que a Praia das Catedrais figura como un dos reclamos turísticos da nosa Comunidade.



*Fig.100. Imaxe do vídeo promocional "Galicia. Coñécela?". Fonte: Axencia de Turismo de Galicia (*https://www.youtube.com/watch?v=5lgthAbvld4)



Fig.101. Imaxe do vídeo promocional "Galicia. Coñécela?". Fonte: Axencia de Turismo de Galicia. https://www.youtube.com/watch?v=6yTrAAn87L0

Igualmente en 2014, as campaña "Galicia, El Buen Camino", e a súa versión galega "Galicia. O Bo Camiño", presentan de novo a Praia das Catedrais. De acordo á información publicada pola Axencia de Turismo de Galicia[23] esta campaña "chegou nos seus primeiros 15 días a máis de sete millóns e medio de persoas a través de Facebook".




Fig.102. Imaxes diversas do vídeo promocional de "Galicia, el buen Camino". Fonte: Axencia de Turismo de Galicia.

Actualmente, a Praia continúa a ser un dos reclamos empregados nas campañas de promoción. Neste 2016 o spot "Quiero Verano, Quiero Galicia", presenta novamente o areal ribadense.



Fig.103. Imaxe do vídeo promocional "Quiero Verano, quiero Galicia". Fonte: Axencia de Turismo de Galicia. https://www.youtube.com/watch?v=G6WW7Nuqows

[23] http://www.turismo.gal/detalle-nova-turistica?content=nova_0110.html (Consultado o 26 de xullo de 2016).

En paralelo á promoción emprendida pola Administración, nos últimos anos tivo lugar a inclusión da Praia das Catedrais nalgunhas listas de mellores praias ou mellores espazos naturais, que acadan unha alta repercusión da man dos medios de comunicación e das redes sociais.

Aínda que son moitas as distincións acadadas, recóllense a continuación algunhas da datas e recoñecementos que recibiu este Monumento Natural, na súa maior parte, como froito de votacións populares.

2008:

1º praia preferida polos europeos (Trivago)

2013:

Travellers´ Choice Playas (TripAdvisor):

1º Posto en España

2º Posto en Europa

6º Posto no mundo

2014:

Travellers´ Choice Playas (TripAdvisor):

2º Posto en España

4º Posto en Europa

15º Posto no mundo

7 marabillas Naturais de España (Allianz Global Assitance)

2015:

4ª Mellor praia de España (20minutos.es)

2ª Mellor praia para ir con nenos (playea.es)

Fig.104. Resumo das principais distincións acadadas pola Praia das Catedrais. Fonte: Elaboración propia.

Cómpre destacar a promoción que supón a aparición en medios de comunicación. A presenza do areal nos informativos nacionais, especialmente a partir do ano 2011, tanto polos recoñecementos que recibiu como polas noticias referentes á súa xestión, contribuíu a fomentar o crecemento demanda.

4.2. COMERCIALIZACIÓN

4.2.1. PAQUETES TURÍSTICOS / TRENS TURÍSTICOS

Recóllense en primeiro lugar os paquetes turísticos que se ofrecen na páxina web da Axencia de Turismo de Galicia (ATG) como Experiencias e Plans, e nos que se inclúe a visita a Ribadeo e/ou á Praia das Catedrais. A continuación faise referencia aos trens turísticos que discorren pola nosa Comunidade e que contemplan entre a súa oferta a visita á Praia das Catedrais. Por último, este epígrafe remata cunha referencia a outros circuítos turísticos non promocionados na web da ATG e que con frecuencia son organizados por empresas de fóra de Galicia.

EXPERIENCIAS

FAROS E PRAIAS SALVAXES: AS CATEDRAIS DO MAR
Itinerario: Ribadeo – Illa Pancha – Rinlo – Praia dos Castros – **Praia das Catedrais** – Praia de Peizás – Castro de Fazouro – Cerámica de Sargadelos – Cabo de San Cibrao – Xove – Punta Roncadoira – Praia de Esteiro – Monte Faro – Viveiro. **Xornadas**: 2 **Praia das Catedrais:** Proposta de ruta de sendeirismo. Visita libre. **Máis información en:** http://www.turgalicia.es/as-catedrais-do-mar?langId=es_ES

CAMIÑO DE SANTIAGO: CAMIÑO DO NORTE EN 4X4
Itinerario: Ribadeo – Vilaosende – As Anzas – O Valín – Covelas – Ferreiras – Curros – O Castro – Mondoñedo – Miravales – A Valiña – Montemaior – Suarriba – Penas – Fabás – O Areal – A Moura – Vilalba – Bustelo – Xestoselo – Saa – Cova da Serpe – O Sanguiñedo – Pardiñas – A Pedreira – Foxado – A Baiúca – Teixeiro – Sobrado dos Monxes – Arzúa – Fervenza das Hortas – Portodemouros – O Pedrouzo – Monte do Gozo – Santiago de Compostela. **Xornadas**: 5 **Praia das Catedrais:** Non se contempla especificamente **Máis información en**: http://www.turgalicia.es/experiencias/camino-de-santiago/camino-do-norte-en-4x4?langId=es_ES

Fig. 105. Paquetes de experiencias promocionadas na web da ATG. Fonte: http://www.turgalicia.es/

PLANS

MARABILLAS NATURAIS NA MARIÑA LUCENSE
Descrición: Paquete de 3 días que percorre de punta a punta os extremos da Mariña Lucense.
Itinerario: Viveiro – Gruta de Lourdes – Mosteiro de Valdeflores – Souto da Retorta – Viveiro – Monte Faro – Praia de Esteiro – Faro de Punta Roncadoira – San Cibrao – Museo Provincial do Mar – Ribadeo – Paseo do Faro – Cargadoiro – Illa Pancha – Rinlo – Praia dos Castros - **Praia das Catedrais** – San Miguel de Reinante – Ribadeo. Existe a opción de que o itinerario se realice en sentido inverso.
Servizos incluídos: 2 noites en réxime de media pensión – Información sobre rutas e horarios a realizar en FEVE – Reserva de mesa en restaurantes recomendados – Seguro de asistencia en viaxe – IVE
Máis información en: Viaxes Paco, S.A.; http://www.dmcgalicia.es/

Fig.106. Plans de visitas promocionadas na web da ATG Fonte: http://www.turgalicia.es/



Fig.107. Mapa de Ribadeo elaborado por Chencho Pardo. Fonte: http://www.chenchopardo.com/

TRENS TURÍSTICOS

TRANSCANTÁBRICO GRAN LUXO
Itinerario: San Sebastián – Bilbao – Villasana de Mena – Santander – Cabezón – Santillana – Potes – Llanes – Ribadesella – Covadonga – Oviedo – Gijón – Candás – Luarca – Ribadeo – Viveiro – Ferrol – Santiago de Compostela. **Xornadas**: 8 **Km (aprox.)**: 1200 **Servizos incluídos:** Suit Gran Luxo, Pensión Completa (a bordo ou en restaurantes), entradas a museos, monumentos e espectáculos, autocar de luxo acompañando ao tren todo o percorrido, 2 traslados cun 50% de desconto para os trens RENFE (achegamento ata o punto de inicio e ata o punto final), servizo de seguridade, guía acompañante multilingüe (todo o percorrido). **Servizos a conta do cliente:** Traslado de equipaxe, lavandería, bar. **Actividades a bordo:** Música e actuacións en directo, festas no coche pub, coctelería, show cooking, baile, etc. **Visitas e excursións:** 22 visitas dispoñibles entre as cales se atopan a **Praia das Catedrais** e a visita á vila de Ribadeo. * Tamén se pode contratar o aluguer do tren a medida para grupos; ata 28 persoas (32 con habitación tripla). **Praia das Catedrais:** Visita libre en horarios preestablecidos (non contempla a hora da Marea Baixa) cunha duración de 30 min – 60 min, traslado en bus desde estación de Ribadeo (no itinerario Santiago-León o autobús sae ás 10:00 h cara á Praia das Catedrais desde Ribadeo e o tren parte ás 13:00 h cara a seguinte parada), o guía acompañante realiza unha explicación sobre a Praia, reserva de acceso á praia incluída no billete do transcantábrico. **Máis información en:** 902 555 902 http://www.renfe.com/trenesturisticos/transcantabrico_GranLujo.html

Fig.108. Proposta do tren turístico "Transcantábrico, Gran Luxo" para coñecer o norte de España, incluído o norte de Galicia. Promoción de Renfe. Fonte: páxina web da Renfe.

TRANSCANTÁBRICO CLÁSICO
Itinerarios: • **8 días / 7 noites:** León – Cistierna – Guardo – Villasana de Mena – Bilbao – Santander – Cabezón de la Sal – Santillana del Mar – Arriondas – Oviedo – Candás – Avilés – Gijón – Luarca – Ribadeo – Viveiro – Santiago de Compostela. • **5 días / 4 noites:** Santander – Cabezón de la Sal – Santillana del Mar – Arriondas – Oviedo – Candás – Avilés – Gijón – Luarca – Ribadeo – Viveiro – Santiago de Compostela. • **4 días / 3 noites:** Santillana del Mar – Cabezón de la Sal – Santander – Bilbao – Villasana de Mena – Cistierna – San Feliz – León. **Servizos incluídos:** Suit Estándar, Pensión Completa (a bordo ou en restaurantes), entradas a museos, monumentos e espectáculos, autocar de luxo acompañando ao tren todo o percorrido, 2 traslados cun 50% de desconto para os trens RENFE (achegamento ata o punto de inicio e ata o punto final), servizo de seguridade, guía acompañante multilingüe (todo o percorrido). **Servizos a conta do cliente:** Traslado de equipaxe, lavandería, bar. **Actividades a bordo:** Música e actuacións en directo, festas no coche pub, coctelería, show cooking, baile, etc. **Visitas e excursións:** 22 visitas dispoñibles entre as cales se atopan a Praia das Catedrais e a visita á vila de Ribadeo. *É posible a contratación íntegra do tren, para grupos de ata 46 persoas. **Praia das Catedrais:** Visita libre en horarios preestablecidos (non contempla a hora da Marea Baixa) cunha duración de 30 min – 60 min, traslado en bus desde estación de Ribadeo (no itinerario Santiago-León o autobús sae ás 10:00 h cara á Praia das Catedrais desde Ribadeo e o tren parte ás 13:00 h cara a seguinte parada), o guía acompañante realiza unha explicación sobre a Praia, reserva de acceso á praia incluída no billete do transcantábrico. **Máis información en:** 902 555 902 http://www.renfe.com/trenesturisticos/transcantabricoClasico-itinerarios-y-salidas.html

Fig.109a. Proposta do tren turístico "Transcantábrico clásico", para coñecer o norte de España, incluido o norte de Galicia. Promoción de Renfe. Fonte: páxina web da Renfe.

TREN DOS FAROS
Itinerario Sábados: (pode solicitarse o traslado en bus desde A Coruña a Ferrol) Ferrol – Ponte Mera // Traslado en autobús e visita a Cabo Ortegal + Serra da Capelada + Cantíl Vixía Herbeira + Santo André de Teixido – traslado en bus a Estaca de Bares – Visita faro Estaca de Bares e paseo ata o punto máis setentrional da península Ibérica –Traslado en autobús ata O Barqueiro // Traxecto en tren O Barqueiro – Ribadeo // Traslado en autobús + panorámica Ribadeo + visita faro illa Pancha + visita Praia das Catedrais – traslado en autobús ata apeadeiro de Reinante // Traxecto en tren de regreso a Ferrol + regreso opcional en autobús a Ribadeo. **Xornadas:** 1 **Praia das Catedrais:** Visita de 1 hora (con chegada ás 17:30), guía oficial da Xunta de Galicia (acompañante todo o traxecto), traslado en autobús ata a Praia e traslado de regreso a Ferrol ou A Coruña en bus desde Ribadeo, a visita inclúe a reserva de acceso á Praia e pode coincidir coa marea alta. Comercialízase unicamente en tempada alta. **Máis información en:** http://www.turismo.gal/docs/mdaw/mtkw/~edisp/turga190634.pdf?langId=es_ES

fig.109b. Proposta do tren turístico "Tren dos Faros" para coñecer os farose a súa paisaxe no norte de Galicia. Promoción de Renfe. Fonte: páxina web da Renfe.



Fig. 110. Fotografía do apeadeiro de Reinante, da vía férrea do Norte de Lugo. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

OUTROS CIRCUITOS TURÍSTICOS

A continuación realízase un inventario de produtos e experiencias que diversos intermediarios e comercializadores están a ofertar e nos que se inclúe unha parada en Ribadeo para visitar a Praia das Catedrais. Se ben non se recollen todos os existentes no mercado, constátase que unha parte importante dos exemplos que se mostran están a se comercializar por entidades de fóra de Galicia[24]. Ademais, cómpre sinalar que se identificaron experiencias para pontes e festivos, similares ás que a continuación se presentan e que, debido a súa organización puntual, non se recollen no seguinte listado. Por último, é preciso facer referencia a que moitos destes mesmos paquetes turísticos comercialízanse desde outras webs, ademais das sinaladas, así como existen paquetes similares organizados desde outros puntos de orixe no territorio nacional.

TOUR ESPAÑA VERDE PARADORES + CAMIÑO DO NORTE
Itinerario: Bilbao (aeroporto) – Limpias – Santillana del Mar – Cangas de Onís – Gijón – Ribadeo – Vilanova de Lourenzá – Martiñán – Ponte de San Alberte – Marco de as Pías – Casadoeiro – A Rúa – Santiago. **Xornadas**: 14 (5 aloxados en Paradores, 9 no Camiño de Santiago) **Km (aprox.)**: 560 **Servizos:** transporte, guía-conductor, aloxamento en Paradores e Casas de Turismo Rural, réxime de media pensión, guías locais nalgúns puntos, seguro de viaxe. **Praia das Catedrais:** Inclúe o pase á praia, o tempo de visita adáptase as necesidades de cada grupo, ofértase traslado en van-coche-minibús ata Bilbao, do mesmo xeito a hora de visita á praia adáptase para facer coincidir coa marea baixa, guía-conductor incluída. **Máis información en:** GALICIA INCOMING SERVICES -VIAJES VILORIA S.A. Rúa da Senra 28 s.a. – Santiago 981568521 http://www.galiciaincoming.com/paquete/tour-espaa-verde-en-paradores-camino-del-norte

Fig. 111. Proposta do circuito "Tour España Verde Paradores+Camiño do Norte". Fonte: páxina web www.galiciaincoming.com

[24] *A última revisión da información e ligazóns web que se presentan foi realizada o 27/04/2016*

CIRCUITO POR ASTURIAS 2016 VIAJES ORGANIZADOS POR ESPAÑA
Itinerario: Varios puntos de orixe en España- Cangas de Onís – Covadonga/Ribadesella – Excursión opcional Gijón, Avilés e Cudillero – Ribadeo, Praia das Catedrais / Luarca – Oviedo / Tazones, Villaviciosa - Regreso a punto de inicio **Xornadas**: 6 **Km (aprox.)**: 351 **Servizos:** transporte, aloxamento 5 noites en Asturias, réxime de pensión completa, almorzo en restaurante de Ribadeo ou Luarca, guía local (Oviedo), guía acompañante, excursións (Cangas de Onís/Covadonga, Ribadesella, Ribadeo/Praia das Catedrais/Luarca, Oviedo e Tazones/Villaviciosa), seguro de viaxe. **Praia das Catedrais:** Visita con guía, 1 hora, inclúen reserva de entrada. **Máis información en:** KERALA VIAJES. Calle Huéscar 2, 29007 Málaga 952 61 26 64 http://www.keralaviajes.com/circuitos-espana-organizados.php

Fig. 112. Proposta do circuito "Circuito por Asturias 2016 Viajes Organizados por España". Fonte: páxina web www.keralaviajes.com

CIRCUÍTO CULTURAL ASTURIAS
Itinerario: Varios puntos de orixe en España- Cabo Peñas – Luanco – Candas – Villaviciosa- Tazones - Ribadesella - Oviedo -Ribadeo - Praia das Catedrais - Luarca - Cangas de Onís – Covadonga – Gijón - Regreso a punto de orixe **Xornadas**: 6 **Km (aprox.)**: 136 **Servizos:** transporte en autocar, aloxamento 5 noites en Asturias, réxime de pensión completa, excursións, guía acompañante, seguro de viaxe. **Praia das Catedrais:** Visita guiada de 1 h , inclúen os pases de acceso á praia **Máis información en:** VIAJATA, S.L. Ctra. De Jaén, 19 B, 1º B Escalera 1ª – Edificio Dávalos, 18014 , Granada //// 902 884 666 http://www.xn--circuitosespaa-2nb.com.es/mas-info-viajes-6832-circuito_cultural_a_asturias.aspx

Fig. 113. Proposta do circuito "Circuito Cultural Asturias". Fonte: páxina web www.circuitosespaña.com.es

CIRCUITO DE 6 DIAS POR ASTURIAS PARAÍSO NATURAL CON SALIDAS DESDE ARAGON, MADRID Y GUADALAJARA VERANO 2016

Itinerario: Varios puntos de orixe en España - Avilés – Ribadeo – Praia das Catedrais – Cudillero –Ribadesella – Lastres – Oviedo – Cabo Peñas – Luanco – Gijón – Cangas de Onís – Covadonga – Villaviciosa – Tazones – Madrid.

Xornadas: 6

Km (aprox.): 550

Servizos: transporte en autocar, aloxamento 5 noites en Asturias, pensión completa, 4 ou 8 excursións de medio día (segundo itinerario), guía local (Oviedo), guía acompañante, seguro de viaxe.

Praia das Catedrais: Guía acompañante e pases de acceso

Máis información en: LUSOVIAJES
clientes@lusoviajes.com
http://www.lusoviajes.com/oferta/viaje/espana/37665/circuito_de_6_dias_por_asturias_para%EF%BF%BD%EF%BF%BDso_natural_con_salidas_desde_aragon__madrid_y_guadalajara_verano_2016

Fig. 114. Proposta do circuito "Circuito de 6 días por Asturias Paraiso Natural". Fonte: páxina web www.lusoviajes.com

MARAVILLAS DE LA MARIÑA LUCENSE
Itinerario: Punto de orixe (A Coruña) - Ribadeo – Ruta en Barco (ría de Ribadeo) – Praia das Catedrais -Regreso a punto de orixe (A Coruña) **Xornadas:** 1 **Km (aprox.):** 312 **Servizos:** transporte en autocar, paseo en barco, comida. **Praia das Catedrais:** Traslado e visita libre **Máis información en:** VIAJAR EN AUTOBUS Avda. de Almeiras, 3-5 - 15180 - Culleredo 981 235 759 info@viajaenautobus.com http://www.viajaenautobus.com/ofertas-para-todos/51/maravillas-de-la-marina-lucense

Fig. 115. Proposta do circuito "Maravillas de la Mariña Lucense". Fonte: páxina web www.viajaenautobus.com

SANTIAGO – PRAIA DAS CATEDRAIS
Itinerario: Recollida do visitante no hotel (Santiago de Compostela) - Mondoñedo - Cervo - Ribadeo - Praia das Catedrais - Traslado a hotel (Santiago de Compostela). **Xornadas**: 1 **Km (aprox.)**: 330 **Servizos:** transporte en turismo/minivan ou minibus, guía oficial, comida. **Praia das Catedrais:** O tempo da visita adáptase aos clientes, así como a hora de visita (que se adapta á marea baixa), inclúe o pase de acceso ao areal. **Máis información en:** HERCULES TOURS S. C. C/Simón Bolivar 37, 3ºA 15011 A Coruña. 609557682, 661708696 http://www.herculestours.com/rutas-por-galicia/desde-santiago/rutas-por-galicia-santiago-marina-lucense/

Fig. 116. Proposta do circuito "Santiago-Praia das Catedrais". Fonte: páxina web www.herculestours.com

1 DÍA PRAIA DAS CATEDRAIS - VIVEIRO

Itinerario: Varios puntos de orixe en Asturias - Navia – Vegadeo – Ribadeo – Praia das Catedrais – Foz – Burela – Viveiro - Regreso a punto de orixe

Xornadas: 1 (excursión dun día, domingos días impares)
Servizos: Traslado en autocar, servizo de guías, seguro de viaxe.

Praia das Catedrais: (Dispoñible desde Xuño 30). Comida opcional en Ribadeo, traslado en autocar ata a Praia, 1 hora de visita, inclúe pases de acceso. A orde das visitas adáptase para facer coincidir a visita coa marea baixa.

Máis información en: ASTURVISIÓN
Av. de Portugal,34 - 33207 Gijón
609 884 677 – 669 691 507
asturvision@asturvision.es
http://www.asturvision.es/1-d%C3%ADa-playa-de-las-catedrales/

Fig. 117. Proposta do circuito "1 día Praia das Catedrais-Viveiro". Fonte: páxina web www.asturvision.es

Da análise da oferta existente, cómpre salientar o feito de que a visita a Ribadeo e á Praia das Catedrais se comercializa con frecuencia como parte dun circuíto a Asturias.



Fig. 118. Exemplos de circuítos turísticos por diversas zonas de Galicia e rexións veciñas, que inclúen o paso polas praias das Catedrais. Fonte: http://www.keralaviajes.com/

4.2.2. INTERNET E REDES SOCIAIS

Debido á importancia que ten na actualidade internet e as redes sociais na proxección e posicionamento dos destinos turísticos, neste apartado analízase, en primeiro lugar, o rendemento das diferentes páxinas web oficiais relativas a Ribadeo, A Mariña Lucense e a Praia das Catedrais.

WEB	VELOCIDADE MÓBIL	EXPERIENCIA DE USUARIO MÓBIL	ORDENADOR
amariñaturismo.es (Mancomunidade da Mariña Lucense)	65	78	78
ribadeo.gal (Concello de Ribadeo)	44	100	63
turismo.ribadeo.gal (Concello de Ribadeo)	45	100	53
ascatedrais.xunta.es (Xunta de Galicia)	60	64	73

Fig.119. Táboa co estudo de rendemento das diferentes páxinas web segundo áreas estudadas.

Fonte: Elaboración propia a partir de Google Page Speed Insights.

Nota: A puntuación é unha media sobre 100. Debido a que o rendemento dunha conexión de rede varía considerablemente, PageSpeed Insights só ten en conta os aspectos de rendemento alleos á rede: a configuración do servidor a estrutura HTML da páxina e o uso de recursos externos coma imaxes, JavaScript e CSS. Data da consulta: 03/12/15.

De seguido, a presenza destes destinos nas redes sociais máis populares na actualidade, coma Facebook, Twitter ou Instagram.

	FACEBOOK	TWITTER
Mariña Lucense	3.147 "gústame"	
Ribadeo	1.452 "gústame" 12.745 persoas rexistraron unha visita	Concello de Ribadeo 1.182 seguidores
Turismo de Ribadeo	3.290 "gústame"	Turismo de Ribadeo 1.154 seguidores
Praia das Catedrais	34.195 "gústame"	

Fig.120. Táboa coas indicacións presentes a cada enclave segundo as redes sociais máis populares.
Fonte: Elaboración propia con datos de Facebook e Twitter. Data da consulta: 03/12/15.

HASHTAG*	Nº IMAXES INSTAGRAM
#ribadeo	23.015
#mariñalucense	1.906
#playacatedrales	740
#ribadeoindiano	541

Fig.121. Táboa coas indicacións das consultas máis habituais nas redes sociais, en relación a este territorio.
Fonte: Elaboración propia con datos de Instagram. Data da consulta: 03/12/15.
** Nota: Só se inclúen os hashtag con máis de 500 imaxes asociadas*

CADRO-RESUMO PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN

PROMOCIÓN

1980: Labor do presidente Calvo Sotelo

2005-2016: Presenza en campañas de promoción da marca Galicia

Premios e distincións:

- **1º** praia preferida polos europeos (Trivago, 2013)
- **1º** Posto en España/ 2º Posto en Europa / 6º Posto no mundo (**Travellers´ Choice Playas de TripAdvisor**, 2013)
- **7 marabillas Naturais** de España (**Allianz Global Assitance**, 2014)
- **4ª** Mellor praia de España (**20minutos.es**, 2015)
- **2ª** Mellor praia para ir con nenos (**playea.es** ,2015)

COMERCIALIZACIÓN

3 experiencias e plans no portal http://www.turgalicia.es/ que inclúen As Catedrais:

- Faros e praias salvaxes: As Catedrais do mar
- Camiño de Santiago: Camiño do Norte en 4x4
- Marabillas Naturais na Mariña Lucense

3 trens turísticos que inclúen As Catedrais:

- Transcantábrico Gran Luxo
- Transcantabrico Clásico
- Tren dos Faros

Múltiples Circuítos turísticos

2 paquetes que inclúen "Praia das Catedrais" no seu nome.

9 paquetes que establecen a "Praia das Catedrais" como parada do itinerario.

3 páxinas webs ofrecen visita á praia baixo consulta.

1 paquete suxire a posibilidade de visitar a praia de forma libre.

Existen circuítos que ofertan a visita á Praia como parte dun **itinerario por Asturias**



5. ESTUDO DE CASOS

Nesta análise estúdanse casos sobranceiros do Patrimonio Cultural Atlántico que comparten coa praia das Catedrais os problemas derivados da presión que exercen os visitantes.

- Cliffs of Moher (condado de Clare, Irlanda)
- Cap d´Erquy (Côtes-d'Armor, Francia)
- Dune du Pyle (La Teste-de-Buch, Francia)
- Mont Saint-Michel (Mont Saint-Michel, Francia)
- Ploumanach (Perros-Guirec, Francia)
- The Wild Atlantic Way (Kinsale-Derry, Irlanda)
- The Wales Coast Path (Gales, Reino Unido)
- Le Sentier Des Douaniers (Cap Corse, Francia)
- South west coast path (Minehead- Poole Harbour, Reino Unido).
- Stonehenge (Condado de Wiltshire, Amesbury, Reino Unido)
- Giants Causeway (Condado de Antrim, Bushmills. Irlanda)
- Brú na Boinne (Condado de Meath, Irlanda)



Fig.122. Cliffs of Moher (Fonte: http://www.cliffsofmoher.ie)



Fig.123. Mont Saint-Michel (Fonte: Imaxe Crecente Asociados)

Tras analizar os anteditos casos, finalmente seleccionáronse os tres seguintes exemplos para o seu estudo en detalle:

- Stonehenge. Condado de Wiltshire, Amesbury, Inglaterra
- Giants Causeway. Condado de Antrim, Bushmills. Irlanda del Norte
- Brú na Boinne. Condado de Meath. Irlanda




Fig.124. Localización dos casos de estudo mencionados nas seguintes páxinas. Fonte: Elaboración propia sobre fotografía aérea de Google Earth.

Para a recompilación dos datos presentados, pártese da recente visita a estes tres enclaves, do contacto directo cos axentes responsables da súa xestión e da revisión bibliográfica e web.

Tras analizar a ordenación da visita e os servizos ofertados en cada un destes exemplos, o capítulo remata cunha comparativa entre os tres casos.

5.1. STONEHENGE

5.1.1. PRESENTACIÓN





Fig.125. Imaxes de localización e descrición de Stonehenge, Inglaterra. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

Stonehenge é un monumento megalítico de finais do neolítico (século XX a.C.) situado no condado de Wiltshire (Inglaterra) e declarado Patrimonio Mundial en 1986.

Está formado por dous círculos de pedra concéntricos rodeados por unha gabia. Estímase que a súa construción, na que se empregaron pedras de gran tamaño procedentes de ata 300 km de distancia, durou máis de 1.500 anos. A súa función é descoñecida, sendo algunhas das teorías máis estendidas que servía como templo, como observatorio astronómico ou como calendario.

5.1.2. CARACTERÍSTICAS DA VISITA

5.1.2.1. ACCESOS E APARCADOIRO

Para chegar a Stonehenge o visitante pode optar entre o transporte público ou privado. En ámbolos casos o punto de chegada é o centro de visitantes, a carón do cal se atopa o aparcadoiro.

O estacionamento ten capacidade tanto para coches como para autobuses. Conta con 360 prazas pavimentadas (das cales 22 son para persoas con mobilidade reducida) e 140 sobre céspede, así como 30 prazas para autobuses. Non obstante, segundo información publicada en prensa[25], crearase un novo aparcamento para autobuses a 60 metros do estacionamento existente. Este novo parking operará durante 2 anos e estará dotado de 26 prazas.

En relación ao transporte público, as poboacións máis próximas a Stonehenge son Amesbury e Salisbury. Unha liña de bus conecta o aeroporto de Heathrow e a Victoria Coach Station coa localidade de Amesbury (a aproximadamente 3 km), desde onde se pode ir ao Monumento camiñando ou en taxi. Pola súa banda, Salisbury (aproximadamente a 15 km de Stonehenge) ten unha estación de ferrocarril conectada con cidades como Londres, Plymouth, Cardiff, Bristol, Bath ou Southampton.

Para chegar a Stonehenge desde o centro urbano de Salisbury ou a súa estación de ferrocarril, a única opción é The Stonehenge Tour[26] operado por Salisbury Reds, que permite escoller entre diferentes opcións. O servizo básico inclúe só o transporte Salisbury-Stonehenge, existindo tamén a posibilidade de reservar bus, visita a Stonehenge e visita a Old Sarum ou de sumar a este último paquete a visita á Catedral.

Por último, cómpre facer referencia á existencia de distintos circuítos turísticos que inclúen a visita a Stonehenge e outros enclaves turísticos, como Salisbury, Oxford ou a cidade termal de Bath e que teñen con frecuencia o seu punto de inicio en Londres.





Fig.126. Imaxes de Stonehenge. Fonte: Imaxes tomadas de http://www.thestonehengetour.info/ (esquerda) e https://mikepitts.wordpress.com/tag/english-heritage/ (dereita)

[25] http://www.bbc.com/news/uk-england-wiltshire-32239242
http://www.planningresource.co.uk/article/1342169/stonehenge-coach-parking-expansion-plans-approved

[26] Os prezos indicados corresponden á tarifa de adulto, existen billetes para nenos e para familias. Máis información: http://www.thestonehengetour.info/

5.1.2.2. PERCORRIDO

A visita iniciase no centro de recepción, situado aproximadamente a 2 km do Monumento. Este traxecto pódese facer en menos de 10 minutos e ten unha frecuencia continua. O autobús conta con capacidade para 21 persoas e está habilitado para o acceso de cadeiras de rodas, carecendo de escaleiras para favorecer a accesibilidade.

O círculo lítico está rodeado dunha corda que impide que os visitantes se acheguen ao Monumento. Existe un percorrido accesible e delimitado para persoas con mobilidade reducida, se ben non atravesa a totalidade das escavacións. Cómpre salientar a existencia a escasos metros do centro dunha pequena representación de casas prehistóricas.[27]

O tempo estimado para a realización dunha visita completa ao recinto é dun mínimo de dúas horas.



Fig.127. Fotografías diversas do xacemento arqueolóxico e das súas comunicacións. Fonte: Imaxes Crecente Asociados

[27] http://www.english-heritage.org.uk/visit/places/stonehenge/prices-and-opening-times

5.1.2.3. CENTRO DE RECEPCIÓN

O centro de recepción é o punto de inicio da visita a Stonehenge e, tal e como se sinalou anteriormente, localízase xunto ao aparcadoiro.

O edificio foi deseñado con tecnoloxía verde por Denton Corker Marshall. Érguese nunha zona arborada que favorece a súa integración no entorno. Trátase dunha construción de estrutura sinxela, feita a partir de materiais reciclados e autóctonos, que pode ser desmontada sen impactos.[28]

O centro comprende tres recintos. O de maior volume está adicado á galería expositiva (con explicacións e interpretacións sobre a cultura do megalitismo e os poboadores prehistóricos); o bloque acristalado emprégase para os servizos de centro educativo, cafetería e tenda; e o cubo de menor tamaño, ubicado entre ambos corpos, alberga as taquillas.

O centro presta servizo de aluguer de audioguías, da que existen dúas versións, unha xeral (dispoñible en inglés, castelán, francés, italiano, alemán, xaponés, mandarín, ruso, holandés e polaco) e unha familiar dispoñible só en inglés. Asemade, o visitante pode descargar gratuitamente unha audioguía no seu propio smartphone desde a Apple App Store.

Para favorecer a accesibilidade, o centro conta con sinais en braille e réplicas reducidas das construcións de Stonehenge en forma de maquetas. Ademais, ofértanse talleres adaptados a persoas con problemas de visibilidade para que poidan comprender como é o monumento a través de maquetas en relevo.



Fig.128. Imaxes do centro de recepción e das maquetas. Fonte: Imaxes Crecente Asociados

[28] http://www.english-heritage.org.uk/about-us/

5.1.2.4. RESERVA E PREZOS

O sistema de adquisión de entrada cambiou recentemente, organizándose visitas en diferentes quendas[29]. A única maneira de garantir a entrada no día e na hora desexada é reservando os billetes por anticipado. A última admisión é 2 horas antes da hora de peche.

Na seguinte táboa recóllense os prezos de acceso segundo os servizos e modalidade de entrada seleccionada. A continuación exponse a táboa de prezos do Overseas Visitor Pass, un bono destinado aos visitantes estranxeiros que permite visitar arredor de 100 monumentos incluídos na rede do English Heritage. Por último indícanse os prezos do paquete The Stonehenge Tour.

ENTRADA A STONEHENGE		
TIPO DE ENTRADA	PREZO XERAL	PREZO CON DONATIVO A ENGLISH HERITAGE (EH)
Membro de EH	Gratuíto	Gratuíto
Adulto	14,50£ (18,52 €)	16£ (20,44 €)
Nenos (5-15 anos)	8,70£ (11,11 €)	9,60£ (12,26 €)
Estudantes/Maiores de 60 anos	13,00£ (16,61 €)	14,40£ (18,40 €)
Familiar	37,70£ (48,16 €)	41,60£ (53,14 €)

OUTROS SERVIZOS	PREZO XERAL
Estacionamento	5 £* (6,39 €)
Audioguía xeral	£2.00 (2,55 €)
Audioguía familiar (2 adultos+3 nenos)	£6.00 (7,66 €)

** O estacionamento é gratuíto para membros da asociación English Heritage e para as persoas con entrada para visitar Stonehenge (devólvese o importe no momento da compra do tiquet).*

OVERSEAS VISITOR PASS*		
TIPO DE ENTRADA	PASE DE 9 DÍAS	PASE DE 16 DÍAS
1 Adulto	30£ (38,32 €)	35£ (44,71 €)
2 Adultos	50£ (63,87 €)	60£ (76,64 €)
Familiar	55£ (70,26 €)	65£ (83,03 €)

**Os prezos están establecidos para o período 25/03/2016 - 14/03/2017.*

THE STONEHENGE TOUR			
TIPO DE BILLETE	ADULTO	5-15 ANOS	FAMILIA (2ADULTOS 3 NENOS)
Transporte Salisbury-Stonehenge	£14(17,88€)	£9 (11,5€)	£40 (51,1€)
Transporte+visita Stonehenge+visita Old Sarum	£27(34,49€)	£17(21,72€)	£78(99,64€)
Transporte+visita Stonehenge+visita Old Sarum+entrada Catedral de Salisbury (non inclúe o tour da Torre)	£33(42,15€)	£21(26,83€)	£95(121,35€)

[29] http://www.english-heritage.org.uk/visit/places/stonehenge/prices-and-opening-times

5.1.3. DEMANDA

A seguinte táboa recolle a evolución do número de visitantes no período 2005-2014. Á vista dos datos, cómpre salientar o gran incremento da demanda en 2009, cando tivo lugar un aumento de máis de 100.000 visitantes, que permitiu abrir o camiño para superar a cifra do millón de visitantes en 2010.

Tras pasar a barreira do millón de visitantes, en 2011 produciuse un pequeno aumento, seguido en 2012 dunha caída de 5 puntos. Desde entón o crecemento mantívose en valores positivos, chegando en 2014 á cifra máis alta rexistrada en todo o período de estudo: 1.346.177 visitantes.

Número de visitantes en Stonehenge (2004-2014)

	Nº VISITANTES	%VARIACIÓN ANUAL
2004	817924	6,80
2005	833617	3
2006	879393	4
2007	869432	-1
2008	883603	2
2009	990705	12
2010	1009973	2
2011	1099656	9
2012	1043756	-5
2013	1241296	18,9
2014	1346177	8

Fig.129. Táboa coa evolución do número de visitantes a Stonehenge. Fonte: Elaboración propia a partir de http://alva.org.uk/

5.1.4. PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN DAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS

En 2012 iniciouse un proxecto de reordenación do espazo, consistente na construción dun novo centro de visitantes e no peche da estrada que o atravesaba. Preséntase o estado anterior do Monumento e unha breve referencia a como era a visita antes da intervención acometida.

Stonehenge antes da intervención de 2012-2014

Fig.130. Descrición das infraestruturas e loxística no xacemento antes de 2012. Fonte: http://www.sagetraveling.com/stonehenge-disabled-access

CARACTERÍSTICAS DA VISITA ANTES DA ORDENACIÓN

- Necesidade de cruzar o túnel baixo a estrada.
- Aglomeracións na rampla de saída (especialmente na conectada coa taquilla)
- Adquisión de entrada e audioguía no mesmo despacho de billetes.
- Dous tornos de acceso: público xeral /persoas con mobilidade reducida
- Itinerario arredor do círculo sobre pavimento (50%) e sobre céspede (50%)*
- Pasarela sobre a antiga avenida do Stonehenge, con rampla no principio e fin.
- Camiño pavimentado que conecta co punto de partida tras deixar a pasarela
- Baños accesibles

  *Nota: Os visitantes en cadeira de rodas poden rodear o círculo ou volver sobre os seus pasos, saíndo pola rampla

En 2012 iníciase o proceso de intervención. En palabras do Director de Stonehenge Peter Carsos (tradución propia): "Abórdaranse un gran número de preocupacións sobre Stonehenge que existen desde hai décadas. Eliminaranse as instalacións inadecuadas en favor dunha paisaxe aberta".

Expóñense a continuación o plano actual do recinto e as principais actuacións acometidas:

Stonehenge despois da intervención de 2012-2014

Fig.131. Imaxe descritiva das novas instalacións. Fonte: Plano informativo de la visita a Stonehenge

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DE ORDENACIÓN ACOMETIDAS (PERÍODO 2012-2014)

- Construción do novo centro de visitantes, afastándoo do Monumento
- Supresión da valla metálica e da estrada local
- Traslado do aparcadoiro
- Introdución do bus lanzadeira
- Peche do túnel de acceso
- Introdución da liña de autobús pública directa Salisbury-Stonehenge

Custo: 27 millóns de libras (33 millóns de euros)

5.2. NEWGRANGE, KNOWTH E BRÚ NA BÓINNE

5.2.1. PRESENTACIÓN



Fig.132. Plano e fotografía aérea coa localización do xacemento de Brú na Bóine (Irlanda). Fonte: Imaxe google Earth.

Brú na Bóine (Palacio de Boynne) é unha paisaxe prehistórica especialmente relevante polas dimensións e antigüidade dos vestixios arqueolóxicos (estimada en máis de 5.000 anos). Está localizado no interior da curva do río Boynne, no condado de Meath, en Irlanda.

Este monumento arqueolóxico alberga grandes túmulos con tumbas de corredor no seu interior, formando unha necrópole de máis de 5000 anos que foi declarada Patrimonio Mundial en 1993. Se ben se calcula que existen 50 monumentos, só son visitables Knowth, Newgrange e Dowth, pois os restantes están en terreos privados. A orixe deste conxunto asóciase a ritos funerarios aínda que tamén a un posible templo de culto espiritual, relixioso, astronómico e incluso cerimonial. O monumento ten unha superficie de 780 hectáreas pero a área total do recinto conta con 2.500 hectáreas.



Fig.133. Imaxe do túmulo principal de Brú na Bóine. Fonte: www.discoverireland.com

5.2.2. CARACTERÍSTICAS DA VISITA

5.2.2.1. ACCESOS E APARCADOIRO

O acceso ao monumento realízase exclusivamente a través do centro de visitantes. Existe un aparcadoiro situado a 300 metros do edificio que dispón de 271 prazas para coches, 9 prazas para autobuses e 5 para persoas con discapacidade.

Os visitantes que desexen chegar en transporte público, poden facelo grazas ao autobús da compañía Eireann que conecta o centro de visitantes coa localidade de Droichead Átha (Drogheda). Esta liña opera dúas veces ao día, excepto os domingos.

Cómpre salientar que existe no entorno oferta de aloxamento, salientando o caso dun establecemento localizado a 200 metros do centro de visitantes.[30]



Fig.134. Debuxo esquemático coa representación dos principais enclaves no entorno do xacemento. Fonte: http://www.worldheritageireland.ie/fileadmin/user_upload/documents/Entrancemap.pdf

[30] http://www.newgrangelodge.com/

5.2.2.2. PERCORRIDO

O acceso aos monumentos de Newgrange (situado a 3,8 km do centro de recepción) e Knowth (localizado a 4 km) realízase exclusivamente en visitas guiadas, debido á fraxilidade dos monumentos.

Todas as visitas parten da parada de bus localizada a 200 metros do centro de visitantes (do outro lado dunha ponte peonil que cruza o río Boyne). Existen 6 autobuses lanzadeira con 24 prazas cada un e con espazo para unha cadeira de rodas. As visitas realízanse unicamente en inglés, se ben se acepta que os grupos leven o seu propio guía. O número máximo de participantes é de 48 persoas e as saídas desde o centro de visitantes prodúcense cada 30 minutos.

As condicións de visita son diferentes. No caso de Newgrange os visitantes poden acceder ao interior da cámara (agás as persoas con problemas de mobilidade reducida). En cambio, no caso de Knowth, non é posible entrar no interior da cámara. Pola súa banda, para visitar Dowth, pódese acceder directamente pola parte norte do río Boyne, se ben só se permite visitar o seu exterior.

Os tours de Newgrange e Knowth teñen cada un unha duración estimada de 2 horas. En caso de visitar ambos monumentos, a duración do tour é de 3 horas. A isto hai que engadir a visita ao centro de interpretación que se estima en 45 minutos.



Fig.135. Imaxe do acceso ao centro de interpretación. Fonte: http://www.knowth.com/bru-na-boinne.htm

5.2.2.3. CENTRO DE RECEPCIÓN

Tal e como se sinalou anteriormente, o acceso aos monumentos de Newgrange e Kwnoth pasa unicamente polo centro de interpretación Brú na Bóinne. O edificio foi construído na parte sur do río Boyne[31] en 1997, conta cunha superficie total de 2.640 metros cadrados e con capacidade para 400 persoas. O arquitecto autor do proxecto foi Anthony O Neill, sendo Barbara O Neill, a súa esposa, a arquitecta paisaxista.

O centro contén unha exposición que caracteriza á sociedade que creou as tumbas neolíticas, ao tempo que ofrece datos sobre a súa construción e exhibe réplicas e contidos audiovisuais. A maiores das exposicións, o centro posúe servizo de información turística e dispón de salón de té (capacidade para 110 pax.[32]), área de picnic e aseos.

O edificio é accesible para persoas con mobilidade reducida e no seu interior alberga unha réplica a tamaño natural do interior da cámara de Newgrange, para favorecer a comprensión do conxunto arqueolóxico por parte das persoas que non poden acceder ao interior da cámara. A última entrada ao Centro de Interpretación é 45 minutos antes do peche.[33]



fig.136. Imaxes do centro de interpretación de Brú na Bóinne. Fonte: Imaxes Crecente Asociados

[31] http://www.heritageireland.ie/en/midlandseastcoast/brunaboinnevisitorcentrenewgrangeandknowth/

[32] http://www.discoverireland.ie/Arts-Culture-Heritage/bru-na-boinne-visitor-centre-newgrange-knowth-and-dowth/12303

[33] http://www.newgrange.com/visitor.htm

5.2.2.4. RESERVA E PREZOS

No caso de visitas individuais non existe a posibilidade de reservar online nin de mercar unha entrada anticipada. As entradas para un determinado día saen a venda nesa mesma xornada no propio centro de visitantes.

No caso de grupos de máis de 15 persoas si é necesario facer reserva a través de fax ou por email. Debido ás condicións da visita anteriormente expostas non se admiten grupos de mais de 48 persoas.

A continuación expóñense os prezos de acceso en función do tipo de entrada e o monumento a visitar. Cómpre sinalar que en determinadas mañás coincidentes co solsticio de inverno o acceso é de balde.

TIPO DE ENTRADA	NEWGRANGE*	KNOWTH *	CENTRO DE VISITANTES	NEWGRANGE KNOWTH C.VISITANTES
Adulto	6 €	5 €	3 €	11 €
Senior / Grupo	5 €	3 €	2 €	8 €
Nenos /Estudantes	3 €	3 €	2 €	6€
Familias	15 €	13 €	8 €	28 €

** Indicación dos prezos das entradas ós diferentes espazos. As entradas a Newgrange e Knowth inclúen o acceso ao centro de visitantes*



Fig.137. Entrada principal ó túmulo de Newgrange. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

5.2.3. DEMANDA

O número de visitantes en 2014 ao Centro de Interpretación de Brú na Bóinne 48.996 de 139.173 visitantes en Newgrange e de 58883 en Knowth[34].

Exponse a continuación a evolución do número de visitantes do complexo nos últimos anos, incluíndo as visitas ao centro de visitantes, as de Knowth e as de Newgrange.

Número de visitantes en Brú na Bóinne, Newgrange e Kwnoth (2004-2014)

	CENTRO DE VISITANTES	KNOWTH	NEWGRANGE	TOTAL	%VARIACIÓN ANUAL
2009	40,432	51,786	130,079	222,297	
2010*	36,952	49,338	121,542	207,832	-7%
2011	43,820	51,962	132,760	228,542	10%
2012**	37,351	54,349	132,679	235,482	3%
2013	45,039	51,138	133,616	229,793	-2%
2014	48,996	58,883	139,173	247,052	8%

Táboa co número de visitantes aos xacementos entre 2004-2014.
** En 2010 o centro de visitantes e o monumento permaneceron pechados debido á neve. Ademais, os voos afectados pola nube de cinzas de maio, repercutiron negativamente no número de visitantes.*
***Na fonte manexada o total de visitantes desta anualidade non se corresponde coa suma de centro de visitantes, Newgrange e Knowth porque se contabilizan de modo independente os visitantes que non abonaron entrada (11.103)*



Fig.138. Imaxe do túmulo principal de Newgrange. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

[34] http://www.ahg.gov.ie/app/uploads/2015/09/draft_bru_na_boinne_management_plan_2015.pdf e https://www.kildarestreet.com/wrans/?id=2016-01-19a.355

5.2.4. PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN DAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS

Se ben Newgrange é accesible ao público desde hai máis de 300 anos, foi a partir das escavacións e restauracións das décadas de 1960 e 1970 cando comezou a atraer cifras significativas de turismo. Deste modo, Newgrange pasou de 30.000 visitantes anuais entre 1969 e 1974 a 75.000 en 1982.

Na década de 1980 o alto número de visitantes supoñía un importante problema, xa que nos picos de demanda estivais os vehículos e autobuses orixinaban problemas de circulación, polo que se comezou a controlar máis a admisión ao monumento. En 1982 estableceuse que só se puidese acceder mediante visita guiada, en 1985 deuse prioridade aos grupos con reserva previa e en 1987 xa era necesario que todos os grupos acudisen con reserva previa e que os visitantes individuais chegasen nas primeiras horas do día para asegurarse a admisión. A apertura da zona de Knowth e os novos servizos aos visitantes no cercano Hill of Tara permitiron aliviar parte da presión de Newgrange en 1991.

Como solución, optouse por declarar todo o val de Boyne como Parque Arqueolóxico, construíndo un centro de visitantes afastado dos monumentos para xestionar mellor os fluxos turísticos. O centro de visitantes de Brú na Boinne abriu as súas portas en 1997, deseñado coa premisa de ser practicamente invisible desde Newgrange. Esta foi a gran estratexia para ordenar a chegada de visitantes.

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DE ORDENACIÓN ACOMETIDAS (1997)

- Construción do novo centro de visitantes, afastándoo dos Monumentos
- Introdución da liña de autobús directa Drogheda-Brú na Boinne
- Acceso ao centro de visitantes sen restrición (os grupos con reserva previa)
- Acordos cos aloxamentos do entorno para facilitar a visita dos seus hóspedes
- Introdución do bus lanzadeira
- Creación de emprego: de 25 a 71 traballadores

5.3. GIANTS CAUSEWAY

5.3.1. PRESENTACIÓN







Fig.139. Localización do lugar de Giant Causeway (Irlanda) sobre fotografía aérea (Google Earth). Abaixo, imaxes do conxunto natural. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

A Calzada do Xigante (Giant's Causeway) é unha paraxe da costa nororiental de Irlanda do Norte, condado de Antrim, formada por unhas 40.000 columnas de basalto resultado do arrefriamento rápido dunha caldeira volcánica hai máis de 60 millóns de anos. O lugar foi declarado Patrimonio da Humanidade en 1986.

5.3.2. CARACTERÍSTICAS DA VISITA

5.3.2.1. ACCESOS E APARCADOIRO

Os visitantes poden chegar a Giant´s Causeway no seu propio automóbil, camiñando, en bicicleta ou facendo uso do transporte público.

Para os visitantes que opten por desprazarse no seu vehículo existen catro aparcadoiros, tres localizados no centro de visitantes e un disuasorio situado a dúas millas do centro de visitantes, na localidade de Bushmills. Desde Bushmills hai un tren que funciona de modo estacional ata o centro de visitantes.

No centro de visitantes os aparcadoiros nº1 e nº2 contan con 276 prazas, mentres que o aparcadoiro nº3 dispón de 65 prazas. Estes estacionamentos posúen 12 prazas para buses turíticos, 15 para discapacitados, 7 "premier spaces" e 5 prazas "coach drop off".

Pola súa banda, o aparcadoiro de Bushmills está operativo só entre os meses de marzo e outubro. Este estacionamento dispón de 92 prazas (4 delas accesibles) e 8 prazas para autobuses turísticos. Desde aquí o visitante pode chegar ao centro de recepción de Causeway co servizo de bus "Park & Ride", que ten unha frecuencia de 20 minutos.

Outra posibilidade é acceder a pé pola ruta de sendeirismo da costa de Causeway que, con 33 millas (53 km), é unha das máis populares de Irlanda. Ademais, pódese chegar en bicicleta pola ruta NCN 93 da Rede Nacional de Ciclismo de Irlanda do Norte.

En relación ao transporte público, existen conexións en autobús e en tren+autobús. Por ferrocarril o visitante pode chegar desde Belfast e Londonderry a Coleraine (a 11 millas -17 km- do centro de visitantes), e desde ali tomar o Ulterbus Service 172. Outras liñas de autobús con servizo ao centro de visitantes son Goldline Service 221, Causeway Rambler Service 402, Open Top Causeway Coast Service 177 e Antrim Coaster Service 252 (algunhas destas funcionan só estacionalmente).

Cómpre sinalar que para os visitantes que non chegan no seu propio vehículo existe un "desconto ecolóxico"[35], que se detalla no apartado de reservas e prezos. Como curiosidade, cómpre salientar que existe a posibilidade de aloxarse nun hotel localizado no interior do recinto.[36]



Fig.140. Diversas imaxes das posibilidades de acceso. Fonte:http://interact.discovernorthernireland.com/blog/saddle-up-experience-the-view-of-the-giro-ditalia-peloton-along-the-causeway-coast/ (esquerda) e http://www.parkworld-online.com/giants-causeway-tramway/ (dereita).

---

35 http://giantscausewaytickets.com/green-savings
36 http://www.thecausewayhotel.com

5.3.2.2. PERCORRIDO

Aínda que non é estritamente obrigatorio pasar polo centro de visitantes para visitar a Calzada dos Xigantes, este é o punto recomendado de inicio da visita. Atópase nas inmediacións do aparcadoiro e é plenamente accesible.

Desde o centro de visitantes, a distancia a Giant´s Causeway é aproximadamente de 1 km, que se pode percorrer a pé ou adquirindo un billete de autobús (adaptado para cadeiras de rodas).

Existen varias opcións para percorrer Giant´s Causeway, que ofrecen diferentes atractivos e que teñen distintos graos de dificultade. Trátase do Blue Trail, o Red Trail e o Runkerry Trail. O Blue Trail é o máis popular, pois conduce de forma directa ás formacións rochosas. Percorre en total 0,8 millas (1,2 km), a súa dificultade é baixa e a súa duración estimada é de 25 minutos.

O devandito itinerario pódese enlazar co Red Trail, opción escollida por gran parte dos visitantes para facer o camiño de volta por un percorrido diferente. O Red Trail discorre polo alto dos cantís e ofrece vistas panorámicas da costa. A distancia que percorre é de entre 0,8 e 1,2 millas (1,2-3,2 km) e a súa dificultade é moderada.

Por último, o Runkerry Trail é un percorrido circular pola parte da costa situada ao oeste dos aparcadoiro. A distancia total percorrida é de 2 millas (3,2 km) nun tempo estimado de 1h 30 min e a súa dificultade é moderada.



Fig.141. Diversas imaxes do acceso ao enclave natural. Fonte: http://www.viajology.com/2013/05/calzada-de-los-gigantes-irlanda/#!prettyPhoto[gallery]/6/ (esquerda) e http://www.archdaily.com/280775/giants-causeway-visitor-centre-heneghan-peng-architects (dereita)

5.3.2.3. CENTRO DE RECEPCIÓN

En 2012 abriu as súas portas o vangardista centro de Interpretación deseñado polos arquitectos Heneghan e Peng.

As instalacións do centro inclúen exposición interactiva, audioguías aptas para uso no exterior con información en 9 idiomas, oficina de información turística, cambio de divisas, tenda de souvenirs con produtos locais, cafetería e aseos accesibles con cambiadores para bebés (baixo petición de chave).

No Centro de Visitantes organízanse visitas educativas e eventos ao longo do ano, como en Saint Patrick's Day ou durante o Nadal.

A última admisión ao centro prodúcese unha hora antes do peche.






Fig.142. Imaxes varias sobre o centro de interpretación e o seu entorno. Fonte:http://www.archdaily.com/280775/giants-causeway-visitor-centre-heneghan-peng-architects (superior) e http://giantscausewaytickets.com/the-visitor-centre (inferiores)

5.3.2.4. RESERVA E PREZOS

O acceso inclúe a entrada ao centro de visitantes, o uso da audioguía, un folleto e o aparcamento. O uso do autobús lanzadeira ten un custo extra.

Os grupos de mais de 15 persoas precisan de facer reserva previa, para o que deben contactar co centro de visitantes por e-mail ou teléfono.

A seguinte táboa recolle os prezos de acceso, en función do servizo e tipo de entrada.

CENTRO DE VISITANTES	
Tarifa xeral	
Adultos	£9 (11,5 €)
Nenos	£4,5 (5,75 €)
Familias (2 adultos + 3 nenos)	£ 22 (28,11€)
E-ticket	
Adultos	£7,50 (9,58 €)
Nenos	£3,5 (4,47 €)
Familias	£18,50 (23,63 €)

LANZADEIRA	
Tarifa xeral	£1 (1,28 €)
Membros de EH	gratuíto

Cómpre facer referencia á existencia dun desconto "ecolóxico" para aqueles visitantes que accedan ó monumento en transporte público, bicicleta ou camiñando así como para aqueles que entre os meses de marzo e outubro estacionen en Bushmills. Este desconto supón unha redución de £2 no prezo final para os adultos, £1,25 para os nenos e de £4 na entrada familiar.



Fig.143. Imaxe do entorno do lugar. Fonte: www.viajaratope.com

5.3.3. DEMANDA

En 2012, tras a apertura do novo centro de visitantes, Giants Causeway foi a segunda atracción máis popular de Irlanda do Norte, con 542.514 visitantes.[37]

Número de visitantes en Giants Causeway (2009-2014)

	Nº VISITANTES	%VARIACIÓN ANUAL
2011	533,000	
2012	524,000	-0,17%
2013	753,929	40%
2014	542,514[38]	-30%

Fig.144. Táboa co número de visitantes a Giants Causeway entre 2009-2014. Fonte:http://www.failteireland.ie/FailteIreland/media/WebsiteStructure/Documents/3_Research_Insights/1_Sectoral_SurveysReports/Visitors_to_tourist_attractions_in_Ireland_2009-2013.pdf?ext=.pdf

[37]http://www.failteireland.ie/FailteIreland/media/WebsiteStructure/Documents/3_Research_Insights/4_Visitor_Insights/Failte-Ireland-visitors-to-top-fee-charging-attractions-2014.pdf?ext=.pdf
http://www.failteireland.ie/FailteIreland/media/WebsiteStructure/Documents/3_Research_Insights/1_Sectoral_SurveysReports/Visitors_to_tourist_attractions_in_Ireland_2009-2013.pdf?ext=.pdf
[38]http://alva.org.uk/details.cfm?p=423

5.3.4. PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN DAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS

En Giant´s Causeway a apertura do novo centro de interpretación permitiu modificar a forma de xestión das visitas, ofrecendo novos servizos aos visitantes e establecendo medidas para velar pola conservación do conxunto, como a introdución do desconto ecolóxico.



Fig.145. Imaxe do lugar e do centro de interpretación. Fonte:http://www.archdaily.com/280775/giants-causeway-visitor-centre-heneghan-peng-architects

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DE ORDENACIÓN ACOMETIDAS (PERÍODO 2012-2014)

- Construción do centro de visitantes integrado na paisaxe e novo aparcadoiro
- Introdución do bus lanzadeira
- Maior preocupación pola accesibilidade ao monumento.
- Introdución de descontos ecolóxicos
- Aumento e potenciación dos traballadores e produtos locais e únicos

Custo: £18,500,000 (23.634.166,17 €)

CADRO-RESUMO DO ESTUDO DE CASOS

	STONEHENGE	BRÚ NA BÓINNE	GIANTS CAUSEWAY
Visitantes (2014)[39]	1.346.177	247,052	542,514[40]
Accesos directos	A pé Vehículo propio Bus	A pé Vehículo propio Bus	A pé Bicicleta Vehículo propio Tren Bus
Conexión CV-monumento	Bus lanzadeira A pé	Bus lanzadeira A pé	Bus lanzadeira A pé
Distancia CV-monumento	2,1 km	3´8 km - Newgrange 4 km - Knowth	0,8km
Prazas bus lanzadeira	22	24	19
Duración estimada visita	2 horas	3 horas	3 horas
Accesibilidade	Total	Parcial	Parcial
Reserva previa	Obrigatoria	Só para grupos	Individuais: opcional Grupos: obrigatoria
Canles de reserva	Web	Tlf. / Fax	Web/Tlf./e-mail
Tarifa xeral	£14,5 (18,52 €)*	Negrange 6 € Knowth 5 € C.V. 3 € Todo: 11 €	£ 9 (11,5€)
CV:Superf. construída*	2.660m^2	2.640 m^2	2719m^2
CV:Superf. útil*	1.500m^2 + 1.160m^2 terraza cuberta	-	1.800m^2
Parking: superficie (m^2)	18.000m^2	12.600m^2	16.000m^2
Parking: Total prazas	556	280	472
Parking: Prazas coche	338 Pavimentadas 140 Céspede	271	341 92 (Parking sat.) 4 Acc (Parking sat.)
Parking: Prazas bus	30 (+ 26 provisionais)	9	12 + 8 (Parking sat.)
Parking:Prazas accesibles	22	5	15
Prezo Parking	£5 pax (6,3 €)	gratuito	£ 8.5 pax (10,86 €)
Distancia vía rápida-CV	34 min. / 54km	6 min / 4,8 km	53 min. / 67 km

[39] http://alva.org.uk/details.cfm?p=423
[40](Nº 58) http://www.causewaycoastcommunity.co.uk/news/788000-visitors-to-the-giants-causeway-in-2014/
http://www.belfasttelegraph.co.uk/business/news/northern-ireland-tourist-numbers-increasing-but-visitors-spending-less-31262093.html

	STONEHENGE	BRÚ NA BÓINNE	GIANTS CAUSEWAY
Servizos	Estacionamento Transporte Información Audiovisuais Exposición Visita guiada Cafetería Tenda Aseos Audioguía Despacho de billetes Centro educativo	Estacionamento Transporte Información Audiovisuais Exposición Visita guiada Cafetería/Salón de té Tenda Aseos Aloxamento	Estacionamento Transporte Información Audiovisuais Exposición Visita guiada Cafetería Tenda Aseos Audioguía Cambio de divisas Aloxamento

6. CONCLUSIÓNS

A Praia das Catedrais experimentou nos últimos anos un forte crecemento no número de visitantes, que require da instauración de medidas para garantir un modelo turístico sostible. Sen embargo, está presión exercida pola demanda non está acompañada de problemas de saturación da oferta de aloxamento e restauración, que se concentra na súa maior parte na capital municipal. Deste modo, se ben a parroquia da Devesa é a maior en extensión do municipio, abranguendo o 19% da súa superficie, só o 3,9% (47) das 1.470 prazas de aloxamento turístico de Ribadeo, e o 5,2% (57) das 2.413 prazas de restauración están na parroquia da Devesa.

Ribadeo, con 69.618 viaxeiros en 2015, é o principal motor turístico da contorna, ao recibir un 52,9% dos viaxeiros da comarca, un 9,8% dos viaxeiros da provincia de Lugo e un 1,7% dos viaxeiros totais de Galicia. A demanda turística mantense á alza, salientando o crecemento do 34% experimentado polos viaxeiros en Ribadeo no ano 2013 e que podería coincidir no tempo co inicio dos problemas de saturación turística na Praia das Catedrais. Unha primeira aproximación ás causas que explican o despegue turístico do areal, apunta a que a apertura da Autovía A8, iniciada en 2005 e culminada en 2014, os recoñecementos obtidos en distintos portais web, desde 2008 pero en especial en 2013 e 2014, e a súa conseguinte repercusión en redes sociais e medios de comunicación, están detrás do interese do público nacional en visitar este enclave.

Se ben o número de viaxeiros está a medrar, o número de noites que pasan en Ribadeo non aumenta na mesma proporción, dando como resultado unha estadía media (1,59 noites) inferior á da comarca (1,73 noites) e á de Galicia (1,88 noites). Este carácter de Ribadeo como lugar de paso é especialmente acentuado entre o visitante internacional, que se aloxa en Ribadeo unha media de 1,47 noites. A incapacidade para xerar estadías de maior duración é unha das principais debilidades do municipio desde o punto de vista turístico. Centos de miles de visitantes chegan cada ano ata a Praia das Catedrais pero só unha pequena parte deles (en torno ao 10-12%) convértense en viaxeiros aloxados no municipio. Ribadeo conta con atractivos suficientes para poder aumentar esta estadía, como son o seu casco histórico, o legado indiano, o núcleo de Rinlo, Illa Pancha, as praias, os espazos naturais, a gastronomía e a posibilidade de practicar actividades de sendeirismo ou turismo activo.

En paralelo a este crecente interese da demanda pola Praia das Catedrais, a oferta de rutas e visitas guiadas está a medrar, tanto as promovidas polo concello como as organizadas por empresas privadas. Ademais, a Praia é unha parada obrigada nos trens turísticos que percorren o norte da Comunidade (Tren dos Faros) e da Península (Transcantábrico), aínda que carezan de unha estación axeitada, ao tempo que comezan a xurdir circuítos en autobús de varios días de duración que inclúen a visita a Praia no seu percorrido. Cómpre prestar especial atención á necesidade de vincular a Praia das Catedrais co destino Galicia, pois en ocasións a visita o areal é percibida, ou incluso presentada, como parte dun itinerario por Asturias.

Ao crecemento da demanda e á aparición de novas ofertas, hai que engadir o incremento do número de peregrinos que percorren o Camiño do Norte, para o que se prevé que continúe a tendencia a alza, da man da declaración en 2015 desta ruta como Patrimonio da Humanidade.

Se ben non existen datos oficiais sobre o número de visitantes que recibe o areal, os estudos efectuados por este equipo apuntan a que en 2015 a Praia recibiu un total de 573.439 visitantes, e o Monumento Natural 673.851. De acordo á tendencia da demanda turística de Ribadeo, do xeodestino, do Camiño de Santiago e da comunidade galega, e tendo en conta as novas ofertas e servizos, prevese que esta cifra continúe a medrar nos próximos anos, superándose a barreira do millón de visitantes na Praia en 2032, e no Monumento en 2027, no escenario intermedio.

A singularidade ambiental do Monumento Natural fai preciso implantar un modelo de aproveitamento turístico sostible que evite o deterioro dos seus valores ambientais. O establecemento a partir de 2015 dun límite diario de visitantes cifrado en 4.812 persoas/día durante tempada alta é só unha primeira medida para reducir os impactos dos visitantes, pois a conxugación de conservación e aproveitamento turístico require repensar a ordenación da chegada, da acollida, da visita e da experiencia, e neste proceso de xestión terá un papel fundamental a ordenación territorial específica, da man do Plan Especial de Protección das Catedrais, PE-1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo, en proceso de aprobación.

Do estudo doutros casos de referencia no panorama internacional sometidos a unha forte presión da demanda turística, despréndese que as medidas mais frecuentes son as relacionadas coa reformulación dos sistemas de acceso e acollida. Así, as actuacións máis habituais son a creación dun área de chegada, acondicionada para a parada de transportes públicos, dotada dun aparcamento suficiente e na que se localiza o centro de acollida. Desde este punto, a solución adoita contemplar o deseño de itinerarios peonís e a implantación de autobuses lanzadeira ata o Monumento. O punto de acollida funciona xeralmente como centro de servizos, con información cultural e turística, aseos, aluguer de audioguías e servizo de cafetería, entre outros.

Por todo o anterior, conclúese que é preciso, agora que os problemas de saturación son aínda relativamente recentes, ordenar a visita á praia das Catedrais. Só así lograrase preservar os valores naturais do espazo ao tempo que se implanta un modelo turístico sostible, non só desde o punto de vista ambiental, senón tamén socioeconómico e cultural. Unha mellor acollida e información ao visitante, contribuirá á transformación dos excursionistas en turistas que demanden outros recursos e produtos turísticos de Ribadeo, a Mariña Lucense e Galicia. O resultado, permitiría prolongar a súa estadía media, valorizar o destino, e favorecer a creación de emprego e a mellora da calidade de vida para a poboación local.

ANEXO 1

– Perfil do Visitante –

ANEXO 1: PERFIL DO VISITANTE

Os datos que a continuación se detallan son o resultado de cinco visitas de campo realizadas polo equipo, que tiveron como obxectivo caracterizar a demanda desde os puntos de vista cuantitativo e cualitativo. Estes traballos de medición continuarán no tempo co fin de incrementar o coñecemento sobre o fenómeno turístico na Praia das Catedrais.

Na procura de que as visitas de campo para a recollida de datos fosen representativas de días suxeitos a diferentes condicionantes, escolléronse xornadas con diferentes circunstancias de partida (día da semana/día de fin de semana; alto coeficiente de marea / baixo coeficiente de marea; situación atmosférica favorable /situación atmosférica desfavorable). Ao inicio do informe de conclusións de cada xornada inclúese unha ficha resumo sobre estas e outras circunstancias.




Fig.146. Imaxe do camiño xunto aos cantís da Praia das Catedrais. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

VISITA DE CAMPO: 1

Data: 29 Febreiro 2016, Luns

Horario: 09:00 h a 20:00 h

Hora da baixamar: 14:21 h

Coeficiente de mareas: 49 (baixo)

Condicións atmosféricas:

Tª máx. 10ºC

Tª min. 0ºC

Vento: 5 km/h

Estado do ceo: Nubrado ata as 13:00 h. A partir desa hora Solleiro.


Metodoloxía: Reconto manual do número de visitantes que estiveron no ámbito de protección da Praia das Catedrais. Observación do seu comportamento para coñecer o seu modo de chegada (a pé, bicicleta, bus ou vehículo propio) e a área na que se estendeu a súa visita (só Parking, só cantís ou Praia e cantís). Realización dunha enquisa in situ.

Visitantes Contabilizados	246



Fig.147. Imaxe do acceso e praia das Catedrais, na visita de campo 1. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

En relación á procedencia, tal e como amosa o seguinte gráfico, constátase a predominancia do visitante nacional, que representa o 93% do total.



Por Comunidades Autónomas, Galicia ocupa o primeiro lugar, cun 41% dos visitantes nacionais. En segundo posto atópanse as Comunidades Autónomas limítrofes de Castela e León (19%) e Asturias (17%).






Fig.148. Gráficos representativos dos visitantes segundo a súa procedencia. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

Cómpre sinalar que a Praia das Catedrais non é só un lugar de visita turística, senón tamén un lugar de paseo e ocio para os propios habitantes de Ribadeo, especialmente nos días laborais. Máis do 41% do total de galegos que visitaron o areal nesta xornada de estudo, eran veciños do municipio.



Recóllense a continuación a procedencia dos visitantes internacionais, segundo o seu país de residencia.



Da análise do medio de transporte empregado para chegar á Praia, despréndese que o vehículo propio é o medio máis habitual, sendo o medio elixido por case un 80% dos visitantes.





Fig.149. Gráficos representativos da procedencia dos visitantes e das formas de transporte empregadas para chegar á praia das Catedrais. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

Analizando o itinerario que realizan os visitantes, conclúese que mais do 82% descenderon ao areal, se ben rexistráronse visitantes que só fixeron uso do estacionamento ou que percorreron a zona dos cantís sen baixar á Praia.



A continuación pódese observar unha clasificación dos visitantes segundo a súa hora de chegada.

Hora	Visitantes
09:00 – 10:00	3
10:00 – 11:00	8
11:00 – 12:00	23
12:00 – 13:00	67*
13:00 – 14:00	33
14:00 – 15:00	**31**
15:00 – 16:00	13
16:00 – 17:00	21
17:00 – 18:00	17
18:00 – 19:00	20
19:00 – 20:00	10

* Baixa mar (14:21h)

* Chegada de excursión

En base aos datos anteriores, cómpre sinalar que 144 visitantes chegaron á Praia durante a marea baixa (59%)




Fig.150. Gráficos representativos do itinerario seguido durante a visita e dos horarios de chegada. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

PERFIL DO VISITANTE XORNADA 1

Procedencia: Nacional (93%)

Medio de transporte: Vehículo propio (79%)

Itinerario percorrido: Praia, cantís e aparcadoiro (82%)

Hora de chegada: Durante marea baixa (59%)





Fig.151. Imaxes dos accesos e visitantes á praia das Catedrais na xornada 1. Fonte: Imaxe de Crecente Asociados.

VISITA DE CAMPO: 2

Data: 13 de Marzo 2016, Domingo

Horario: 09:00 h a 20:00 h

Hora da baixamar: 13:30 h

Coeficiente de mareas: 79 (alto)

Condicións atmosféricas:

Tª máx. 16 ºC

Tª min. 2ºC

Vento: 10 km/h

Estado do ceo: Nubrado ata as 13:00 h. A partir desa hora solleiro.

Metodoloxía: Reconto manual do número de visitantes que estiveron no ámbito de protección da Praia das Catedrais. Observación do seu comportamento para coñecer o seu modo de chegada (a pé, bicicleta, bus ou vehículo propio). Realización dunha enquisa in situ.

Visitantes Contabilizados	1.607





Fig.152. Imaxe do acceso e praia das Catedrais, na visita de campo 2. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

En relación á procedencia de visitantes, un 90% dos visitantes eran nacionais, tal e como amosa o seguinte gráfico.



Da análise por Comunidades Autónomas, conclúese que Galicia é o lugar de orixe da maioría dos visitantes, representando o 41% dos visitantes nacionais. Asturias, comunidade limítrofe, ocupa o segundo posto cun 26% dos visitantes nacionais.





Fig.153. Gráficos representativos dos visitantes segundo a súa procedencia. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

A presenza de visitantes residentes no propio municipio de Ribadeo é significativamente menor que na anterior xornada de estudo, representando tan só un 8% do total de galegos que se achegaron ao areal.



En relación aos visitantes internacionais, salientan os visitantes procedentes de Portugal.[41]





Fig.154. Gráficos representativos dos visitantes segundo a súa procedencia. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

[41] A presenza de 80 visitantes internacionais dos que se descoñece a orixe exacta é froito da chegada dun autobús de estudantes pertencentes a un programa de intercambio. Sábese que na súa meirande parte eran europeos, pero non foi posible pescudar as nacionalidades concretas.

Da análise do medio de transporte, despréndese que o vehículo propio é o transporte empregado polo 70% dos visitantes (cómpre facer referencia entre estes á presenza de 8 autocaravanas). O autobús, asociado a excursións organizadas, é o medio de transporte escollido polo 27% dos visitantes.



A continuación recóllese unha táboa co número de visitantes chegados en cada franxa horaria.

Hora	Visitantes
09:00 – 10:00	**80**
10:00 - 11:00	**317***
11:00 - 12:00	**158***
12:00 – 13:00	**147***
13:00 – 14:00	**186**
14:00 – 15:00	**76**
15:00 – 16:00	**193***
16:00 – 17:00	**268***
17:00 – 18:00	**108**
18:00 – 19:00	**54**
19:00 – 20:00	**20**

* Baixa mar (14:21h)

* Chegada de excursión

En base aos datos anteriores, estímase que un 37% dos visitantes chegaron á Praia durante a marea baixa.




Fig.155. Gráficos representativos das formas de transporte empregadas para chegar á praia das Catedrais, así como horarios de chegada. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

PERFIL DO VISITANTE XORNADA 2

Procedencia: Nacional (90%)

Medio de transporte: Vehículo propio (70%)

Hora de chegada: Fóra do horario de marea baixa (63%)





Fig.156. Imaxes dos accesos e visitantes á praia das Catedrais na xornada 2. Fonte: Imaxe de Crecente Asociados.

VISITA DE CAMPO: 3

Data: 8 Abril 2016, Sábado

Horario: 09:00 h a 20:00 h

Hora da baixamar: 12:38 h

Coeficiente de mareas: 106 (Moi alto)

Condicións atmosféricas:

Tª máx. 13 ºC

Tª min. 0ºC

Vento: 18 km/h

Estado do ceo: Nubrado con precipitacións febles nas primeiras horas da tarde.


Metodoloxía: Reconto manual do número de visitantes que estiveron no ámbito de protección da Praia das Catedrais. Observación do seu comportamento para coñecer o seu modo de chegada (a pé, bicicleta, bus ou vehículo propio). Realización dunha enquisa in situ.

Visitantes Contabilizados	1.005



Fig.157. Imaxe do acceso e praia das Catedrais, na visita de campo 3. Fonte: Imaxe Crecente Asociados

En relación á procedencia dos visitantes, obsérvase que un 89% das persoas que se achegaron á Praia das Catedrais nesta xornada eran de procedencia nacional.



Galicia é, ao igual que acontecía nas dúas xornadas de estudo anteriores, a comunidade autónoma de procedencia da maioría dos visitantes nacionais, representando o 32 % do fluxo total de visitantes españois. Posteriormente encóntrase Asturias, que aglutina un 24% do total de visitantes nacionais.





Fig.158. Gráficos representativos dos visitantes segundo a súa procedencia. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

Analizando a presenza de residentes en Ribadeo entre os visitantes galegos, conclúese que na xornada de estudo, a poboación local supuxo un 9 % do total de galegos.




Tras a análise, podemos agrupar os visitantes internacionais en función do seu país de procedencia, sendo Reino Unido e Estados Unidos os principais emisores.

Irlanda 1
India 2
Bélxica 2
Arxentina 2
Portugal 3
Países Baixos 3
México 5
Alemaña 6
Rusia 10
Francia 11
Non dispoñible 15
Estados Unidos 15
Reino Unido 35

Fig.159. Gráficos representativos dos visitantes segundo a súa procedencia. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

Da análise do medio de transporte empregado despréndese que máis dun 60% dos visitantes opta por acudir á Praia en vehículo propio, salientando a presenza de 10 autocaravanas dentro deste grupo.



A continuación móstrase unha táboa que sintetiza o número de visitantes chegados en cada franxa horaria.

Intervalo de horas	Nº de visitantes
09:00 – 10:00	21
10:00 – 11:00	45
11:00 – 12:00	179
12:00 – 13:00	158
13:00 – 14:00	151
14:00 – 15:00	82
15:00 – 16:00	200
16:00 – 17:00	86
17:00 – 18:00	29
18:00 – 19:00	34
19:00 – 20:00	20

* Chegada de excursión
* Baixa mar.

Da táboa anterior, despréndese que un 57% dos visitantes chegaron ao areal durante a marea baixa.





Fig.160. Gráficos representativos das formas de transporte empregadas para chegar á praia das Catedrais, así como horarios de chegada. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

A fin de obter datos sobre o papel das Catedrais dentro da configuración das viaxes turísticas, preguntouse a unha mostra dos visitantes cal consideraban o destino principal do seu desprazamento, obténdose os seguintes resultados.



Á vista dos datos anteriores, a Praia das Catedrais é para o 40% dos visitantes o obxectivo da súa viaxe. A esta porcentaxe hai que engadir un 24% que ten como intención coñecer Ribadeo en xeral.

Asemade, tomáronse datos sobre en que punto tiñan parado antes de visitar a Praia. Sinálanse os resultados por provincias, agás no caso dos que sinalaron o municipio de Ribadeo.





Fig.161. Gráficos sobre destino da viaxe e parada anterior á Praia das Catedrais. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

Do mesmo xeito, obtívose información sobre a seguinte parada planificada no itinerario.



Á vista dos datos anteriores, o itinerario seguido parece ser o que conecta as provincias da costa cantábrica, sexa en dirección este-oeste ou á inversa.

Por último preguntouse a unha mostra dos visitantes, se era a primeira vez que visitaban As Catedrais, obténdose que para un 83% dos enquisados si era a súa primeira visita.




Fig.162. Gráficos sobre parada seguinte á Praia das Catedrais e repetición da visita. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

PERFIL DO VISITANTE XORNADA 3

Procedencia: Nacional (89%)

Medio de transporte: Vehículo propio (60%)

Hora de chegada: Durante marea baixa (57%)

Destino principal da viaxe: Praia das Catedrais (40%)

Visitas previas ao areal: Primeira visita (83%)





Fig.163. Imaxes dos accesos e visitantes á praia das Catedrais na xornada 3. Fonte: Imaxe de Crecente Asociados.

VISITA DE CAMPO: 4

Data: 25 Maio 2016, Sábado

Horario: 09:00 h a 20:00 h

Hora da baixamar: 13:21 h

Coeficiente de mareas: 70 (Alto)

Condicións atmosféricas:

Tª máx. 23 ºC

Tª min. 16ºC

Vento: 10 km/h

Estado do ceo: Nubrado con precipitacións intermitentes ó longo de toda a xornada repercutindo con intensidade nas últimas horas da tarde.


Metodoloxía: Reconto manual do número de visitantes que estiveron no ámbito de protección da Praia das Catedrais. Observación do seu comportamento para coñecer o seu modo de chegada (a pé, bicicleta, bus, taxi ou vehículo propio). Realización dunha enquisa in situ.

Visitantes Contabilizados	667



Fig.164. *Imaxe do acceso e praia das Catedrais, na visita de campo 4. Fonte: Imaxe Crecente Asociados*

En relación á procedencia dos visitantes, continúa a predominar o de procedencia nacional (68%) se ben se observa un aumento na afluencia de público internacional con respecto ás xornadas precedentes.



A continuación, a seguinte gráfica amosa o número de visitante procedentes de cada comunidade. En relación ás anteriores xornadas de reconto, obsérvase unha menor proporción de visitantes galegos e asturianos, a miúdo excursionistas, mentres que aumenta a proporción de turistas procedentes de comunidades máis afastadas, como Andalucía (22% do total dos visitantes nacionais).





Fig.165. Gráficos representativos dos visitantes segundo a súa procedencia. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

No seguinte análise compróbase a tendencia á baixa dos visitantes locais a medida que comezan os períodos vacacionais.



Tras a análise, podemos agrupar os visitantes internacionais en función do seu país de procedencia, sendo Países Baixos e Reino Unido os principais emisores.





Fig.166. Gráficos representativos dos visitantes segundo a súa procedencia. Fonte: Elaboración propia. Crecente Asociados.

Trátase da primeira xornada na que a chegada de vehículos propios (51%) e a afluencia de transporte colectivo (48%) foi equitativa, acadando practicamente as mesmas cifras. Outra novidade é que foi primeira xornada na que ningún dos visitantes contabilizados se achegou a pé.



A continuación móstrase unha gráfica comparativa en función ao número de visitantes en cada franxa horaria. Como se pode observar, un 42% dos visitantes chegaron ao areal durante marea baixa.

Intervalo de horas	Nº de visitantes
09:00 – 10:00	57
10:00 – 11:00	142**
11:00 – 12:00	26
12:00 – 13:00	32
13:00 – 14:00	118**
14:00 – 15:00	104*
15:00 – 16:00	43
16:00 – 17:00	77*
17:00 – 18:00	32
18:00 – 19:00	19
19:00 – 20:00	17

* Chegada de excursión

* Baixa mar.





